

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 4442** *Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista.*

#### I

A transposición en prazo de directivas comunitarias, especialmente as de mercado interior, constitúe na actualidade un dos obxectivos prioritarios establecidos polo Consello Europeo. A Comisión Europea somete informes periódicos ao Consello de Competitividade, aos cales se lles dá un alto valor político xa que serven para medir a eficacia e a credibilidade dos Estados membros na posta en práctica do mercado interior.

O cumprimento deste obxectivo resulta hoxe aínda máis prioritario tendo en conta o novo escenario deseñado polo Tratado de Lisboa polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, para os incumprimentos de transposición en prazo, para os cales a Comisión pode pedir ao Tribunal de Xustiza da Unión Europea a imposición de importantes sancións económicas de maneira acelerada (artigo 260.3 do Tratado de funcionamento da Unión Europea –TFUE–).

España vén cumprindo de maneira consistente cos obxectivos de transposición en prazo comprometidos, desde o inicio do seu establecemento. Porén, nestes momentos dáse un atraso na transposición dalgunhas directivas, que requiren unha norma con rango de lei para a súa incorporación ao ordenamento xurídico interno, por canto existe un risco de multa con base no establecido no artigo 260.3 do TFUE.

Ante a gravidade das consecuencias de seguir acumulando atraso na incorporación ao ordenamento xurídico español de tales directivas, resulta necesario acudir á aprobación dun real decreto lei para proceder á súa transposición, o que permitirá pechar os procedementos de infracción abertos e con isto evitar a imposición de sancións económicas a España.

En canto á utilización do real decreto lei como instrumento de transposición, cabe sinalar que o Tribunal Constitucional, na Sentenza 23/1993, do 21 de xaneiro, sinala que o decreto lei é un instrumento constitucionalmente lícito para afrontar conxunturas económicas problemáticas, e na súa Sentenza 1/2012, do 13 de xaneiro, avala a concorrencia do presuposto habilitante da extraordinaria e urxente necesidade do artigo 86.1 da Constitución cando concorran «o patente atraso na transposición» e a existencia de «procedementos de incumprimento contra o Reino de España».

Por outra parte, non é a primeira vez que se debe recorrer a este instrumento xurídico para eludir o risco certo e inminente da imposición de sancións económicas polo incumprimento do dereito da Unión Europea. Así, o ditado do Real decreto lei 8/2007, do 14 de setembro, polo que se modifican determinados artigos da Lei 23/1992, do 30 de xullo, de seguridade privada, xustificouse na «existencia dun presuposto habilitante, a que se refire a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, no que a necesidade de orixe da norma deba ser de tal natureza que non poida ser atendida pola vía do procedemento legislativo de urxencia, debido á exixencia da súa inmediatez». Este presuposto tamén concorre no caso actual.

#### II

Por un lado, este real decreto lei incorpora ao noso ordenamento aquelas previsións contidas na Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de

2009, que requiren unha modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, así como daqueloutras contidas na Directiva 2009/73/CE do Parlamento e do Consello, do 13 de xullo de 2009, que requiren unha modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Igualmente, incorpórase parcialmente a Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE.

A Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE, introduce novos preceptos para lograr unha separación efectiva das actividades de subministración e xeración das actividades de rede, e formula diferentes opcións para levar a cabo esta separación entre actividades.

Tamén reforza o papel das autoridades reguladoras nacionais e así prevé a creación dunha única autoridade reguladora a escala nacional, xurídica e funcionalmente independente de calquera outra entidade pública ou privada, así como fixa os obxectivos, obrigas e competencias das autoridades reguladoras.

Por outro lado, refórzanse as obrigas de servizo público. Neste sentido cabe salienta a regulación do acceso dos consumidores aos seus datos de consumo, aos prezos asociados e aos custos do servizo, así como á información relativa ás vías de solución de conflitos. Dispónse, así mesmo, que os Estados membros deben definir o concepto de cliente vulnerable e establecer medidas para garantir a súa subministración de enerxía eléctrica. Tamén se fai referencia á pobreza enerxética.

A Directiva 2009/73/CE introduce o concepto de separación patrimonial, entendendo por tal unha situación en que o propietario da rede é designado xestor da rede e é independente de calquera empresa con intereses na produción e a subministración, ao mesmo tempo que persegue unha maior harmonización das competencias e o fortalecemento da independencia dos reguladores nacionais de enerxía, como medio para procurar un nivel igualmente efectivo de supervisión reguladora en cada Estado membro.

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e as súas disposicións normativas de desenvolvemento estableceron o réxime xurídico das actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica de acordo coas previsións contidas na Directiva 96/92/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de decembro, sobre normas comúns para o mercado interior de electricidade.

Posteriormente, a Lei 17/2007, do 4 de xullo, modificou a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade.

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, estableceu as bases de funcionamento do mercado de gas natural, avanzando na liberalización como medio para a consecución dunha maior eficiencia e calidade do servizo, do incremento da competitividade e da garantía da seguridade de subministración e da sustentabilidade, de acordo coas previsións contidas na Directiva 98/30/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, relativa a normas comúns para o mercado interior do gas natural.

Posteriormente, a Lei 12/2007, do 2 de xullo, modificou a Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, co fin de adaptala ao disposto na Directiva 2003/55/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural e pola que se derroga a Directiva 98/30/CE.

### III

En relación co sector eléctrico, o presente real decreto lei dá cumprimento á obriga contida na Directiva 2009/72/CE consistente en que cada Estado membro designe formalmente unha única autoridade reguladora a escala nacional. Así mesmo, recóllense de forma detallada as competencias e funcións desta autoridade reguladora, reforzando

as xa existentes. En especial, afóndase nos obxectivos e funcións que contribúan a garantir a efectividade e aplicación das medidas de protección dos consumidores, en coordinación con outras administracións.

Para garantir a independencia entre as actividades de rede e as actividades de xeración e subministración, téñense en conta os requisitos establecidos na Directiva 2009/72/CE en canto ás limitacións na participación en empresas e toma de control destas, e recóllese a designación dos xestores de redes de transporte, facultando a autoridade reguladora para certificar con carácter previo estes xestores de acordo co procedemento que se estableza regulamentariamente.

Por outro lado, introdúcese a referencia ao consumidor vulnerable, que é aquel que cumpra as características sociais, de consumo e poder adquisitivo que se determinen, e establécese a adopción das medidas oportunas para garantir unha protección adecuada a estes consumidores. Transitoriamente, ata a definición dos consumidores vulnerables, consideraranse como tales aqueles que se encontren dentro do ámbito de aplicación do artigo 2 e da disposición transitoria segunda do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, é dicir, os consumidores que teñen dereito a acollerse ao bono social.

Outra medida en relación coa protección ao consumidor é o establecemento, por parte das administracións competentes, de puntos de contacto únicos en coordinación coa Comisión Nacional de Enerxía para ofrecer aos consumidores toda a información necesaria relativa aos seus dereitos, á lexislación en vigor e aos procedementos de solución de conflitos de que dispoñen en caso de litixio.

Por outra parte, habilitase a Administración xeral do Estado para a posta en marcha de mecanismos de cooperación internacional para o cumprimento dos compromisos derivados da Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE, que ten como finalidade establecer un marco común europeo para o fomento da enerxía procedente de fontes renovables co fin de limitar as emisións de gases de efecto invernadoiro, así como para promover a eficiencia enerxética e reducir a contaminación debida ao transporte.

#### IV

En relación co sector de hidrocarburos, as modificacións introducidas inclúen a definición do xestor de rede de transporte como o titular de instalacións da rede troncal. Ao xestor de rede de transporte exíxelle a separación efectiva das actividades de transporte, por un lado, e das actividades de subministración e produción, por outro. Para tal fin propónse, con carácter xeral, un modelo de separación patrimonial, de forma que ningunha persoa pode exercer o control sobre unha empresa de subministración e produción e, ao mesmo tempo, ter intereses ou exercer dereitos nun sistema de transporte, evitando así que empresas verticalmente integradas poidan favorecer as do seu propio grupo empresarial e discriminar as súas competidoras. Non obstante o anterior, para aquelas empresas titulares de instalacións da rede troncal que xa eran titulares destas instalacións antes do 3 de setembro de 2009 e que, ademais, non cumpran cos requisitos propios de separación patrimonial, prevese a posibilidade de ceder a súa xestión a un xestor de rede independente que dea cumprimento aos requisitos establecidos.

Así mesmo, establécese o procedemento de certificación de separación de actividades para os xestores de redes de transporte e os xestores de rede independente establecidos na citada Directiva 2009/73/CE. Esta certificación será realizada pola Comisión Nacional de Enerxía.

No que atinxe ao organismo regulador, a Comisión Nacional de Enerxía, ampliáanse as súas funcións e establécese que será a encargada de aprobar as metodoloxías para o cálculo das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso. Outórgaselle potestade sancionadora así como capacidade para dirixir decisións xuridicamente vinculantes ás empresas, todo isto no ámbito das competencias que o dito organismo ten atribuídas.

Igualmente, afóndase nos obxectivos e funcións que contribúan a garantir a efectividade e aplicación das medidas de protección aos consumidores, en coordinación con outras administracións.

Así mesmo, inclúense no ámbito de aplicación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, o biogás, o gas obtido da biomasa e outros tipos de gas, sempre que sexa tecnicamente posible a súa inxección na rede de gas natural. Introdúcense tamén modificacións relativas ao réxime de separación patrimonial no transporte, incluíndo a definición, obrigas e condicións que deben cumprir os transportistas da rede troncal e os xestores de rede independente para ser certificados pola Comisión Nacional de Enerxía. Establécense as características de acceso aos almacenamentos non básicos e o procedemento de concesión da exención de acceso a terceiros a novas infraestruturas ou ampliacións das existentes. En liña co disposto na Directiva 2009/73/CE, recóllense novas obrigas aos comercializadores para asegurar a protección dos consumidores domésticos. Establécese o novo sistema de determinación das peaxes e canons das actividades de transporte, regasificación e almacenamento pertencentes á rede básica, e a Comisión Nacional de Enerxía é a responsable de fixar a súa metodoloxía. Finalmente, actualízase o réxime sancionador para adecualo á atribución de competencias para o efecto á Comisión Nacional de Enerxía, tal e como establece a Directiva 2009/73/CE.

## V

Por outro lado, mediante este real decreto lei efectúase a incorporación ao ordenamento xurídico español do novo marco regulador europeo en materia de comunicacións electrónicas, marco que está composto pola Directiva 2009/136/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009 (dereitos dos cidadáns), e a Directiva 2009/140/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009 (mellor regulación).

A transposición destas directivas efectúase mediante a modificación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, así como unha modificación puntual da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico.

As modificacións introducidas na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, perseguen crear un marco adecuado para a realización de investimentos no despregamento de redes de nova xeración, que permita ofrecer servizos innovadores e tecnoloxicamente máis adecuados ás necesidades dos cidadáns. Para isto, entre os obxectivos e principios da lei, introdúcese o fomento da conectividade e a interoperabilidade extremo a extremo de redes e servizos de comunicacións electrónicas e a promoción da capacidade dos usuarios para acceder e distribuír información a través de calquera aplicación ou servizo. Todo isto, sen esquecer as especiais necesidades de grupos sociais específicos, como os maiores e as persoas con discapacidade ou en situación de dependencia.

No referente ás obrigas que poidan impoñerse a operadores con poder significativo de mercado, introdúcese a posibilidade de obrigar a realizar unha separación funcional entre activos de rede e subministración por xunto de produtos de acceso, como remedio extraordinario para supostos de fallo persistente da competencia. Non obstante, ao se tratar dunha medida de extraordinaria transcendencia, que pode ter fortes repercusións a longo prazo en distintos ámbitos, establécense numerosas cautelas que garanten que a dita medida só será adoptada en casos xustificados e tras unha minuciosa avaliación de impacto.

Así mesmo, por este real decreto lei introdúcense importantes novidades en relación cos dereitos dos operadores, reforzando o seu dereito á ocupación da propiedade pública e privada, que a norma exige que se garanta de modo efectivo. En todo caso, os límites a este dereito que se poidan chegar a impor deberán estar baseados en causas obxectivas e ser proporcionados e non discriminatorios. Co mesmo obxectivo de facilitar o despregamento de redes, establécese un prazo concreto para a resolución das solicitudes de ocupación, que non poderá exceder os seis meses, salvo en caso de expropiación.

En materia de protección de datos, apóstase de maneira decidida por alcanzar maiores niveis de seguridade, extremando as cautelas no que se refire ao tratamento e á protección de datos por parte dos operadores.

En liña coa importancia que dan as directivas 2009/136/CE e 2009/140/CE ao reforzo da integridade e seguridade das redes públicas de comunicacións electrónicas, obríganse os operadores a xestionaren de maneira adecuada os riscos de seguridade que poidan afectar as súas redes, e atribúese ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a supervisión das obrigas de información, notificación de incidentes e auditoría, entre outras, que nesta materia se poidan impor.

A reforma reforza, así mesmo, os dereitos dos usuarios dos servizos de comunicacións electrónicas, regulando, entre outros, o seu dereito ao cambio de operador con conservación do número, no prazo dun día laborable, e mellorando a información que se lles debe subministrar; prestarase especial atención ás necesidades dos usuarios con discapacidade.

No que se refire á xestión do dominio público radioeléctrico, xeneralízase a aplicación dos principios de neutralidade tecnolóxica e dos servizos e afóndase na regulación do mercado secundario de espectro. Con isto preténdese maximizar o rendemento dos recursos espectrais asignados aos operadores, o que redundará en beneficio da innovación tecnolóxica e nunha maior oferta de mellores servizos.

Adicionalmente, refórzanse as facultades de verificación do uso efectivo e eficiente do dominio público radioeléctrico, tendo en conta a relevancia que, como valor escaso e de importancia crecente, adquire a garantía dun bo uso deste recurso.

Por último, modifícanse varios artigos da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e do comercio electrónico, co fin de adecuar o seu réxime á nova redacción dada pola Directiva 2009/136/CE á Directiva 2002/58/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de xullo de 2002, relativa ao tratamento dos datos persoais e á protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas. Débese destacar a nova redacción que se dá ao seu artigo 22.2 para exixir o consentimento do usuario sobre os arquivos ou programas informáticos (como as chamadas «cookies») que almacenan información no equipamento de usuario e permiten que se acceda a esta, dispositivos que poden facilitar a navegación pola rede pero que co seu uso se poden desvelar aspectos da esfera privada dos usuarios, polo que é importante que os usuarios estean adecuadamente informados e dispoñan de mecanismos que lles permitan preservar a súa privacidade.

## VI

Finalmente, no que respecta á incorporación das directivas, a parte final do real decreto lei inclúe tres disposicións adicionais que se refiren á atención aos consumidores vulnerables de enerxía eléctrica, ás obrigas dos comercializadores en relación co servizo de atención ás reclamacións e á validez e eficacia das habilitacións existentes outorgadas ao abeiro da Lei xeral de telecomunicacións, respectivamente.

Seguen tres disposicións transitorias relativas, respectivamente, ás instalacións pertencentes á rede troncal de gasodutos, ao establecemento de peaxes de acceso ás redes de enerxía eléctrica e ao sistema gasista e ás restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos nos títulos habilitantes para o uso do espectro radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.

## VII

Ademais das anteriores medidas, este real decreto lei tamén aborda, con carácter de urxencia, unha batería de medidas co obxectivo último de suprimir os desaxustes entre ingresos e custos dos sistemas eléctrico e gasista.

As medidas teñen por obxecto a redución dos desaxustes temporais para o ano 2012 tanto para o sector eléctrico como para o gas natural, de maneira que o desaxuste remanente poida ser absorbido mediante o incremento das peaxes de acceso para alcanzar,

de maneira inmediata, o principio de suficiencia recollido na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e no artigo 26 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural.

Este real decreto lei configúrase como un primeiro paso para alcanzar a suficiencia dos ingresos para cubrir os custos dos sistemas eléctrico e gasista, aínda que resulta necesario acometer unha reforma máis profunda de ambos os sectores que permita dotalos de mecanismos adecuados para afrontar con garantías os retos que presenta o escenario enerxético actual para o noso país: elevados custos do sistema, forte dependencia exterior, acceso incerto aos recursos, gran volatilidade nos prezos da enerxía e elevados impactos ambientais do ciclo enerxético. Esa reacción, en liña coa política enerxética europea, débese articular arredor de tres eixes básicos: garantía de subministración, competitividade económica e respecto ao ambiente, ademais da protección ao consumidor.

En definitiva, a reforma dos sectores eléctrico e gasista terá, como primeiro obxectivo, a suficiencia tarifaria e o equilibrio económico a longo prazo, e, en segundo lugar, a adaptación destes ao novo escenario económico, racionalizando os custos e introducindo mecanismos de eficiencia que permitan mellorar a competitividade da actividade industrial, co cal se contribúe ao restablecemento da senda de crecemento da nosa economía.

Posteriormente será necesario o desenvolvemento de medidas adicionais para posibilitar unha situación de equilibrio e sustentabilidade a longo prazo.

Por todo o expresado anteriormente, a adopción do conxunto de medidas que a continuación se describen reúnen as características de extraordinaria e urxente necesidade exixidas polo artigo 86 da Constitución. Extraordinaria e urxente necesidade derivadas das razóns xa mencionadas de protección aos consumidores e garantía da sustentabilidade económica do sistema eléctrico, e cuxa vixencia inmediata é imprescindible para que a modificación normativa poida ter a eficacia que se pretende.

## VIII

O proceso liberalizador do sector eléctrico iniciado coa entrada en vigor da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, modificou a estrutura de actividades do sector a través da coexistencia neste dunha serie de actividades que se desenvolven en réxime de monopolio natural, como son as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, con outras totalmente liberalizadas: a xeración e comercialización de enerxía eléctrica.

Un fito importante no proceso de liberalización foi o 1 xullo de 2009, data en que a actividade de subministración a tarifa deixou de formar parte da actividade de distribución e a subministración pasou a ser exercida, na súa totalidade, polos comercializadores, en libre competencia.

Con anterioridade á dita data, os ingresos do sistema procedían tanto das peaxes de acceso como das tarifas ás cales as empresas distribuidoras subministraban enerxía eléctrica aos consumidores e que se fixaban con base nos custos do sistema eléctrico, incluíndo o custo da enerxía. Actualmente son as peaxes de acceso a principal fonte de ingresos do sistema eléctrico, ademais doutros prezos regulados, que serven para financiar as actividades reguladas xunto co resto de custos do sistema.

Para garantir a sustentabilidade económica do sistema, o Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, modificou a disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, introducindo o principio de suficiencia de ingresos e de aditividade das tarifas de último recurso, isto é, que os ingresos do sistema deben ser suficientes para garantir a cobertura dos seus custos e que a repartición dos custos debe xerar sinais económicos de eficiencia. Así, a aplicación de cada peaxe de acceso polo seu nivel e tensión de consumo, xunto co sinal de prezo da enerxía no mercado, debería levar ao consumidor a adoptar as súas decisións de consumo e investimento de maneira eficiente.

Non obstante, nos últimos anos a evolución expansiva das diferentes partidas de custos do sistema, unida a unhas peaxes de acceso que se revelaron como insuficientes para cubrir a totalidade dos custos do sistema, provocou a aparición dos déficits anuais, ademais de pór en cuestión os obxectivos de creación de sinais de prezo para a toma de decisións por parte dos consumidores.

Estes déficits anuais provocados polo desequilibrio entre os ingresos do sistema, recadados fundamentalmente en concepto de peaxes de acceso, e os custos reais están levando o sistema a unha situación de risco inasumible, tanto para as empresas eléctricas como para os consumidores, con consecuencias graves para a seguridade do sistema se non se acometen as reformas necesarias para a súa completa resolución.

O problema, ademais, é dunha dobre natureza: por un lado, a contía dos déficits acumulados desde o ano 2000 e, polo outro, os déficits anuais que se seguen xerando e cuxa supresión se presenta cada vez máis complexa, á vista do escenario actual de caída da demanda, crecemento do réxime especial e custos do sistema.

O Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, estableceu unha senda decrecente de límites para delimitar o incremento anual do déficit da tarifa eléctrica ata a súa supresión en 2013, mediante a modificación da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Así se establecía que, a partir do 1 de xaneiro de 2013, as peaxes de acceso serían suficientes para satisfacer a totalidade dos custos das actividades reguladas.

Ao mesmo tempo a norma creaba un mecanismo de financiamento do déficit acumulado, mediante a cesión dos dereitos de cobramento ao denominado Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico e a súa colocación a terceiros a través dun mecanismo competitivo.

Non obstante, desde a aprobación deste real decreto lei sucedéronse unha serie de circunstancias que provocaron que os límites anuais máximos de déficit ex ante establecidos resultasen insuficientes. Así, factores como a caída significativa da demanda, o incremento na produción eléctrica a partir de fontes renovables primadas e a redución dos prezos de mercado pola delicada situación económica internacional provocaron incrementos dos desaxustes temporais de difícil absorción, dado que estes, deberían terse cuberto mediante un incremento das peaxes de acceso, o que afectaría no curto prazo a complexa situación económica das familias e as empresas.

Por este motivo, tanto no Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego, como no Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, foron adoptadas novas medidas de urxencia para a solución do problema. Así, no citado Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, eleváronse os límites máximos de déficit que se estableceron no Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, para os anos 2010, 2011 e 2012, e mantívose o obxectivo de eliminación da aparición de novo déficit no sistema eléctrico a partir de 2013. Ademais, procedeuse á adopción doutras medidas puntuais de protección ao consumidor e de redución de determinadas partidas dos custos e dos ingresos do sistema.

Entre as medidas de redución de custos imputables ás peaxes de acceso establecíase que as empresas produtoras do réxime ordinario financiarán o Plan de acción 2008-2012 aprobado polo Acordo de Consello de Ministros do 8 de xullo de 2005, polo que se concretan as medidas do documento de estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España 2004-2012. Así mesmo, limitábanse as horas equivalentes primadas de funcionamento das instalacións fotovoltaicas para corrixir os desvíos nas previsións de xeración desta tecnoloxía, motivados, fundamentalmente, pola sobreinstalación, á marxe do control administrativo que dá dereito ao réxime económico e incrementábase, na Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, a contía establecida para o outorgamento do aval do Estado para facer fronte aos déficits previstos para os anos 2010 e 2011, ata un máximo de 22.000 millóns de euros.

Polo lado dos ingresos, estableceuse a obriga dos produtores de enerxía de facer fronte a unha peaxe de xeración, dada a incidencia desta actividade no desenvolvemento das redes de transporte e distribución.

A adopción sucesiva de medidas como as establecidas nos reais decretos lei anteriores tivo un efecto parcial sobre a resolución do problema, atrasando a súa solución definitiva e trasladando as consecuencias do déficit do sistema eléctrico aos consumidores futuros, que deberán facer fronte aos desaxustes económicos do pasado.

O déficit tarifario pasou de ser unha consecuencia temporal dos desaxustes transitorios entre ingresos e custos do sistema a converterse nun problema estrutural cuxa resolución devén imprescindible no momento actual polo risco que comporta para a sustentabilidade económica do sistema e para a seguridade de subministración.

Aínda que a economía española atravesara un dos peores momentos da súa historia moderna, e as medidas que se adoptan neste real decreto lei repercuten de forma notable sobre todos os axentes e suxeitos do sistema, a resolución do problema non se pode demorar máis. O Goberno ten a clara determinación de adoptar as medidas necesarias para suprimir dunha forma definitiva os desaxustes entre ingresos e custos do sistema eléctrico e devolverlle a situación de equilibrio e suficiencia que sempre debería ter primado na ordenación dun sector como o eléctrico, tan complexo e importante para a economía do país. Só coa contribución e esforzo de todas as partes implicadas, consumidores, empresas que desenvolven a súa actividade no sector eléctrico e administracións públicas será posible a conclusión deste obxectivo.

A enerxía eléctrica constitúe un ben básico para o funcionamento da nosa sociedade e, en particular, para o desenvolvemento da actividade económica. Non obstante, aínda que os prezos da enerxía negociada no mercado se sitúan no ámbito da media das economías europeas, o prezo que pagan os consumidores incorpora, ademais, as peaxes con que se financian os custos do sistema, alcanzando con eles niveis superiores aos dos países da nosa contorna.

Os incrementos dos custos do sistema acaecidos nos últimos anos non se poden trasladar integramente ao consumidor, polo que cómpre proceder a unha revisión do modelo que permita reducir as ineficiencias existentes reducindo os niveis de custos soportados.

As sucesivas ordes de peaxes eléctricas ditadas durante os últimos anos procederon a un recoñecemento dos incrementos de custos e, en lugar de adoptarse medidas de contención, pospoñíase a resolución do problema e adoptábanse incrementos de peaxes que se revelaron logo insuficientes. Estas ordes foron obxecto de controversia por parte das empresas eléctricas, que sistematicamente recorreron contra as normas alegando a vulneración do principio de suficiencia tarifaria previsto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Neste escenario, resulta urxente a adopción dunha serie de medidas durante este ano 2012, de maneira que se racionalicen as diferentes partidas de custos do sistema eléctrico e as peaxes de acceso sexan suficientes para satisfacer os custos das actividades reguladas, tendo en conta o límite de déficit ex-ante previsto para este ano na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

Neste real decreto lei adóptanse, por tanto, de maneira excepcional, un conxunto de medidas que permiten, para este ano 2012, respectar o límite de déficit establecido, alcanzando o 1 de xaneiro de 2013 a suficiencia tarifaria.

Non obstante, ademais da adopción das medidas recollidas na presente norma, resultará necesario proceder a unha revisión das peaxes de acceso de maneira que se obteñan os ingresos suficientes para completar o impacto nos custos do sistema deste real decreto lei e conseguir así eliminar os desaxustes existentes en 2012 co fin de dar cumprimento ás resolucións xudiciais do Tribunal Supremo. Desta maneira, repártese o esforzo que hai que realizar entre os distintos axentes e suxeitos do sistema eléctrico.

A principal alternativa á presente norma sería non proceder á súa aprobación e, no seu lugar, realizar unha revisión á alza das peaxes de acceso ás redes en contía necesaria



para cubrir en 2012 todos os desaxustes que existen neste exercicio, incluíndo aqueles que se cobren coas medidas establecidas no presente real decreto lei. Neste caso, serían unicamente os consumidores os que contribuirían a eliminar os desequilibrios.

Non obstante, esta opción tería un gravísimo impacto sobre o consumidor final, tanto doméstico como pemes ou industrias, que verían afectada a súa competitividade de maneira inmediata, con consecuencias de especial relevancia nun contexto xeneralizado de crise como o actual.

#### IX

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, estableceu as bases de funcionamento do mercado de gas natural, avanzando na liberalización como medio para a consecución dunha maior eficiencia e calidade do servizo así como o incremento da competitividade, da garantía da seguridade de subministración e da sustentabilidade.

O modelo de desenvolvemento do sistema gasista baseouse nunha planificación enerxética onde se establecen unha serie de infraestruturas que necesariamente se deben acometer. A Lei 34/1998, do 7 de outubro, na súa redacción dada pola Lei 12/2007, do 2 de xullo, establece que a planificación gasista terá carácter indicativo, salvo no que se refire aos gasodutos da rede básica de transporte, á rede de transporte secundario, á determinación da capacidade de regasificación total de gas natural licuado necesaria para abastecer o sistema e ás instalacións de almacenamento básico de gas natural.

O fin pretendido pola lexislación era conseguir que se liberalizase o sector do gas natural na súa actividade de aprovisionamento e comercialización e, en cambio, que as actividades de transporte e distribución sigan reguladas e, no caso do transporte, sometidas a unha planificación vinculante.

Este modelo revelouose eficiente nas fases de crecemento do mercado; non obstante, móstrase ineficiente para resolver os problemas xurdidos nas fases de decrecemento ou estabilización da demanda. O principal inconveniente estriba na pouca flexibilidade para autocorrixirse ante os cambios de escenario como o que se leva vivindo desde o ano 2008.

Ata o ano 2005, a demanda convencional en España presentou un crecemento exponencial, característica habitual do período de introdución dun novo produto no mercado. Non obstante, durante os últimos anos experimentouse unha importante redución do consumo de gas natural. En concreto, esta redución da demanda focalizouse no gas natural destinado á xeración de electricidade como consecuencia da penetración das enerxías renovables no mix eléctrico. Os niveis de consumo previstos para 2012 son similares aos do ano 2005 e estímase que se pode tardar varios anos en alcanzar a cifra de demanda de 2008.

No sector gasista, aínda que non existe un problema de déficit da magnitude do eléctrico, o desaxuste entre custos e ingresos superou o 10 por cento dos ingresos regulados no ano 2011 e, en caso de non adoptar as medidas necesarias, de forma inmediata, o dito desaxuste verase incrementado como consecuencia da contracción da demanda e da construción e incorporación ao sistema retributivo dun número importante de infraestruturas previstas na planificación.

#### X

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, establece que a distribución de enerxía eléctrica ten carácter de actividade regulada, cuxo réxime económico será obxecto de desenvolvemento regulamentario por parte do Goberno.

Tras a promulgación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o desenvolvemento da normativa referida á actividade de distribución estableceuse no Real decreto 2819/1998, do 23 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, e con posterioridade no Real decreto 222/2008, do 15 de febreiro, polo que se establece o réxime retributivo da actividade de distribución de enerxía eléctrica.

Aínda que este último real decreto establecía unha nova metodoloxía retributiva que se apoiaba na contabilidade regulatoria e nun modelo de rede de referencia, o nivel retributivo que se tomou ao inicio do período regulatorio non respondía á aplicación da formulación recollida nel, senón que para as empresas con máis de 100.000 clientes conectados ás súas redes, así como Fevasa e Solanar, se tomaron en conta, de acordo coa disposición adicional primeira do dito real decreto, as contías que procedían da anterior metodoloxía. Ao longo do período regulatorio 2009-2012 non se tivo en conta que os activos contidos nesa valoración se foron amortizando, polo que na actualidade o sistema está retribuíndo, en concepto de retribución por amortización, algúns activos xa amortizados e, en concepto de retribución financeira, pola totalidade do activo bruto e non polo activo neto cuxo custo é o que está pendente de recuperación.

No informe da Comisión Nacional de Enerxía sobre o sector enerxético español, do 9 de marzo de 2012, recóllense, para as empresas distribuidoras con máis de 100.000 clientes conectados ás súas redes e Fevasa e Solanar, as contías que se encontraban incluídas na retribución destas empresas correspondentes a activos amortizados desde o ano 2008. Posto que a retribución da actividade de distribución ten para o ano 2012 carácter provisional de acordo co artigo 2 da Orde IET/3586/2011, do 30 de decembro, pola que se establecen as peaxes de acceso, a partir do 1 de xaneiro de 2012 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial, considérase adecuado minorar a retribución nesa cantidade.

No caso de empresas con menos de 100.000 clientes conectados ás súas redes, a retribución estableceuse basicamente tomando a maior das cantidades que resultaba de comparar o valor resultante da diferenza entre a enerxía comprada á tarifa de venda a distribuidores e a enerxía vendida ás tarifas que no seu momento eran de aplicación e o valor resultante da análise das instalacións que declaraban. Temos, por tanto, unhas empresas distribuidoras de enerxía eléctrica ás cales se lles está retribuíndo en función da marxe que xera a actividade da subministración, que actualmente xa non exercen as empresas distribuidoras. En canto ás empresas retribuídas en función da análise das instalacións, temos que nas actualizacións que se viñeron realizando ao longo do período regulatorio non se descontou o valor daqueles activos que se amortizasen ou fosen transmitidos ou pechados ao longo do dito período. En ambos os casos, tanto se a súa retribución está calculada polo método da marxe ou vía valoración de activos, encontrámonos con que non se tivo en conta na retribución a presenza de activos xa amortizados polo que procede a minoración da retribución nunha porcentaxe similar á das empresas con máis de 100.000 clientes conectados ás súas redes, xa que esta retribución ten, de acordo coa Orde IET/3586/2011, do 30 de decembro, carácter provisional.

Por outra parte, e co fin de dispor da información auditada no momento de realizar a avaliación da retribución correspondente a novos activos postos en servizo, establécese que, con efectos na retribución que se percibirá desde o 1 de xaneiro do ano 2012, a devindicación da retribución xerada por instalacións de distribución postas en servizo o ano  $n$  iniciarase desde o 1 de xaneiro do ano  $n+2$ .

Como consecuencia de todo o anterior procédese a revisar, con carácter excepcional e co alcance temporal indicado, a retribución da actividade de distribución, impulsando á par a reforma do procedemento polo que se determina a retribución da actividade de distribución co fin de vincular a retribución aos activos en servizo non amortizados, eliminando bolsas de retribución non xustificadas e ligando o incremento de retribución da actividade no ano  $n$  aos activos posto en servizo o ano  $n-2$ . Esta medida terá efectos na retribución que se percibirá en 2012 polo que a retribución correspondente a instalacións postas en servizo durante o ano 2011 será percibida desde o 1 de xaneiro de 2013.

Así mesmo, considérase oportuno realizar unha minoración da retribución percibida polas empresas distribuidoras de enerxía eléctrica en concepto de xestión comercial posto que a maior parte das funcións que se retribúen por este concepto actualmente son realizadas polas empresas comercializadoras.

De igual modo que na actividade de distribución e co fin de dispor da información auditada no momento de realizar a avaliación da retribución correspondente a novos activos postos en servizo, establécese que, con efectos na retribución que se percibirá desde o 1 de xaneiro do ano 2012, a devindicación da retribución xerada por instalacións de transporte postas en servizo o ano  $n$  se iniciará desde o 1 de xaneiro do ano  $n+2$ . Esta medida terá efectos na retribución que se percibirá en 2012, polo que a retribución correspondente a instalacións postas en servizo durante o ano 2011 será percibida desde o 1 de xaneiro de 2013.

Polo tanto, procédese tamén a revisar con carácter excepcional a retribución da actividade de transporte impulsando á par unha profunda reforma do procedemento polo que se determina a retribución desta actividade, co fin de vincular a retribución aos activos en servizo non amortizados, eliminando bolsas de retribución non xustificadas e ligando os incrementos de retribución no ano  $n+2$  aos activos postos en servizo o ano  $n$ .

O Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, adaptou os principios da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, ás peculiaridades dos sistemas extrapeninsulares e insulares co triplo obxectivo de garantir a subministración de enerxía eléctrica e a súa calidade para que se realice ao menor custo e coas menores singularidades posibles.

A retribución da actividade de xeración debe ser adecuada e suficiente para asegurar a continuidade das actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica que se desenvolvan nestes territorios, co obxectivo adicional de mellorar a súa eficiencia económica.

A Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, pola que se aproban o método de cálculo do custo de cada un dos combustibles utilizados e o procedemento de despacho e liquidación da enerxía nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, e a Orde ITC/914/2006, do 30 de marzo, pola que se establece o método de cálculo da retribución de garantía de potencia para as instalacións de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, establecen o modelo retributivo de custos fixos e variables das centrais de xeración nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares desenvolvendo o método establecido no citado Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro.

Tal e como se pon de manifesto no informe da Comisión Nacional de Enerxía sobre o sector enerxético español do 9 de marzo de 2012, a compensación extrapeninsular e insular aumentou significativamente desde o ano 2003. No citado informe propóñense unhas medidas que pasan pola revisión das ordes ITC/913/2006, do 30 de marzo, e ITC/914/2006, do 30 de marzo, citadas, cuxa instrumentación se propón expresamente de forma urxente.

A análise da dita evolución do extracusto das actividades de xeración nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares fai que sexa necesaria unha revisión, no curto e medio prazo, do modelo retributivo nestes sistemas.

Así mesmo, nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares produciuse nos últimos exercicios un desprazamento da produción térmica convencional a partir de fuel óleo a favor do gasóleo, que aínda que é menos contaminante resulta tamén considerablemente máis caro, ao verse alterado o despacho polo reforzamento das restricións ambientais autonómicas ou locais en materia de emisións. En consecuencia, tendo en conta a proposta da Comisión Nacional de Enerxía no seu informe sobre o sector enerxético español, do 9 de marzo de 2012, habilítase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para establecer limitacións ao sobrecusto que pode ser asumido con cargo ás peaxes de acceso derivado dos cambios de combustible que non se xustifiquen por razóns técnicas, nas centrais destes sistemas.

Por outro lado, tanto o Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, como as súas ordes de desenvolvemento, limitan a retribución por garantía de potencia a que a potencia total existente en cada un dos sistemas non supere os límites máximos de potencia necesaria establecidos. Isto leva a que as novas centrais, máis eficientes técnica e economicamente, non poidan percibir unha retribución por garantía de potencia a non ser

que se adopten medidas de carácter extraordinario. Mediante este real decreto lei establécese o mecanismo para fomentar a instalación de centrais máis eficientes que despracen potencia de centrais xa amortizadas.

A Comisión Nacional de Enerxía obtén o seu financiamento conforme o disposto na disposición adicional décimo segunda da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos. Tendo en conta o contexto en que se acometen as medidas contidas no presente real decreto lei, e a necesidade de que todos os axentes do sector contribúan á súa solución, introdúcense así mesmo na presente norma os mecanismos necesarios para axustar o financiamento da citada comisión. Así, diminúense as taxas correspondentes aos sectores eléctrico e gasista, sen que estas reducións afecten o normal funcionamento e exercicio por parte da Comisión Nacional de Enerxía das actividades necesarias para o desenvolvemento das funcións que ten encomendadas, de acordo co informe da citada Comisión Nacional de Enerxía sobre o sector enerxético español do 9 de marzo de 2012, mantendo a independencia económica do organismo.

Estes ingresos razoables e proporcionados para cada exercicio foron constituíndo un remanente que se veu consolidando como resultado de exercicios anteriores, e que figura na partida de fondos propios do balance publicado polo dito organismo. Por este motivo, considérase oportuno, adicionalmente, que as ditas cantidades sexan consideradas ingresos liquidables dos sistemas eléctrico e gasista.

Así mesmo, inclúense na presente norma as disposicións necesarias para ingresar no sistema, por parte do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, as cantidades que, tendo sido ingresadas con cargo á tarifa eléctrica, a resultas do Real decreto 1156/2005, do 30 de setembro e do Real decreto 1634/2006, do 29 de decembro para o financiamento do Plan de acción 2205-2007 da Estratexia de aforro e eficiencia enerxética (E4), así como da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, e da Orde ITC/3801/2008, do 26 de decembro, para o financiamento do Plan de acción 2008-2012, non fosen efectivamente aplicadas, en 30 de xuño do 2012, a actuacións vinculadas a eles.

Da mesma maneira, inclúense na presente norma as disposicións necesarias para proceder ao ingreso no sistema gasista, por parte do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía, das cantidades que, tendo sido ingresadas con cargo á tarifa de gas natural, a resultas das ordes ITC/3863/2007, do 28 de decembro; ITC/3802/2008, do 26 de decembro; ITC/3520/2009, do 28 de decembro, e ITC 3354/2010, do 28 de decembro para o financiamento do Plan de acción 2008-2012, non fosen efectivamente aplicadas, en 30 de xuño de 2012, a actuacións vinculadas a eles.

## XI

Outra medida adicional que contribúe á redución de custos do sistema eléctrico é a eliminación do financiamento do operador do sistema con cargo aos custos permanentes do sistema eléctrico que deben ser cubertos polas peaxes de acceso. Así, establécese que o operador do sistema se financiará conforme unha metodoloxía que será fixada polo Goberno en función dos servizos que efectivamente preste. Así mesmo, inclúese un período transitorio para a adaptación á nova situación ata que se realicen os desenvolvementos regulamentarios oportunos.

Aínda que a retribución do operador do sistema permanece actualmente regulada pola Administración, considerouse que, dado o incremento de axentes e funcións asumidas por este operador desde a entrada en vigor da reforma da Lei 54/1997, do 27 de novembro, recollida na Lei 17/2007, do 4 de xullo, e do mesmo xeito que no caso do operador do mercado, resulta adecuado o paso do seu financiamento actual a través das peaxes de acceso aos suxeitos aos cales presta os seus servizos. Este novo financiamento contribuirá a asegurar a seguridade da subministración ao mínimo custo.

O 26 de febreiro de 2011 púxose en marcha o mecanismo de resolución de restricións por garantía de subministración de acordo co previsto no Real decreto 134/2010, do 12 de febreiro, polo que se establece o procedemento de resolución de restricións por garantía de subministración e se modifica o Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica. Mediante

este procedemento, a través do mercado e dos pagamentos por capacidade, as centrais eléctricas que deben consumir ese carbón reciben unha retribución regulada que recoñece os custos en que se incorreu pola compra de carbón, así como polo resto de custos variables e fixos en que incorreu a central. Con este mecanismo, as centrais que non resultan casadas no mercado diario, son programadas polo operador do sistema no proceso de restricións por garantía de subministración.

O mecanismo está supondo un sobrecusto directo provisional para o consumidor que contribúe ao seu financiamento a través dos pagamentos por capacidade.

Tendo en conta que se debe manter o procedemento de restricións por garantía de subministración co fin de manter a eficiencia do funcionamento do mercado, unha alternativa para reducir o custo da súa aplicación para o consumidor eléctrico é a revisión do volume previsto de queima do carbón nacional. Por isto, recóllese no presente real decreto lei de maneira excepcional para o ano 2012 unha limitación do volume total que se queimará en 2012 para a aplicación do actual mecanismo de restricións por garantía de subministración.

A Orde ITC/3127/2011, do 17 de novembro, regula o servizo de dispoñibilidade de potencia dos pagamentos por capacidade e modifica o incentivo ao investimento a que fai referencia o anexo III da Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007. No momento actual encontrámonos nunha situación de baixa demanda de enerxía eléctrica e dun risco de déficit en capacidade instalada que se estima reducido, de acordo coa información dispoñible. Por tanto, neste contexto, considérase necesaria a revisión das retribucións asociadas aos servizos de dispoñibilidade de potencia dos pagamentos por capacidade e do incentivo ao investimento ambiental a que fai referencia a disposición adicional segunda da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Tendo en conta esta situación, con carácter excepcional para o ano 2012 redúcese a contía anual para as instalacións de xeración ás cales é de aplicación a retribución do incentivo ao investimento en capacidade a longo prazo de acordo co establecido no anexo III da Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, así como a contía do incentivo ao investimento ambiental a que fai referencia a disposición adicional segunda da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008.

En liña co sinalado para os pagamentos por capacidade, debe terse en conta a situación actual de baixo risco de déficit en capacidade instalada para os efectos de aplicación do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade regulado na Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción. En efecto, a aplicación do dito servizo de interrompibilidade configúrase como unha ferramenta que flexibiliza a operación do sistema e que permite dar respostas rápidas e eficientes ante eventuais situacións de emerxencia, de forma que se minimize o impacto na seguridade do sistema.

Non obstante, nun contexto de baixa demanda como o actual, a aplicación deste servizo redúcese ao que se determina nas sucesivas ordes de peaxes. Nestas ordes establécese que, para efectos de comprobar o funcionamento efectivo do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, o operador do sistema aplicará de maneira aleatoria o dito servizo en cada ano, no 1 por cento das horas do ano en que prevexa a maior demanda do sistema.

Esta situación xustifica e fai necesaria unha revisión dos custos previstos para a retribución do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, tendo en conta a utilización que actualmente se fai del.

Por último, prorrogase a vixencia dos prezos da tarifa de último recurso aplicables ao primeiro trimestre de 2012, contidos na Resolución do 30 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se establece o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso que se aplicarán no período comprendido

entre o 23 e o 31 de decembro de 2011, e no primeiro trimestre de 2012, que foi obxecto de corrección de erros por Resolución do 2 de febreiro de 2012 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Isto non obstante, ante a previsión de revisión das peaxes de acceso ás redes de enerxía eléctrica, habilitase expresamente a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para que poida, igualmente, revisar os prezos da tarifa de último recurso contidos na citada Resolución do 30 de decembro de 2011, incorporando, con efectos desde o 1 de abril de 2012 e asegurando a súa aditividade segundo o disposto no artigo 18 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, os prezos das peaxes de acceso que correspondan.

No relativo ao gas natural, é sabido que, de acordo coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e co Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural, a actividade de almacenamento básico ten a consideración de actividade regulada e, por tanto, será retribuída con cargo ás tarifas de último recurso, ás peaxes e aos canons que se determinen, e aos prezos aboados.

A Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, pola que se establece a retribución dos almacenamentos subterráneos de gas natural incluídos na rede básica, introduciu por primeira vez un mecanismo específico de retribución para este tipo de infraestruturas. Por outra parte, o artigo 15 do Real decreto 949/2001, do 3 de agosto, establece que os sistemas de actualización das retribucións se fixarán para períodos de catro anos, e que se procederá no último ano de vixencia a unha revisión e adecuación, se for o caso, á situación prevista para o próximo período.

A Orde ITC/3128/2011, do 17 de novembro, pola que se regulan determinados aspectos relacionados co acceso de terceiros ás instalacións gasistas e coa retribución das actividades reguladas, xa actualizou parcialmente determinados parámetros da dita retribución. Non obstante, é necesario continuar a dita revisión para articular un esquema retributivo dos almacenamentos subterráneos que, sen prexuízo de garantir aos seus promotores a recuperación, nos termos normativamente establecidos, dos seus investimentos, se acomode á par ao principio de rendibilidade razoable e sustentable, todo isto, ademais, de maneira coherente coas novas necesidades do sistema gasista.

Neste sentido, está prevista no ano 2012 a entrada en funcionamento de novos almacenamentos subterráneos. Estas instalacións teñen un custo moi elevado e, de acordo co réxime retributivo establecido na Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, as anualidades devindicadas desde o ano da súa posta en marcha deberían ser retribuídas no ano de inclusión definitiva no réxime económico, o que comportaría un impacto puntual sobre as peaxes e canons do sistema nos próximos exercicios dificilmente asumible, especialmente baixo as actuais perspectivas de evolución da demanda.

Por este motivo, xúlgase oportuno levar a cabo unha adaptación do réxime retributivo dos almacenamentos subterráneos con posta en servizo a partir do ano 2012, suspendendo o aboamento da retribución provisional a aquelas instalacións que a solicitaron e determinando que non se poida acumular no mesmo ano a percepción de máis dunha anualidade devindicada.

Así mesmo, para ter certeza do óptimo funcionamento das estruturas xeolóxicas como almacenamento subterráneo, establécese que a acta de posta en servizo se outorgue en dúas fases. Desta forma, nun primeiro momento as direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias das áreas de Industria e Enerxía elaborarán unha acta de posta en servizo provisional, que permita a enchedura do gas colchón para así probar suficientemente o bo funcionamento do almacén. Posteriormente, tras demostrarse que a instalación funcionou de acordo cos seus parámetros nominais, poderase elaborar a acta de posta en servizo definitivo. Con obxecto de asegurar a rendibilidade razoable do investimento aos titulares do proxecto, a partir do día seguinte ao de eficacia da acta provisional poderase aboar á conta unha retribución provisional.

Por último, ante a previsión de revisión das peaxes e canons de acceso ás instalacións do sistema gasista, prorrogase a vixencia da tarifa de último recurso de gas natural aprobada pola Resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas do 30 de

decembro de 2011. Así mesmo, habilítase a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para revisar a tarifa de último recurso incorporando as actualizacións que se realicen nas peaxes e canons de acceso ao sistema así como no custo da materia prima.

Estas medidas están orientadas a garantir a sustentabilidade do sistema gasista, evitando a xeración dun déficit de tarifa ou unha suba pronunciada das cargas que deben soportar tanto os cidadáns como as empresas.

O documento de planificación dos sectores de electricidade e gas 2008-2016 estimaba uns incrementos medios anuais da demanda de electricidade do 3,2 por cento no escenario central e do 2,4 por cento no escenario de eficiencia, e para o gas natural uns incrementos do 5,0 por cento no escenario do xestor técnico e do 3 por cento no escenario de eficiencia. Do mesmo modo, o documento de planificación prevía un crecemento do produto interior bruto do 3 por cento anual no período e uns plans de investimento arredor dos 1.000 millóns de euros anuais para cada un dos dous sectores. Porén, no período 2008-2011 a demanda real reduciuse no período un 3,8 por cento para electricidade e un 16,3 por cento para o gas natural. Esta redución da demanda obrigou en 2010 a aprobar a Orde ITC/2906/2010, do 8 de novembro, pola que se aproba o programa anual de instalacións e actuacións de carácter excepcional das redes de transporte de enerxía eléctrica e gas natural, en que se reconsiderou a necesidade de pospor a construción dalgunhas das infraestruturas de gas recollidas na planificación nos prazos inicialmente previstos. Na dita Orde ITC/2906/2010, do 8 de novembro, creouse a categoría «R» á cal se trasladaron todas aquelas infraestruturas recollidas na planificación cuxa necesidade non se xustificaba pola evolución da demanda pero que serían reconsideradas de cara ao novo exercicio de planificación 2012-2020.

A demanda gasista do ano 2011 foi un 7 por cento inferior á de 2010 e a demanda do sistema eléctrico un 2,1 por cento inferior, e estímase que a demanda de 2012 se mantéña en niveis similares aos do ano anterior. Estas cifras obrigan a reconsiderar as instalacións que deben ser cualificadas con categoría «R» no documento de planificación dos sectores de electricidade e gas 2008-2016; será necesario reconsideralas de cara ao novo exercicio de planificación 2012-2020.

A construción de novas infraestruturas eléctricas deberá limitarse exclusivamente a aquelas infraestruturas imprescindibles para asegurar o funcionamento do sistema en condicións de seguridade, á vista do novo escenario de demanda previsto para os próximos anos e ás interconexións cos sistemas eléctricos dos estados limítrofes.

Pola súa parte, a construción de novas infraestruturas de gas limitarase a manter os compromisos internacionais vinculantes derivados da construción de interconexións gasistas, así como a atender novos consumidores de gas sempre que isto non comporte custos engadidos ao sistema.

Esta medida non terá impacto negativo sobre a seguridade de subministración, xa que a situación actual dos sistemas eléctrico e gasista é moi favorable. En particular, as ratios de utilización das infraestruturas gasistas sitúanse entre o 40 e o 60 por cento ata 2014, e hai unha ampla diversificación de aprovisionamentos e de puntos de entrada ao sistema.

No caso particular do sistema gasista, ademais do equilibrio financeiro, é necesario tomar medidas para non pór en perigo o equilibrio técnico do seu sistema. Debido ao incremento das achegas de gas polas conexións internacionais e ao estancamento da demanda, estase a producir unha importante diminución das descargas de buques en plantas de regasificación. Estas plantas deben ter unhas existencias mínimas de gas e unha produción mínima que se coñece como fluxo mínimo de relicuación necesario para que a planta non quede fóra de servizo. En caso de non chegar a ese mínimo porque non acoden suficientes buques, poderíase chegar á parada da planta por esgotamento das súas existencias, o que provocaría a perda parcial do mallado da rede e a conseguinte incapacidade de reacción ante indispoñibilidades doutras instalacións; por tanto, poderíase pór en perigo a seguridade de subministración do sistema.

Coa inminente entrada en funcionamento de novas plantas de regasificación no sistema, así como o incremento previsto de achegas de gas por gasoduto, este problema

verase incrementado. Por tanto, non se considera prudente que novas plantas de regasificación comecen a funcionar e atrásase a autorización administrativa, a autorización do proxecto de execución ou a acta de posta en servizo destas instalacións na península ata que a demanda o xustifique. Isto non é de aplicación a eventuais ampliacións de plantas de regasificación xa existentes.

Estas medidas deben adoptarse con carácter de urxencia. Neste momento están pendentes de tramitación unha gran cantidade de instalacións, e a inevitable dilación no tempo da adopción desta medida, que suporía a súa tramitación pola canle normativa ordinaria, determinaría a entrada no sistema de instalacións adicionais innecesarias cos niveis actuais de demanda e as previsións para os próximos anos.

A Comisión Nacional de Enerxía, no seu informe sobre o sector enerxético español do 9 de marzo, propón elaborar de maneira inmediata un programa anual e, unha vez aprobado este, realizar unha nova planificación sobre un escenario realista adecuando as infraestruturas que se van construír ao escenario macroeconómico máis probable, á evolución prevista da xeración e á situación económica do sector eléctrico e do conxunto da economía nacional. As medidas propostas neste real decreto lei impulsan a elaboración dunha nova planificación dos sectores de gas e electricidade, xa que, aínda que se estaba confeccionando unha nova planificación, o descenso da demanda, a situación de novos investimentos en xeración e a deterioración económica que recolle a revisión do escenario macroeconómico aprobado polo Goberno fan necesario revisar en profundidade non só a proposta que se encontraba en fase de tramitación senón tamén a planificación en vigor.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de marzo de 2012,

DISPOÑO:

TÍTULO I

### **Modificacións relativas á transposición de directivas en materia de enerxía**

#### **Artigo 1.** *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 5 do artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción:

«5. Sen prexuízo das competencias atribuídas aos diferentes órganos de defensa da competencia, corresponderán á Comisión Nacional de Enerxía en relación co sector eléctrico, ademais das funcións que teñan atribuídas na lexislación vixente, as funcións que se establecen no punto terceiro da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.»

Dous. Modifícanse as alíneas a) e g) do artigo 9, que quedan redactadas como segue:

«a) Os produtores de enerxía eléctrica, que son aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñen a función de xerar enerxía eléctrica, xa sexa para o seu consumo propio ou para terceiros, así como as de construír, operar e manter as centrais de produción.

En ningún caso terán a condición de produtores os consumidores acollidos ás modalidades singulares de subministración a que se refire a alínea g) do presente artigo.

(...)



g) Os consumidores, que son as persoas físicas ou xurídicas que compran a enerxía para o seu propio consumo.

Regulamentariamente poderán establecerse para determinados consumidores modalidades singulares de subministración para fomentar a produción individual de enerxía eléctrica destinada ao consumo na mesma localización, detallando o réxime de dereitos e obrigas que daquelas resulten.

Aqueles consumidores que adquiren enerxía directamente no mercado de produción serán denominados consumidores directos en mercado.»

Tres. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 10.1, que queda redactado do modo seguinte:

«Os consumidores que se determinen terán dereito á subministración de enerxía eléctrica a uns prezos que poderán ser fixados e revisados por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo do acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, e terán a consideración de tarifas de último recurso.»

Catro. As alíneas a) e d) do número 2 do artigo 14 quedan redactadas como segue e inclúese unha nova alínea e) coa seguinte redacción:

«a) As persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas non poderán participar en estruturas organizativas do grupo empresarial que sexan responsables, directa ou indirectamente, da xestión cotiá de actividades de xeración, comercialización ou de servizos de recarga enerxética. Adicionalmente, e sen prexuízo do xa establecido no segundo parágrafo do artigo 35.2 da presente lei en materia de transportista único e de exclusividade de desenvolvemento da actividade de transporte, o responsable de administración da rede de distribución non poderá participar na xestión cotiá das actividades de transporte.

(...)

d) As sociedades que realicen actividades reguladas establecerán un código de conduta en que se expoñan as medidas adoptadas para garantir o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b) e c) anteriores.

O dito código de conduta establecerá obrigas específicas dos empregados, e o seu cumprimento será obxecto da adecuada supervisión e avaliación pola persoa ou órgano competente designado pola sociedade para tal efecto. O encargado de avaliar o cumprimento será totalmente independente e terá acceso a toda a información da sociedade e de calquera das súas empresas filiais que requira para o desempeño da súa función.

Anualmente, o encargado de supervisión presentará un informe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional de Enerxía, que será publicado no "Boletín Oficial del Estado", en que se indiquen as medidas adoptadas para lograr o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b) e c) anteriores.

e) A separación de actividades e, en particular, a separación funcional, para cuxo efecto as empresas obrigadas deberán remitir ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional de Enerxía o código de conduta previsto no artigo 14.2.d) da presente lei antes do 31 de marzo de cada ano, con relación ao exercicio anterior.»

Cinco. Os números 3 e 4 do artigo 14 renuméranse como números 4 e 5, respectivamente, e inclúese un número 3 coa seguinte redacción:

«3. As empresas distribuidoras que formen parte dun grupo de sociedades que desenvolvan actividades reguladas e libres nos termos previstos na presente lei non crearán confusión na súa información e na presentación da súa marca e imaxe de marca respecto á identidade propia das filiais do seu mesmo grupo que

realicen actividades de comercialización, sen prexuízo das infraccións previstas na normativa vixente a este respecto.»

Seis. Modifícase o número 1 do artigo 34, nos seguintes termos:

«1. O operador do sistema terá como función principal garantir a continuidade e seguridade da subministración eléctrica e a correcta coordinación do sistema de produción e transporte. Exercerà as súas funcións en coordinación cos operadores e suxeitos do mercado ibérico da enerxía eléctrica baixo os principios de transparencia, obxectividade e independencia. O operador do sistema será o xestor da rede de transporte.

O operador do sistema a que se refire o parágrafo anterior adoptará a forma de sociedade mercantil e o seu réxime societario axustarase ás condicións seguintes:

a) Ningunha persoa física ou xurídica terá dereito:

1.º A exercer control, de maneira directa ou indirecta, sobre unha empresa que leve a cabo calquera das funcións de xeración ou comercialización, e simultaneamente exercer control, de maneira directa ou indirecta ou exercer ningún dereito no operador do sistema, nin

2.º A exercer control, de maneira directa ou indirecta, sobre o operador do sistema e simultaneamente exercer control, de maneira directa ou indirecta, ou exercer ningún dereito nunha empresa que leve a cabo calquera das funcións de xeración ou comercialización.

b) Ningunha persoa física ou xurídica terá dereito a nomear os membros do órgano de administración do operador do sistema se, directa ou indirectamente, exerce control ou exerce dereitos nunha empresa que realice calquera das actividades de xeración ou comercialización.

c) Ningunha persoa física ou xurídica terá dereito a ser membro do órgano de administración, simultaneamente nunha empresa que realice calquera das actividades de xeración ou comercialización e no operador do sistema.

d) Os dereitos indicados nas alíneas a) e b) anteriores incluírán, en particular:

1.º A facultade de exercer dereitos de voto en relación cos órganos de administración ou goberno das sociedades;

2.º A facultade de designar membros do órgano de administración ou dos órganos que representen legalmente a empresa, o

3.º A posesión de participacións accionariais maioritarias conforme se establece no artigo 42.1 do Código de comercio.

Para os efectos do disposto no número 1.a) incluíranse tamén dentro do concepto de "empresa que leve a cabo calquera das funcións de xeración ou comercialización" aquelas que realicen as actividades de produción e comercialización no sector do gas natural.»

Sete. Engádense dous novos artigos 34 bis e 34 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 34 bis. *Designación e certificación do xestor da rede de transporte.*

1. A sociedade mercantil que actúe como operador do sistema será autorizada e designada como xestor da rede de transporte polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo. Con carácter previo a esta designación, deberá ser certificada pola Comisión Nacional de Enerxía en relación co cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 34.2 da presente lei, segundo o procedemento establecido neste artigo.

Unha vez que sexa realizada a primeira designación e autorización do xestor da rede de transporte, a Comisión Nacional de Enerxía controlará que a dita sociedade

se mantén no cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 34.2 utilizando para isto o procedemento de certificación establecido. Estas certificacións que se realicen en relación co mantemento dos requisitos poderán dar lugar a unha nova designación e autorización do xestor da rede de transporte.

As designacións do xestor de rede de transporte notificaranselle á Comisión Europea para efectos da súa publicación no "Diario Oficial de la Unión Europea".

2. A Comisión Nacional de Enerxía iniciará o procedemento de certificación tras a solicitude ou notificación pola empresa interesada, logo dunha solicitude motivada do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou da Comisión Europea, ou por iniciativa propia naqueles casos en que teña coñecemento de posibles transaccións que poidan dar ou desen lugar ao incumprimento dos requisitos establecidos en relación coa separación de actividades.

3. A Comisión Nacional de Enerxía, logo de audiencia e de forma motivada, adoptará unha resolución provisional sobre a certificación no prazo máximo de catro meses desde a presentación da solicitude ou notificación. Transcorrido o dito prazo sen se ter ditado resolución expresa, considerarase concedida a certificación provisional.

4. En todos os casos a Comisión Nacional de Enerxía deberá comunicar á Comisión Europea a súa resolución provisional en relación coa certificación da empresa interesada xunto coa documentación pertinente relativa a ela, co fin de que esta emita o correspondente ditame previo á adopción da resolución definitiva. Así mesmo, remitirá copia do expediente ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

De non emitir un ditame a Comisión Europea no prazo previsto para o efecto na lexislación comunitaria, considerarase que non pon obxeccións á resolución provisional da Comisión Nacional de Enerxía.

5. No prazo de dous meses desde a recepción do ditame emitido pola Comisión Europea, ou esgotados os prazos previstos para o efecto na lexislación comunitaria, a Comisión Nacional de Enerxía resolverá con carácter definitivo sobre a certificación, dando cumprimento á decisión da Comisión Europea. A dita resolución, xunto co ditame da Comisión Europea, deberá publicarse no "Boletín Oficial del Estado" e no "Diario Oficial de la Unión Europea". A certificación non producirá efectos ata a súa publicación.

6. A Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión Europea poderán solicitar aos xestores de rede de transporte e ás empresas que realicen calquera das actividades de xeración ou comercialización calquera información útil para o cumprimento das funcións indicadas no presente artigo. Sen prexuízo do anterior, manterán a confidencialidade da información sensible para efectos comerciais.

*Artigo 34 ter. Certificación en relación con países non pertencentes á Unión Europea.*

1. A Comisión Nacional de Enerxía notificará á Comisión Europea calquera circunstancia que dea lugar a que o xestor da rede de transporte quede baixo o control dunha ou varias persoas dun ou máis países terceiros. Para estes efectos, o xestor de rede de transporte notificará á Comisión Nacional de Enerxía calquera circunstancia que poida dar lugar a que se produza este feito.

2. A Comisión Nacional de Enerxía iniciará o proceso de certificación de acordo co procedemento e prazos previstos no artigo 34.bis. Denegará a certificación se non se demostrou:

- a) que a entidade en cuestión cumpre os requisitos do artigo 34, e
- b) que a concesión da certificación non porá en perigo a seguridade de subministración nacional e da Unión Europea, tendo en conta os dereitos e as obrigas de España e da Unión Europea con respecto ao dito país terceiro, e outros datos e circunstancias específicos do caso e do país terceiro de que se trate.

Na notificación da proposta de resolución á Comisión Europea, a Comisión Nacional de Enerxía solicitará un ditame específico sobre se a entidade en cuestión cumpre os requisitos de separación de actividades, e se a concesión da certificación non poría en perigo a seguridade da subministración na Unión Europea.

3. Unha vez realizado o trámite de ditame por parte da Comisión Europea, de acordo co procedemento e prazos establecidos na norma comunitaria de aplicación, a Comisión Nacional de Enerxía resolverá sobre a certificación, tendo en conta o ditame da Comisión.

Cando a decisión final difira do ditame da Comisión Europea, farase pública a súa motivación.»

Oito. Engádense unha nova alínea p) ao número 1 do artigo 41, coa seguinte redacción:

«p) Cumprir os prazos que se establezan regulamentariamente para as actuacións que lles corresponden en relación cos cambios de subministrador.»

Nove. Os números 5 e 6 do artigo 44 renuméranse como números 6 e 7, respectivamente, mentres que os números 4 e 5 quedan redactados da seguinte maneira:

«4. Serán considerados como consumidores vulnerables os consumidores de electricidade que cumpran coas características sociais, de consumo e poder adquisitivo que se determinen. En todo caso, circunscribírase a persoas físicas na súa vivenda habitual.

Adoptaranse as medidas oportunas para garantir unha protección adecuada aos consumidores vulnerables.

A definición dos consumidores vulnerables e os requisitos que deben cumprir, así como as medidas que se deben adoptar para este colectivo, serán determinados regulamentariamente polo Goberno.

5. Regulamentariamente as administracións competentes establecerán medidas de protección ao consumidor, que deberán recollerse nas condicións contractuais para os contratos de subministración dos comercializadores con aqueles consumidores que polas súas características de consumo ou condicións de subministración requiran un tratamento contractual específico.

Así mesmo, regulamentariamente estableceranse os mecanismos de contratación e as condicións de facturación das subministracións, incluíndo os procedementos de cambio de subministrador, que se realizará nun prazo de tres semanas, e de resolución de reclamacións. Nestes desenvolvementos considerarase o establecemento, por parte das administracións competentes, de puntos de contacto únicos en coordinación coa Comisión Nacional de Enerxía, a teor do establecido na disposición décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, para ofrecer aos consumidores toda a información necesaria relativa aos seus dereitos, á lexislación en vigor e aos procedementos de solución de conflitos de que dispoñen en caso de litixio.

Igualmente, en caso de que un comercializador non cumpra algunha das obrigas establecidas nas alíneas a), b) e h) do artigo 45.1 da presente lei, ou non cumpra nos prazos que se establezan outras obrigas de pagamento fronte ao sistema eléctrico, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo determinará, logo do trámite de audiencia e de forma motivada, obxectiva e transparente, o traspaso dos clientes do dito comercializador a un comercializador de último recurso. Así mesmo, determinará o comercializador de último recurso ao cal os clientes se traspasan e as condicións de subministración dos ditos clientes.

O anterior entenderase sen prexuízo das sancións que poidan derivar de acordo co establecido no título VI da presente lei.»

Dez. A alínea j) do número 1 do artigo 45 renumérase como alínea k), e engádense tres novas alíneas j), l) e m), todas as citadas coa seguinte redacción:

«j) Ter á disposición do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, da Comisión Nacional de Enerxía, da Comisión Nacional da Competencia e da Comisión Europea para efectos do cumprimento das súas funcións respectivas, durante polo menos cinco anos, os datos sobre todas as transaccións dos contratos de subministración de electricidade e os derivados relacionados coa electricidade subscritos cos clientes grosistas e os xestores de redes de transporte, de acordo co que regulamentariamente se determine.

O disposto no presente parágrafo non creará obrigas adicionais con respecto aos organismos mencionados no parágrafo anterior para as entidades que entren no ámbito da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En caso de que os organismos mencionados no primeiro parágrafo deste subpunto necesiten acceder a datos conservados por entidades que entren no ámbito de aplicación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores facilitaralles os datos necesarios.

k) Informar os seus clientes acerca da orixe da enerxía subministrada, así como dos impactos ambientais das distintas fontes de enerxía e da proporción utilizada entre elas.

l) Informar os seus clientes sobre os seus dereitos respecto das vías de solución de conflitos de que dispoñen en caso de litixio.

Para a subministración a consumidores finais deberán dispor dun servizo de atención ás súas queixas, reclamacións, solicitudes de información ou comunicacións de calquera incidencia en relación co servizo contratado ou ofertado, para o cal porán á súa disposición un enderezo postal, un servizo de atención telefónica e un número de teléfono, ambos gratuítos, e un número de fax ou un enderezo de correo electrónico ao cal estes se poidan dirixir directamente. Os prestadores comunicarán o seu enderezo legal se este non coincide co seu enderezo habitual para a correspondencia.

m) Cumprir os prazos que se establezan regulamentariamente para as actuacións que lles corresponden en relación cos cambios de subministrador.»

Once. O artigo 46 queda redactado como segue:

«Artigo 46. *Xestión da demanda.*

1. As empresas eléctricas, os consumidores e o operador do sistema, en coordinación con outros axentes, poderán realizar e aplicar medidas que fomenten unha mellora da xestión da demanda eléctrica e que contribúan á optimización da curva de carga e/ou á eficiencia e aforro enerxéticos.

2. Sen prexuízo do anterior, a Administración poderá adoptar medidas que incentiven a mellora do servizo aos usuarios e a eficiencia e o aforro enerxéticos, directamente ou a través de axentes económicos cuxo obxecto sexa o aforro e a introdución da maior eficiencia no uso final da electricidade.

O cumprimento dos obxectivos previstos nas ditas medidas poderá dar lugar ao recoñecemento dos custos en que se incorra para a súa posta en práctica, que terán a consideración de custos de diversificación e seguridade de abastecemento. Para os efectos do dito recoñecemento as medidas deberán ser aprobadas polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, co informe previo das comunidades autónomas no seu ámbito territorial.

Entre estas medidas incluíranse os contratos de prestación do servizo de interrompibilidade xestionados polo operador do sistema.»

Doce. O número 4 do artigo 60.a) queda redactado como segue:

«4. A aplicación de peaxes, prezos ou de tarifas non autorizadas pola Administración.»

Trece. O número 8 do artigo 60.a) queda redactado como segue:

«8. O incumprimento de resolucións xuridicamente vinculantes ou requirimentos impartidos pola Administración competente, incluída a Comisión Nacional de Enerxía, ou polo operador do sistema no ámbito das súas funcións, cando resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.»

Catorce. O número 4 do artigo 61.a) queda redactado como segue:

«4. O incumprimento das resolucións xuridicamente vinculantes ou requirimentos impartidos pola Administración competente, incluída a Comisión Nacional de Enerxía, ou polo operador do sistema no ámbito das súas funcións, cando non resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.»

Quince. Engádense dous novos números 22 e 23 ao artigo 61.a) coa seguinte redacción:

«22. O incumprimento das disposicións contidas nos regulamentos da Unión Europea relativos ás condicións de acceso á rede para o comercio transfronteirizo de electricidade.

23. O incumprimento por parte das empresas distribuidoras e comercializadoras de electricidade das obrigas de mantemento e correcto funcionamento dun servizo de atención aos consumidores, así como das medidas de protección ao consumidor de acordo co establecido na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.»

Dezaseis. Engádese un novo número 3 ao artigo 66 coa seguinte redacción:

«3. A Comisión Nacional de Enerxía, dentro do seu ámbito de actuación e das funcións que ten encomendadas, poderá impor sancións efectivas, proporcionadas e disuasorias ás empresas eléctricas polas infraccións administrativas tipificadas como moi graves nos parágrafos 1, 2, 5, 6 e 7 do artigo 60.a) da presente lei, así como por aquelas tipificadas nos parágrafos 8, 9 e 10 do citado artigo 60.a), en relación cos incumprimentos de resolucións xuridicamente vinculantes ou requirimentos da Comisión Nacional de Enerxía no ámbito das súas competencias.

Así mesmo, a Comisión Nacional de Enerxía terá competencia para sancionar a comisión das infraccións graves a que se fai referencia no parágrafo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non se poidan cualificar de moi graves e, en particular, no caso das tipificadas nos parágrafos 4 e 5 do artigo 61.a) da presente lei, en relación cos incumprimentos de resolucións xuridicamente vinculantes ou requirimentos da Comisión Nacional de Enerxía no ámbito das súas competencias.

A Comisión Nacional de Enerxía terá competencia para sancionar aquelas infraccións leves tipificadas no artigo 62 da presente lei, en relación cos incumprimentos de resolucións xuridicamente vinculantes ou requirimentos da Comisión Nacional de Enerxía no ámbito das súas competencias.

En calquera caso, a contía da sanción non poderá superar o 10 por cento do importe neto anual da cifra de negocios do xestor da rede de transporte ao dito xestor ou o 10 por cento do importe neto anual da cifra de negocios consolidada da sociedade matriz do grupo verticalmente integrado á dita empresa integrada verticalmente, segundo os casos.»

Dezasete. Modifícase a disposición adicional vixésimo terceira, que quedará redactada como segue:

«Disposición adicional vixésimo terceira. *Sociedades filiais de "Red Eléctrica Corporación, S.A."*.

1. Para o exercicio das funcións correspondentes ao operador do sistema e xestor da rede de transporte definidas no número 2 do artigo 34, a empresa "Red Eléctrica de España, S.A.U." procederá á creación, dentro da súa estrutura, dunha

unidade orgánica específica que exercerá en exclusiva as funcións de operador do sistema eléctrico e xestor da rede de transporte coa adecuada separación contable e funcional, dando cumprimento aos criterios establecidos no artigo 14, respecto do resto de actividades da empresa.

O director executivo da unidade orgánica específica a que se refire o parágrafo anterior será nomeado e destituído polo Consello de Administración da sociedade "Red Eléctrica Corporación, S.A.", co visto e prace do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

O persoal da unidade que exerza as funcións como operador do sistema e xestor da rede de transporte subscribirá o código de conduta a que fai referencia o artigo 14 da presente lei garantindo a súa independencia respecto do resto de unidades do grupo empresarial.

2. Á sociedade matriz seralle de aplicación o disposto no número 1 do artigo 34 da presente lei e terá, así mesmo, as seguintes limitacións:

a) Poderá participar calquera persoa física ou xurídica, sempre que a suma da súa participación directa ou indirecta no capital desta sociedade non supere o 5 por cento do capital social nin exerza dereitos políticos por riba do 3 por cento. Estas accións non poderán sindicarse a ningún efecto.

b) Aqueles suxeitos que realicen actividades no sector eléctrico e aquelas persoas físicas ou xurídicas que, directa ou indirectamente, participen no capital dos ditos suxeitos cunha cota superior ao 5 por cento, non poderán exercer dereitos políticos na dita sociedade matriz por riba do 1 por cento, sen prexuízo das limitacións establecidas no número 2 do artigo 34 da presente lei para xeradores e comercializadores.

As limitacións anteriores non serán aplicables á participación correspondente á Sociedade Estatal de Participacións Industriais, que manterá, en todo caso, unha participación na sociedade matriz Red Eléctrica Corporación, S.A. non inferior ao 10 por cento.

3. A Comisión Nacional de Enerxía estará lexitimada para o exercicio das accións legais tendentes a facer efectivas as limitacións impostas neste precepto.

Para efectos de computar a participación no dito accionariado, atribuiranse a unha mesma persoa física ou xurídica, ademais das accións e outros valores posuídos ou adquiridos polas entidades pertencentes ao seu mesmo grupo, tal e como este se define no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, aquelas cuxa titularidade corresponda:

a) Ás persoas que actúen en nome propio pero por conta daquela, de forma concertada ou formando con ela unha unidade de decisión. Entenderase, salvo proba en contrario, que actúan por conta dunha persoa xurídica ou de forma concertada con ela os membros do seu órgano de administración.

b) Aos socios cos cales aquela exerza o control sobre unha entidade dominada conforme o previsto no artigo 4 da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En todo caso, terase en conta tanto a titularidade dominical das accións e demais valores como os dereitos de voto que se desfruten en virtude de calquera título.

4. O incumprimento da limitación na participación no capital a que se refire a presente disposición considerarase infracción moi grave para os efectos sinalados no artigo 60 da presente lei e serán responsables as persoas físicas ou xurídicas que resulten titulares dos valores ou a quen resulte imputable o exceso de participación no capital ou nos dereitos de voto, de conformidade co disposto nos puntos anteriores. En todo caso, será de aplicación o réxime sancionador previsto na presente lei.

5. Red Eléctrica Corporación, S.A. non poderá transmitir a terceiros as accións das filiais que realicen actividades reguladas.

6. Red Eléctrica Corporación, S.A. terá prohibida a realización de actividades distintas da operación do sistema, o transporte e a xestión da rede de transporte a través das filiais reguladas, incluída a toma de participación en sociedades que realicen outras actividades.

7. Os dereitos políticos correspondentes ás accións ou outros valores que posúan as persoas que participen no capital da sociedade matriz Red Eléctrica Corporación, S.A., que excedan os límites máximos sinalados nesta disposición, quedarán en suspenso desde a entrada en vigor do real decreto lei polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas natural e en materia de comunicacións electrónicas, en canto non se adecuen aos ditos límites.»

Dezaoito. Engádesse unha disposición adicional vixésimo sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional vixésimo sexta. *Mecanismos de cooperación internacional para o cumprimento dos compromisos derivados da directiva de enerxías renovables.*

1. A Administración xeral do Estado habilitará o marco que permita a posta en marcha dos mecanismos de cooperación previstos na normativa comunitaria para o fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e, en particular, dos establecidos na Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE. Dentro dos mecanismos de cooperación internacional que desta forma se poderán facilitar, incluíranse, polo menos, os seguintes:

- a) As transferencias estatísticas entre Estados membros de cantidades determinadas de enerxía procedente de fontes renovables.
- b) A posta en marcha de proxectos conxuntos con outros Estados membros.
- c) A posta en marcha de proxectos conxuntos con países terceiros.
- d) A coordinación cos sistemas de apoio ás enerxías procedentes de fontes renovables instaurados noutros Estados membros.

A aplicación destes mecanismos garantirá en todo momento a seguridade do sistema eléctrico e non poderá supor en ningún caso unha diminución ou perda da enerxía de orixe renovable producida en España.

2. A posta en marcha dos correspondentes proxectos ou actuacións singulares estará supeditada á súa aprobación polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que, para tal fin, terá en conta a afección ás estruturas de transporte de enerxía e a planificación enerxética no seu conxunto.»

Dezanove. Engádesse as disposicións transitorias vixésima e vixésimo primeira, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésima. *Consumidores vulnerables.*

Ata que se desenvolva o establecido no número 4 do artigo 44 da presente lei, considerarase que un consumidor é vulnerable cando se encontre dentro do ámbito de aplicación do artigo 2 e disposición transitoria segunda do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, así como na disposición adicional segunda do Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico.



As empresas comercializadoras deberán pór á disposición dos consumidores un servizo de atención telefónica e un número de teléfono, ambos os dous gratuítos, para atender as solicitudes de información sobre os aspectos relativos á contratación e subministración.

Disposición transitoria vixésimo primeira. *Certificación do xestor da rede de transporte.*

O xestor da rede de transporte, para exercer como tal nos termos previstos na normativa, deberá ser previamente certificado pola Comisión Nacional de Enerxía en relación coa propiedade da rede de transporte e o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 34.2 da presente lei, segundo o procedemento que se establece nos artigos 34 bis e 34 ter, se é o caso.»

**Artigo 2.** *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, modifícase nos seguintes termos:

Un. O número 3 do artigo 3 pasa a ter a seguinte redacción e suprímese o actual número 4:

«3. Sen prexuízo das competencias atribuídas aos diferentes órganos de defensa da competencia, corresponderán á Comisión Nacional de Enerxía, ademais das funcións que teña atribuídas na lexislación vixente, as funcións do número terceiro da disposición adicional décimo primeira da presente lei.»

Dous. O artigo 54 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 54. *Réxime de actividades.*

1. As actividades de fabricación, regasificación, almacenamento, transporte, distribución e comercialización de combustibles gasosos poderán ser realizadas libremente nos termos previstos neste título, sen prexuízo das obrigas que poidan derivar doutras disposicións, e en especial das fiscais e das relativas á ordenación do territorio e ao ambiente e á defensa dos consumidores e usuarios.

Son combustibles gasosos para os efectos deste título:

a) O gas natural e as súas especialidades gas natural licuado e gas natural comprimido.

b) Os gases combustibles manufacturados ou sintéticos, onde se pode distinguir entre:

1.º Mesturas de gas natural, butano ou propano con aire.

2.º O biogás e/ou calquera outro gas obtido a partir da biomasa.

3.º Calquera outro tipo de gas combustible manufacturado ou sintético ou mestura de gas combustible con aire.

O disposto neste título non será de aplicación aos gases licuados do petróleo, que se rexerán polo disposto no título III.

2. As actividades de importación, exportación e intercambios comunitarios de combustibles gasosos realizaranse sen máis requisitos que os que deriven da normativa comunitaria.

3. As normas establecidas na presente lei en relación co gas natural serán tamén de aplicación, de maneira non discriminatoria, ao biogás e ao gas obtido a partir da biomasa ou outros tipos de gas sempre e cando resulte tecnicamente posible e seguro inxectar tales gases na rede de gas natural e transportalos por ela.

Para estes efectos, estableceranse os requisitos de composición destes gases co obxecto de garantir a seguridade das persoas, instalacións e equipamentos de consumo así como a súa correcta conservación.»

Tres. O número 1 do artigo 56 pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Para os efectos establecidos na presente lei, terá a consideración de fabricación de gases combustibles, sempre que estes se destinen á subministración final a consumidores por canalización, a fabricación de combustibles gasosos manufacturados ou sintéticos, incluída a mestura de gas natural, butano ou propano con aire.»

Catro. O artigo 57 pasa a ter a seguinte redacción:

«Artigo 57. *Subministración.*

1. Os consumidores terán dereito de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de gas natural nas condicións que regulamentariamente determine o Goberno logo de consulta coas comunidades autónomas.

2. Os consumidores que se determinen terán dereito a acollerse á subministración a uns prezos que serán fixados e revisados polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, e que terán a consideración de tarifa de último recurso. A tarifa de último recurso será o prezo que cobrarán os comercializadores de último recurso aos consumidores que teñan dereito a acollerse a ela.

3. O ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderá establecer condicións específicas de subministración para determinados consumidores que, polas súas características económicas, sociais ou de subministración, teñan a consideración de clientes vulnerables.

4. As administracións competentes, en coordinación coa Comisión Nacional de Enerxía, establecerán puntos de contacto únicos para ofrecerlles aos consumidores toda a información necesaria relativa aos seus dereitos, á lexislación en vigor e ás vías de solución de conflitos de que dispoñen en caso de litixios.»

Cinco. Engádesse un novo artigo 57.bis coa seguinte redacción

«Artigo 57 bis. *Dereitos dos consumidores en relación coa subministración.*

Os consumidores terán os seguintes dereitos:

a) Realizar adquisicións de gas nos termos establecidos no capítulo II do título IV da presente lei.

b) Elixir o subministrador para a compra do gas natural.

c) Solicitar a verificación do bo funcionamento dos equipamentos de medida da súa subministración.

d) Dispor dun servizo de asistencia telefónica facilitado polo distribuidor ao que estean conectadas as súas instalacións, en funcionamento as vinte e catro horas do día, ao cal se poidan dirixir ante posibles incidencias de seguridade nas súas instalacións. O dito número deberá figurar claramente identificado nas facturas e, en todo caso, será facilitado polo comercializador ao consumidor.

e) Ter un contrato co comercializador en que se especifique:

1.º A identidade e o enderezo do subministrador.

2.º Os servizos prestados, o nivel de calidade proposto e o prazo para a conexión inicial.

3.º O tipo de servizo de mantemento que se ofrezca.,

4.º A forma de obter información actualizada sobre todas as tarifas aplicables e os gastos de mantemento.

5.º A duración do contrato, as condicións para a renovación e a rescisión dos servizos e do contrato e, cando estea permitido, a desistencia do contrato sen custos.,

6.º Os acordos de compensación e reembolso aplicables se non se cumpren os niveis de calidade contratados, incluída a facturación incorrecta e atrasada.

7.º O método para iniciar un procedemento de resolución de conflitos de conformidade co disposto na alínea j).

8.º A información sobre os dereitos dos consumidores, incluída a relativa á tramitación das reclamacións e toda a información mencionada nesta alínea e), claramente comunicada mediante as facturas ou os sitios da internet das compañías de gas natural, e

9.º As condicións serán equitativas e daranse a coñecer con antelación. En calquera caso, debe comunicarse esta información antes da celebración ou confirmación do contrato. Cando os contratos se celebren a través de intermediarios, a información antes mencionada comunicarase, así mesmo, antes da celebración do contrato.

f) Ser debidamente avisados de calquera intención de modificar as condicións do contrato e informados do seu dereito a rescindir o contrato cando reciban o aviso. Os comercializadores notificarán directamente aos seus clientes calquera aumento dos prezos, no momento adecuado e non máis tarde dun período normal de facturación despois de que entrase en vigor o aumento, de forma transparente e comprensible. Os clientes poderán rescindir o contrato sen custo ningún se non aceptan as novas condicións que lles notificase o seu comercializador de gas.

g) Recibir información transparente sobre os prezos, tarifas e condicións xerais aplicables ao acceso e ao uso dos servizos de gas.

h) Poder escoller libremente o modo de pagamento, de forma que non se produza ningunha discriminación indebida entre consumidores. Os sistemas de pagamento anticipado serán xustos e reflectirán adecuadamente o consumo probable. Calquera diferenza nas condicións reflectirá os custos que supoñen para o provedor os distintos sistemas de pagamento. As condicións xerais serán equitativas e transparentes. Explicaranse nunha linguaxe clara e comprensible e non incluírán obstáculos non contractuais ao exercicio dos dereitos dos clientes, por exemplo, unha documentación contractual excesiva. Protexerá os clientes contra os métodos de venda abusivos ou equívocos.

i) Cambiar de subministrador sen custo ningún.

j) Dispor de procedementos para tramitar as súas reclamacións. Concretamente, todos os consumidores terán dereito a un bo nivel de servizo e de tramitación das reclamacións por parte do subministrador do servizo de gas. Tales procedementos de solución extraxudicial permitirán a resolución equitativa e rápida dos litixios, preferiblemente nun prazo de tres meses, e establecerán, cando estea xustificado, un sistema de reembolso e/ou compensación.

Sempre que sexa posible, os procedementos en cuestión axustaranse ao disposto na Recomendación 98/257/CE da Comisión, do 30 de marzo de 1998, relativa aos principios aplicables aos órganos responsables da solución extraxudicial dos litixios en materia de consumo, como é o Sistema Arbitral de Consumo.

k) Para os clientes conectados á rede de gas, ser informados dos seus dereitos a que se lles subministre, de acordo co disposto na lexislación nacional aplicable, gas natural dunha determinada calidade a prezos razoables.

l) Ter á súa disposición os seus datos de consumo e poder, mediante acordo explícito e gratuíto, dar acceso aos datos de medición a calquera empresa de subministración rexistrada. A parte encargada da xestión de datos estará obrigada a facilitar estes datos á empresa, utilizando os formatos e procedementos desenvolvidos regulamentariamente. Non poderán facturarse ao consumidor custos adicionais por este servizo.

m) Ser informados adecuadamente do consumo real de gas e dos custos correspondentes coa frecuencia que se estableza regulamentariamente, de maneira que lles permita regular o seu propio consumo de gas. A información facilitarase co tempo suficiente, tendo en conta a capacidade do equipamento de medición do cliente. Non poderán facturarse ao consumidor custos adicionais por este servizo.

n) Recibir unha liquidación da conta despois de calquera cambio de subministrador de gas natural, no prazo máximo de seis semanas a partir da data do cambio de subministrador.

o) Acceder ás instalacións propiedade de terceiros, de regasificación, almacenamento, transporte e distribución, nos termos previstos na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na normativa que a desenvolva.»

Seis. O artigo 58 queda redactado como segue:

«Artigo 58. *Suxeitos que actúan no sistema.*

As actividades destinadas á subministración de gas natural por canalización serán desenvolvidas polos seguintes suxeitos:

a) Os transportistas son aquelas sociedades mercantís autorizadas para a construción, operación e mantemento de instalacións de regasificación de gas natural licuado, de transporte ou de almacenamento básico de gas natural.

Os xestores de rede de transporte son aquelas sociedades mercantís autorizadas para a construción, operación e mantemento de instalacións da rede troncal e certificadas de acordo co procedemento establecido no artigo 63 bis. Así mesmo, teñen consideración de xestores de rede de transporte os xestores de rede independentes.

Os xestores de rede independentes son aquelas sociedades mercantís que xestionan instalacións da rede troncal das cales non son propietarios e están autorizadas para a construción, operación e mantemento de acordo co disposto no artigo 63 quáter.

b) O xestor técnico do sistema será o responsable da operación e xestión da rede básica e das redes de transporte secundario definidas na presente lei de acordo coas funcións establecidas no artigo 64. Así mesmo, será responsable de manter as condicións para a operación normal do sistema.

c) Os distribuidores son aquelas sociedades mercantís autorizadas para a construción, operación e mantemento de instalacións de distribución destinadas a situar o gas nos puntos de consumo.

Os distribuidores tamén poderán construír, manter e operar instalacións da rede de transporte secundario, e deberán levar na súa contabilidade interna contas separadas de ambas as actividades de conformidade co disposto no artigo 63.

d) Os comercializadores son as sociedades mercantís que, accedendo ás instalacións de terceiros nos termos establecidos no presente título, adquiren o gas natural para a súa venda aos consumidores, a outros comercializadores ou para realizar tránsitos internacionais. Así mesmo, son comercializadores as sociedades mercantís que realicen a venda de gas natural licuado (GNL) a outros comercializadores dentro do sistema gasista ou a consumidores finais.

e) Os consumidores finais, que son os que adquiren gas para o seu propio consumo e terán dereito a elixir subministrador. No caso de que accedan directamente ás instalacións de terceiros, denominaranse consumidores directos en mercado.

Así mesmo, terán a consideración de consumidor final para os efectos previstos na presente lei as empresas que subministren gas natural, biogás ou gases manufacturados para o seu uso como carburante en estacións de servizo, sempre que se subministren dun comercializador. As instalacións que se destinen a este fin deberán cumprir as condicións técnicas e de seguridade que regulamentariamente lles sexan exixibles.

f) A oficina de cambios de subministrador, que será a sociedade mercantil responsable da supervisión e, se for o caso, xestión dos cambios de subministrador dos consumidores finais.»

Sete. O artigo 59 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 59. *Sistema gasista e rede básica de gas natural.*

1. O sistema gasista comprenderá as seguintes instalacións: as incluídas na rede básica, as redes de transporte secundario, as redes de distribución, os almacenamentos non básicos e demais instalacións complementarias.

2. Para os efectos establecidos na presente lei, a rede básica de gas natural estará integrada por:

a) Os gasodutos de transporte primario de gas natural a alta presión. Consideraranse como tales aqueles cuxa presión máxima de deseño sexa igual ou superior a 60 bares, e diferenciarase entre:

1.º Rede troncal: gasodutos de transporte primario interconectados esenciais para o funcionamento do sistema e a seguridade de subministración excluindo a parte dos gasodutos de transporte primario utilizados fundamentalmente para a subministración local de gas natural. En todo caso, consideraranse incluídas as conexións internacionais do sistema gasista español con outros sistemas, as conexións con xacementos de gas natural no interior ou con almacenamentos básicos, as conexións coas plantas de regasificación, as estacións de compresión e os elementos auxiliares necesarios para o seu funcionamento.

2.º Rede de influencia local: gasodutos de transporte utilizados fundamentalmente para a subministración local de gas natural.

b) As plantas de regasificación de gas natural licuado que poidan abastecer o sistema gasista e as plantas de licuefacción de gas natural.

c) Os almacenamentos básicos de gas natural, que poidan abastecer o sistema gasista.

3. As redes de transporte secundario están formadas polos gasodutos de presión máxima de deseño comprendida entre 60 e 16 bares.

4. As redes de distribución comprenderán os gasodutos con presión máxima de deseño igual ou inferior a 16 bares e aqueles outros que, con independencia da súa presión máxima de deseño, teñan por obxecto conducir o gas a un único consumidor partindo dun gasoduto da rede básica ou de transporte secundario.

5. Almacenamentos non básicos de gas natural son as estruturas de almacenamento de gas natural no subsolo e as instalacións de superficie que se requiran, con carácter temporal ou permanente, para o desenvolvemento da actividade de explotación do almacenamento subterráneo de gas natural, incluídos os gasodutos de conexión entre o almacenamento e a rede básica de gas natural. Estas instalacións quedarán excluídas do réxime retributivo do sistema de gas natural.»

Oito. A redacción do segundo parágrafo do número 2 do artigo 62 pasa a ser a que segue:

«No caso das sociedades que teñan por obxecto a realización de actividades reguladas, de acordo co artigo 60.1 da presente lei, levarán na súa contabilidade contas separadas para cada unha delas que diferencien entre os ingresos e os gastos estritamente imputables a cada unha das ditas actividades. Así mesmo, os xestores de rede independentes levarán na súa contabilidade contas separadas para cada empresa xestionada que diferencien os ingresos e gastos imputables á dita xestión.»

Nov. A redacción do primeiro parágrafo do número 4 do artigo 62 pasa a ser a seguinte:

«4. As entidades que actúen no sistema gasista deberán proporcionar á Administración competente a información que lles sexa requirida, en especial en relación cos contratos de abastecemento e subministración de gas que tivesen suscrito e coas súas contas anuais que se deberán auditar de conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de auditoría de contas e as disposicións que a desenvolven. A auditoría verificará en particular que se respecta a obriga de evitar discriminacións e subvencións cruzadas entre actividades reguladas, e entre estas e as actividades liberalizadas.»

Dez. O artigo 63 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 63. *Separación de actividades.*

1. As sociedades mercantís que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades reguladas de regasificación, almacenamento básico, transporte e distribución a que se refire o artigo 60.1 da presente lei deben ter como obxecto social exclusivo o seu desenvolvemento sen que poidan, por tanto, realizar actividades de produción ou comercialización nin tomar participacións en empresas que realicen estas actividades.

2. Os transportistas que operen algunha instalación comprendida na rede básica de gas natural, definida no número 2 do artigo 59, deberán ter como único obxecto social no sector gasista a actividade de transporte definida no artigo 58.a), e poderán incluír entre os seus activos gasodutos da rede secundaria de transporte, debendo levar na súa contabilidade interna contas separadas das actividades de regasificación, almacenamento e transporte.

3. As empresas propietarias de instalacións pertencentes á rede troncal de gasodutos deberán operar e xestionar as súas propias redes, ou ceder a súa xestión a un xestor de rede independente nos casos previstos na presente lei.

Os xestores de rede de transporte deberán cumprir as seguintes condicións:

a) Ningunha persoa física ou xurídica que exerza control, de maneira directa ou indirecta, sobre o xestor de rede de transporte poderá exercer control, de maneira directa ou indirecta, sobre unha empresa que leve a cabo actividades de produción ou comercialización de gas natural, nin viceversa.

b) Ningunha persoa física ou xurídica que sexa membro ou teña dereito a nomear os membros do consello de administración ou dos órganos que representen legalmente o xestor da rede de transporte, poderá exercer control ou dereitos nunha empresa que leve a cabo calquera das funcións de produción ou comercialización de gas natural. Tampouco poderá transferir persoal do xestor de rede de transporte a empresas que realicen funcións de produción ou subministración.

Para estes efectos considerárase que unha sociedade exerce o control doutra nos termos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

Non obstante o anterior, aquelas empresas transportistas, que fosen propietarias de instalacións da rede troncal con anterioridade ao día 3 de setembro de 2009 e que por formar parte dun grupo empresarial a que pertencen sociedades que desenvolvan actividades de produción ou comercialización non dean cumprimento ao disposto no parágrafo anterior, poderán optar por manter a propiedade das instalacións da rede troncal sempre e cando cedan a súa xestión a un xestor de rede independente nas condicións establecidas no artigo 63 quáter.

4. Sen prexuízo do establecido no número 3 para empresas propietarias de instalacións da rede troncal de gas, un grupo de sociedades poderá desenvolver actividades incompatibles de acordo coa lei sempre que sexan exercidas por sociedades diferentes e se cumpran os seguintes criterios de independencia:

a) As persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas non poderán participar en estruturas organizativas do grupo empresarial que sexan responsables, directa ou indirectamente, da xestión cotiá de actividades de produción ou comercialización.

b) Os grupos de sociedades garantirán a independencia das persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas mediante a protección dos seus intereses profesionais. En particular, establecerán garantías no que concirne á súa retribución e ao seu cesamento.

As sociedades que realicen actividades reguladas e as persoas responsables da súa xestión que se determinen non poderán posuír accións de sociedades que realicen actividades de produción ou comercialización.

Así mesmo, en relación coas actividades reguladas, as persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades de distribución non poderán participar en estruturas organizativas do grupo empresarial en que sexan responsables, directa ou indirectamente, da xestión cotiá da actividade de transporte, e viceversa.

Ademais, as sociedades que realicen actividades reguladas así como os seus traballadores non poderán compartir información comercialmente sensible coas empresas do grupo de sociedades a que pertencen no caso de que estas realicen actividades liberalizadas.

c) As sociedades que realicen actividades reguladas terán capacidade de decisión efectiva, independente do grupo de sociedades, con respecto a activos necesarios para explotar, manter ou desenvolver as instalacións de regasificación de gas natural licuado, e de transporte, almacenamento e distribución de gas natural.

Non obstante, o grupo de sociedades terá dereito á supervisión económica e da xestión das referidas sociedades, e poderán someter á aprobación o plan financeiro anual, ou instrumento equivalente, así como establecer límites globais ao seu nivel de endebedamento.

En ningún caso poderá o grupo empresarial dar instrucións ás sociedades que realicen actividades reguladas respecto da xestión cotiá, nin respecto de decisións particulares referentes á construción ou mellora de activos de regasificación de gas natural licuado, e de transporte, almacenamento e distribución de gas natural, sempre que non se exceda o establecido no plan financeiro anual ou instrumento equivalente.

d) As sociedades que realicen actividades reguladas establecerán un código de conduta en que se expoñan as medidas adoptadas para garantir o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b) e c) anteriores.

Este código de conduta establecerá obrigas específicas dos empregados, e o seu cumprimento será obxecto da adecuada supervisión e avaliación pola sociedade.

Anualmente, presentarase un informe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e á Comisión Nacional de Enerxía, que será publicado no "Boletín Oficial del Estado", en que se indiquen as medidas adoptadas para o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b) e c) anteriores.

5. Sen prexuízo do establecido no número 1, calquera adquisición de participacións accionariais por parte daquelas sociedades mercantís que desenvolvan actividades reguladas exixirá a obtención da autorización previa a que se refire a disposición adicional décimo primeira desta lei.

6. As empresas distribuidoras que formen parte dun grupo de sociedades que desenvolvan actividades reguladas e non reguladas nos termos previstos na presente lei non crearán confusión na súa información e na presentación da súa marca e imaxe de marca respecto á identidade propia das filiais do seu mesmo grupo que realicen actividades de comercialización, sen prexuízo das infraccións previstas na normativa vixente a este respecto.»

Once. Engádesse un novo artigo 63 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 63 bis. *Certificación dos xestores de rede de transporte.*

1. Os xestores de rede de transporte, incluíndo os xestores de rede independentes, deberán obter previamente unha certificación de cumprimento dos requisitos de separación de actividades outorgada pola Comisión Nacional de Enerxía de acordo co procedemento recollido nos puntos seguintes.

2. As empresas que pretendan ser xestores dunha instalación pertencente á rede troncal deberán solicitar a citada certificación á Comisión Nacional de Enerxía.

Así mesmo, aquelas empresas que fosen certificadas deberán notificar á Comisión Nacional de Enerxía calquera transacción que poida requirir un control do cumprimento dos requisitos relativos á separación de actividades, incluíndo toda circunstancia que poida ocasionar que unha persoa ou persoas dun país non membro da Unión Europea asuma o control de parte da rede troncal ou dun xestor de rede de transporte.

3. A Comisión Nacional de Enerxía iniciará o procedemento de certificación tras a solicitude ou notificación pola empresa interesada, logo dunha solicitude motivada do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou da Comisión Europea ou por iniciativa propia naqueles casos en que teña coñecemento de posibles transaccións que poidan dar ou desen lugar ao incumprimento dos requisitos establecidos en relación coa separación de actividades.

4. A Comisión Nacional de Enerxía, logo de audiencia e de forma motivada, adoptará unha resolución provisional sobre a certificación no prazo máximo de catro meses desde a presentación da solicitude ou notificación. Transcorrido o dito prazo sen se ter ditado resolución expresa, considerarase a certificación provisional concedida.

5. En todos os casos, a Comisión Nacional de Enerxía deberá comunicar á Comisión Europea a súa resolución provisional en relación coa certificación da empresa interesada xunto coa documentación pertinente relativa a ela, co fin de que esta emita o correspondente ditame previo á adopción da resolución definitiva. Así mesmo, remitirá copia do expediente ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

De non emitir un ditame a Comisión Europea no prazo previsto para o efecto na lexislación comunitaria, considerarase que non pon obxeccións á resolución provisional da Comisión Nacional de Enerxía.

6. No prazo de dous meses desde a recepción do ditame emitido pola Comisión Europea, ou esgotados os prazos previstos para o efecto na lexislación comunitaria, a Comisión Nacional de Enerxía resolverá con carácter definitivo sobre a certificación, dando cumprimento á decisión da Comisión Europea. Esta resolución, xunto co ditame da Comisión Europea, deberá publicarse no "Boletín Oficial del Estado" e no "Diario Oficial de la Unión Europea". A certificación non producirá efectos ata a súa publicación.

7. En calquera fase do procedemento, a Comisión Nacional de Enerxía e a Comisión Europea poderán solicitar á empresa transportista ou ás empresas que realicen actividades de produción ou comercialización calquera información útil para o cumprimento das tarefas recollidas neste artigo.

A Comisión Nacional de Enerxía garantirá a confidencialidade da información sensible para efectos comerciais.»

Doce. Engádesse un novo artigo 63 ter coa seguinte redacción:



«Artigo 63 ter. *Certificación en relación con países non pertencentes á Unión Europea.*

1. Cando se solicite unha certificación por parte dunha empresa que estea controlada por unha persoa ou persoas dun ou máis países non membros da Unión Europea, a Comisión Nacional de Enerxía notificarallo á Comisión Europea, así como toda circunstancia que poida ocasionar que unha persoa ou persoas dun ou máis países terceiros asuman o control de parte da rede troncal ou dun xestor de rede de transporte.

2. A Comisión Nacional de Enerxía iniciará o proceso de certificación de acordo co procedemento e prazos previstos no artigo 63 bis.

En calquera caso, a Comisión Nacional de Enerxía denegará a certificación se non se demostrou:

- a) que a entidade en cuestión cumpre os requisitos do artigo 63, e
- b) que a concesión da certificación non porá en perigo a seguridade de subministración enerxética nacional e da Unión Europea, tendo en conta os dereitos e obrigas de España e da Unión Europea con respecto ao dito país terceiro, e outros datos e circunstancias específicos do caso e do país terceiro de que se trate.

Na notificación da resolución provisional á Comisión Europea, a Comisión Nacional de Enerxía solicitará un ditame específico sobre se a entidade en cuestión cumpre os requisitos de separación de actividades, e se a concesión da certificación non porá en perigo a seguridade da subministración de enerxía á Unión Europea.

3. Cando a resolución definitiva difira do ditame da Comisión Europea, a Comisión Nacional de Enerxía comunicará e fará público, xunto coa dita resolución, a súa motivación.»

Trece. Engádesse un novo artigo 63 quáter coa seguinte redacción:

«Artigo 63 quáter. *Xestor de rede independente.*

1. As empresas propietarias de instalacións da rede troncal de gasodutos que non cumpran os requisitos de separación de actividades establecidos no artigo 63.3, e que con anterioridade ao 3 de setembro de 2009 fosen propietarios das ditas instalacións, poderán optar por ceder a súa xestión a un xestor de rede independente.

Para estes efectos, proporán un xestor de rede independente entre as empresas que obtivesen a certificación de cumprimento dos requisitos de separación de actividades de transporte e solicitarán ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo a súa aprobación. Esta designación estará supeditada á aprobación da Comisión Europea e poderá ser denegada en caso de que o xestor de rede independente non cumpra algún dos requisitos establecidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O xestor de rede independente deberá:

- a) Demostrar que dispón dos recursos humanos, técnicos, financeiros e físicos necesarios para levar a cabo as súas funcións.
- b) Dispor de capacidade para cumprir coas obrigas que impón o Regulamento (CE) n.º 715/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1775/2005, incluída a cooperación dos transportistas nos ámbitos europeo e rexional.

3. As funcións que deberá levar a cabo o xestor de rede independente en relación coas instalacións da rede troncal cuxa xestión lle fosen encomendadas serán:

- a) Conceder e xestionar as solicitudes de acceso ás instalacións.
- b) Asinar os contratos e recadar as peaxes correspondentes ao acceso de terceiros ás instalacións.
- c) Explotar, manter e desenvolver a rede de transporte de acordo co previsto na planificación obrigatoria, na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.
- d) Planificar as infraestruturas necesarias para o correcto funcionamento das instalacións que xestionan, tramitar as autorizacións correspondentes e construílas, sempre e cando as instalacións non sexan obxecto de adjudicación directa de acordo co disposto no artigo 67.1 da presente lei.
- e) Adoptar as medidas necesarias para dar cobertura ás responsabilidades correspondentes ás súas funcións en relación cos activos cuxa xestión lle fose cedida.

4. Os propietarios de instalacións da rede troncal que cedesen a súa xestión a un xestor de rede independente deberán:

- a) Cooperar e apoiar o xestor de rede independente para o desenvolvemento das súas funcións, incluída a achega de toda a información necesaria.
- b) Adoptar as medidas necesarias para dar cobertura á responsabilidade derivada dos seus activos, exceptuando a correspondente ás funcións do xestor de rede independente.
- c) Financiar os investimentos decididos polo xestor de rede independente e aprobados pola Comisión Nacional de Enerxía, ou dar o seu consentimento para que sexan financiados por calquera parte interesada, incluído o xestor de rede independente. Os correspondentes mecanismos de financiamento deberán ser aprobados pola Comisión Nacional de Enerxía, que previamente deberá consultar ao propietario dos activos xunto con outras partes interesadas.
- d) Achegar as garantías necesarias para facilitar o financiamento de calquera ampliación da rede, con excepción dos investimentos para cuxo financiamento por calquera parte interesada dese o seu consentimento.
- e) Non serán competentes para a concesión e xestión do acceso de terceiros ás instalacións cedidas nin da planificación de investimentos.

5. Para estes efectos, o xestor de rede independente e o propietario das instalacións da rede troncal asinarán un contrato en que se detallen as condicións contractuais así como responsabilidades de cada un. O dito contrato deberá ser aprobado pola Comisión Nacional de Enerxía.

6. A Comisión Nacional de Enerxía controlará que o propietario da rede de transporte e o xestor de rede independente cumpren o establecido no presente artigo. Para estes efectos poderá solicitar a información que considere necesaria para o exercicio das súas funcións e realizar inspeccións, mesmo sen aviso previo, das instalacións tanto do titular das instalacións de transporte como do xestor de rede independente.

7. A Comisión Nacional de Enerxía actuará como órgano de resolución de conflitos entre o titular da instalación de transporte e o xestor de rede independente, cando un deles o reclame.»

Catorce. Engádesse unha nova alínea r) ao artigo 64 coa seguinte redacción:

«r) Supervisar a correcta execución por parte dos axentes do sistema das medidas adoptadas polo Goberno ante situacións de emerxencia e elaborar un informe sobre os resultados da dita supervisión que se porá á disposición do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e da Comisión Nacional de Enerxía.»

Quince. O cuarto parágrafo do número 1 do artigo 67 pasa a ter a seguinte redacción:

«As autorizacións de construción e explotación dos gasodutos de transporte obxecto de planificación obrigatoria, de acordo co artigo 4 da presente lei, deberán ser outorgadas mediante un procedemento que asegure a concorrencia, promovido e resolto pola autoridade competente cando se trate de gasodutos de transporte secundario. No caso das instalacións que formen parte da rede troncal, a construción e a explotación das instalacións serán autorizadas de forma directa á empresa titular da maior parte das instalacións da rede troncal. No caso doutros gasodutos de transporte competencia da Administración xeral do Estado, poderán adjudicarse aos titulares das instalacións ás cales se conecten.»

Dezaseis. O número 4 do artigo 67 pasa a ter o seguinte teor:

«4. As autorizacións de instalación de transporte conterán todos os requisitos que deban ser observados na súa construción e explotación.

Cando as instalacións autorizadas se deban conectar a instalacións xa existentes de distinto titular, este ou, se for o caso, o xestor de rede de transporte ou o xestor de rede independente correspondente, deberá permitir a conexión nas condicións que regulamentariamente se establezan.»

Dezasete. O artigo 68 queda redactado da maneira seguinte:

«Artigo 68. *Obrigas dos titulares de autorizacións para a regasificación, transporte e almacenamento de gas natural.*

Os titulares de autorizacións administrativas para a regasificación de gas natural licuado e para o transporte e almacenamento de gas natural, así como os xestores de rede independentes, no que lles sexa de aplicación, terán as seguintes obrigas:

a) Realizar as súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, prestando o servizo de forma regular e continua, cos niveis de calidade que se determinen e mantendo as instalacións nas adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica, seguindo as instrucións impartidas polo xestor técnico do sistema e, se é o caso, pola Administración competente.

b) Presentar ao secretario de Estado de Enerxía do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional de Enerxía, antes do 15 de outubro de cada ano, os plans de investimento anuais e plurianuais, cun horizonte mínimo de dez anos.

Nos plans de investimentos anuais figurarán, como mínimo, os datos dos proxectos previstos para o ano seguinte, as súas principais características técnicas, orzamento e calendario de execución.

c) Facilitar o uso das súas instalacións para os movementos de gas resultantes do disposto na presente lei, e admitir a utilización de todas as súas instalacións por todos os suxeitos autorizados, en condicións non discriminatorias, de acordo coas normas técnicas.

d) Garantir a confidencialidade da información sensible para efectos comerciais que figure no seu poder e evitar que se revele información confidencial sobre as súas propias actividades de forma discriminatoria que poida supor algunha vantaxe comercial.

e) Celebrar os contratos de regasificación, almacenamento e transporte cos que teñan dereito de acceso ás súas instalacións.

f) Proporcionar a calquera outra empresa que realice actividades de almacenamento, transporte e distribución, e ao xestor do sistema, suficiente información para garantir que o transporte e o almacenamento de gas se poida producir de maneira compatible co funcionamento seguro e eficaz da rede interconectada.

g) Proporcionar a información co detalle e frecuencia con que sexa requirida por parte da Administración competente e comunicar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo os contratos que celebren de acceso ás súas instalacións. Así mesmo, deberán comunicar ás administracións das comunidades autónomas os contratos de acceso ás súas instalacións cando estas instalacións estean situadas total ou parcialmente nesa comunidade autónoma e o contratante deses servizos sexa un consumidor cualificado, un comercializador ou un transportista con instalacións nesa comunidade autónoma.

h) Participar no proceso de planificación mediante a proposta das instalacións que consideren necesarias para asegurar a suficiente capacidade de acordo coas previsións de demanda e de acordo co que se determine regulamentariamente.»

Dezaoito. Modifícase a redacción do artigo 70, que queda como segue:

«Artigo 70. *Acceso ás instalacións de transporte.*

1. Os titulares das instalacións deberán permitir a súa utilización aos consumidores directos en mercado e aos comercializadores que cumpran as condicións exixidas, mediante a contratación separada ou conxunta dos servizos de transporte, regasificación e almacenamento, sobre a base de principios de non discriminación, transparencia e obxectividade. O prezo polo uso das redes de transporte virá determinado polas peaxes en vigor.

2. Regulamentariamente regularanse as condicións de acceso de terceiros ás instalacións, as obrigas e dereitos dos titulares das instalacións relacionadas co acceso de terceiros, así como as dos consumidores directos en mercado e comercializadores. Así mesmo, definirase o contido mínimo dos contratos e, se é o caso, regularanse as condicións de funcionamento do mercado secundario de capacidade.

3. No caso do acceso a instalacións de regasificación, almacenamento básico, transporte e distribución, o acceso será regulado.

A planificación obrigatoria determinará o carácter básico dos almacenamentos segundo criterios económicos e técnicos, así como as necesidades de almacenamento, tanto estratéxico como operativo, para o funcionamento eficiente do sistema.

No caso dos almacenamentos non básicos, incluídos con carácter indicativo na planificación, o acceso será negociado con base en criterios transparentes, obxectivos e non discriminatorios. As instalacións quedarán excluídas do réxime retributivo do sistema de gas natural.

Os titulares dos almacenamentos non básicos presentarán á Comisión Nacional de Enerxía a metodoloxía de asignación de capacidade ás súas instalacións e as metodoloxías para o cálculo dos canons con obxecto de que esta poida verificar que se cumpren os criterios de transparencia, obxectividade e non discriminación incluídos no parágrafo anterior.

Así mesmo, deberán comunicarlles á Comisión Nacional de Enerxía e ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as principais condicións comerciais, servizos ofrecidos, contratos que subscriban, relación de prezos pola utilización das instalacións, así como as modificacións que se produzan neles, nun prazo máximo de tres meses. A Comisión Nacional de Enerxía fará pública a parte desta información que non sexa sensible para efectos comerciais.

4. Poderá denegarse o acceso á rede en caso de insuficiente capacidade ou cando o acceso á rede impida cumprir as obrigas de subministración que se tivesen imposto ou debido a dificultades económicas e financeiras graves que poidan derivar da execución dos contratos de compra obrigatoria, nas condicións e co procedemento que regulamentariamente se estableza seguindo os criterios da lexislación uniforme comunitaria que se dispoñan.

5. Poderá, así mesmo, logo de conformidade da Comisión Nacional de Enerxía, denegarse o acceso á rede, cando a empresa subministradora de gas, directamente ou por medio de acordos con outras empresas subministradoras, ou aquelas ás cales calquera delas estea vinculada, radique nun país en que non estean recoñecidos dereitos análogos e se considere que poida resultar unha alteración do principio de reciprocidade para as empresas ás cales se require o acceso, isto sen prexuízo dos criterios que se seguirán respecto de empresas de Estados membros da Unión Europea conforme a lexislación uniforme na materia que esta estableza.

6. Con carácter excepcional, poderase exceptuar da obriga de acceso de terceiros en relación con determinadas instalacións novas ou as modificacións de instalacións existentes que supoñan aumento significativo de capacidade ou que permitan o desenvolvemento de novas fontes de subministración de gas que polas súas características singulares así o requiran, de acordo co procedemento de autorización da exención recollido no artigo 71 da presente lei.

No caso de conexións internacionais con instalacións de países terceiros, que non formen parte da Unión Europea, a citada excepción farase constar na planificación en materia de hidrocarburos elaborada polo Goberno de acordo co establecido no artigo 4.

A citada excepción suporá a non inclusión da instalación no réxime retributivo do sector de gas natural.

7. Os consumos que se subministren exclusivamente a través de acometidas ou liñas directas conectadas a instalacións de acceso ao sistema acollidas ao disposto no número 5 do presente artigo deberán cumprir as obrigas impostas na presente lei e, en particular, as derivadas do artigo 98, con instalacións non incluídas na rede básica.»

Dezanove. Engádesse un novo artigo 71 co seguinte título e redacción:

«Artigo 71. *Exención de obriga de acceso de terceiros.*

1. Poderá solicitarse a exención da obriga de acceso de terceiros a que se refire o número 6 do artigo 70, sempre que cumpran as seguintes condicións:

- a) O investimento debe reforzar a competencia na subministración de gas e potenciar a seguridade de subministración.
- b) O nivel de risco inherente ao investimento é tal que este non se levaría a cabo de non concederse a exención.
- c) A infraestrutura será propiedade dunha entidade distinta, polo menos na personalidade xurídica, dos transportistas en cuxas redes se vaia construír a infraestrutura.
- d) Cobraranse canons aos usuarios da infraestrutura.
- e) A exención non vai en detrimento da competencia, nin do funcionamento eficaz do mercado interior do gas da Unión Europea, nin do funcionamento eficiente da rede regulada a que estea conectada a infraestrutura.

A exención do acceso de terceiros poderá referirse á totalidade ou a parte da capacidade da nova infraestrutura ou da infraestrutura existente cuxa capacidade se aumenta.

2. Para estes efectos o titular da instalación solicitará a exención ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, que requirirá un informe á Comisión Nacional de Enerxía.

A Comisión Nacional de Enerxía remitirá á Comisión Europea copia das solicitudes de exención recibidas e analizará cada caso en particular, tomando en consideración, entre outros aspectos, a capacidade adicional que se vaia construír ou a modificación da capacidade existente, o prazo previsto do proxecto e as

circunstancias do sector gasista. No seu informe, a Comisión Nacional de Enerxía propondrá condicións en relación coa duración da exención e o acceso non discriminatorio á infraestrutura.

Así mesmo, no seu informe, a Comisión Nacional de Enerxía propondrá as normas e os mecanismos de xestión e asignación da capacidade. En todo caso, realizarase unha consulta previa a todos os posibles usuarios en relación co seu interese por contratar a nova capacidade antes de efectuar a asignación desta, incluíndo a capacidade para uso propio. Os resultados da dita consulta previa serán tidos en conta pola Comisión Nacional de Enerxía na avaliación do cumprimento dos criterios establecidos no número 1 do presente artigo.

A capacidade non utilizada deberá ser ofrecida no mercado de forma transparente, obxectiva e non discriminatoria, e os usuarios da infraestrutura terán dereito a vender a capacidade contratada no mercado secundario.

3. A Comisión Nacional de Enerxía elevará o informe, xunto con toda a documentación que conste no expediente, ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo, que resolverá mediante orde que será publicada no "Boletín Oficial del Estado". Así mesmo, publicarase a dita orde xunto co informe adoptado pola Comisión Nacional de Enerxía na páxina web do dito organismo.

4. A orde de exención será notificada á Comisión Europea xunto con toda a información pertinente relacionada con ela, para os efectos do artigo 36.9 da Directiva 2009/73/CE e, se é o caso, adaptarse ou revogarse segundo sexa a decisión que adopte a Comisión en virtude do citado artigo.

5. A decisión de exención aprobada pola Comisión Europea deixará de ter efectos aos dous anos da súa aprobación se, para aquela, non se tiver iniciado a construción da infraestrutura, e aos cinco anos da súa aprobación se, para aquela, a infraestrutura non estiver operativa, a menos que a Comisión Europea decida que os atrasos están motivados.

6. Naqueles casos en que a infraestrutura para a cal se solicitou a exención se encontre situada no territorio de máis dun Estado membro da Unión Europea, aplicarase o disposto no artigo 36.4 da Directiva 2009/73/CE.»

Vinte. Engádesse unha nova alínea t) ao final do artigo 74.1 co seguinte teor:

«t) Cumprir os prazos que se establezan regulamentariamente para as actuacións que lles corresponden en relación cos cambios de subministrador. O prazo que se estableza regulamentariamente non poderá ser superior en ningún caso ás tres semanas.»

Vinte e un. Engádense catro novas alíneas ao final do número 2 do artigo 81 coa seguinte redacción:

«n) Para a subministración a consumidores finais deberán dispor dun servizo de atención ás súas queixas, reclamacións, solicitudes de información ou comunicacións de calquera incidencia en relación co servizo contratado ou ofertado, pondo á súa disposición un enderezo postal, un servizo de atención telefónica e un número de teléfono, ambos gratuítos, un número de fax e un enderezo de correo electrónico ao cal os consumidores se poidan dirixirse directamente. Este sistema de comunicación electrónica deberá emitir de forma automatizada un xustificante de recepción con indicación da data, hora e número de solicitude, de maneira que exista unha seguridade de que a solicitude do cidadán tivo entrada. Os prestadores comunicarán o seu enderezo legal se este non coincide co seu enderezo habitual para a correspondencia.

o) Manter á disposición do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, da Comisión Nacional de Enerxía, da Comisión Nacional da Competencia e da Comisión Europea, durante polo menos cinco anos, os datos pertinentes sobre todas as transaccións dos contratos de subministración de gas e os derivados

relacionados co gas subscritos cos clientes grosistas e os xestores de redes de transporte, así como cos xestores de almacenamentos e de redes de GNL.

p) Informar os clientes sobre os sistemas de resolución extraxudicial de conflitos de que dispón e a forma de acceso a eles.

q) Cumprir os prazos que se establezan regulamentariamente para as actuacións que lles corresponden en relación cos cambios de subministrador. O prazo que se estableza regulamentariamente non poderá ser superior en ningún caso ás tres semanas.»

Vinte e dous. Modifícanse os números 3, 4 e 5 do artigo 92, que quedan redactados como segue:

«3. As empresas que realicen as actividades reguladas no presente título facilitarán á Comisión Nacional de Enerxía e ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo canta información sexa necesaria para a determinación das peaxes e canons. Esta información estará tamén á disposición das comunidades autónomas que o soliciten, no relativo ao seu ámbito territorial.

4. A Comisión Nacional de Enerxía establecerá as metodoloxías para o cálculo das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso: transporte e distribución, regasificación, almacenamento e carga de cisternas dentro do marco retributivo e tarifario definido na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, co acordo previo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, aprobará os valores das ditas peaxes de acordo coa metodoloxía establecida pola Comisión Nacional de Enerxía e o resto de custos do sistema que sexan de aplicación.

5. As peaxes e canons terán en conta os custos en que se incorreu polo uso da rede de maneira que se optimice o uso das infraestruturas, e poderán diferenciarse por niveis de presión, características do consumo e duración dos contratos.»

Vinte e tres. Engádese un terceiro parágrafo ao final do artigo 100, coa seguinte redacción:

«O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, en colaboración coa Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos, elaborará e publicará, antes do 31 de xullo de cada ano, un informe cos resultados da supervisión dos aspectos relativos á seguridade de subministración, así como as medidas adoptadas ou previstas para resolver os problemas achados.»

Vinte e catro. Engádense dous novos puntos ao artigo 101 coa seguinte redacción:

«3. O Goberno fomentará a cooperación con países terceiros a fin de desenvolver mecanismos coordinados ante situacións de emerxencia ou escaseza de subministración, así como para dar cumprimento ás obrigas derivadas dos compromisos internacionais adquiridos.

4. O Goberno notificará á Comisión Europea e aos demais Estados membros as medidas adoptadas.»

Vinte e cinco. As alíneas g) e h) do artigo 109.1 quedan redactadas como segue:

«g) O incumprimento das decisións xuridicamente vinculantes e requirimentos efectuados pola Administración competente, incluída a Comisión Nacional de Enerxía, ou polo xestor técnico do sistema no ámbito das súas funcións, cando resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.

h) A realización de actividades incompatibles, así como o incumprimento por parte dos suxeitos obrigados a isto da obriga de separación patrimonial, separación

funcional e de levar contas separadas de acordo co disposto na presente lei e nas súas normas de desenvolvemento.»

Vinte e seis. Ao final do artigo 109.1 cámbiase a denominación da alínea z.bis por aa) e engádense dúas novas alíneas coas seguintes redaccións:

«ab) O incumprimento, de forma reiterada, por parte dos suxeitos obrigados dos regulamentos e decisións do dereito da Unión Europea que lles sexan de aplicación no sector de hidrocarburos.

ac) O incumprimento, de forma reiterada, por parte dos xestores de rede independentes ou dos propietarios das instalacións cuxa xestión lles cedesen, das obrigas establecidas no artigo 63 quáter da presente lei.»

Vinte e sete. A alínea d) do artigo 110 queda redactado como segue:

«d) O incumprimento das decisións xuridicamente vinculantes e requirimentos efectuados pola Administración competente, incluída a Comisión Nacional de Enerxía, ou polo xestor técnico do sistema no ámbito das súas funcións, cando non resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.»

Vinte e oito. Ao final do artigo 110 engádense tres novas alíneas coas seguintes redaccións:

«u) O incumprimento por parte das empresas distribuidoras e comercializadoras de gas natural das obrigas de mantemento e correcto funcionamento dun servizo de atención aos consumidores, así como das medidas de protección ao consumidor de acordo co establecido na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

v) O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados dos regulamentos e decisións da Unión Europea que lles sexan de aplicación no sector de hidrocarburos.

w) O incumprimento por parte dos xestores de rede independentes ou dos propietarios das instalacións cuxa xestión lles cedesen, das obrigas establecidas no artigo 63 quáter da presente lei.»

Vinte e nove. O teor do artigo 111 pasa a ser o seguinte:

«Artigo 111. *Infraccións leves.*

Constitúen infraccións leves aquelas infraccións de preceptos de obrigada observancia comprendidos na presente lei, nas súas normas de desenvolvemento e demais normativa de aplicación que non constitúan infracción grave ou moi grave, conforme o disposto nos dous artigos anteriores.»

Trinta. Ao final do número 1 do artigo 113 engádese o seguinte parágrafo:

«Non obstante os límites establecidos anteriormente, no caso das sancións impostas pola Comisión Nacional de Enerxía, a contía nunca poderá superar a seguinte porcentaxe do importe do volume de negocios anual da empresa infractora, ou do volume de negocios anual consolidado da sociedade matriz do grupo integrado verticalmente a que pertenza:

- a) O 1 por cento nas infraccións leves.
- b) O 5 por cento nas infraccións graves.
- c) O 10 por cento nas infraccións moi graves.»

Trinta e un. O artigo 116 pasa a ter a seguinte redacción:



«Artigo 116. *Competencias para impor sancións.*

1. A competencia para a imposición das sancións estará determinada pola competencia para autorizar a actividade en cuxo exercicio se cometeu a infracción, ou pola competencia para autorizar as correspondentes instalacións.

2. Sen prexuízo do disposto no número 4, no ámbito da Administración xeral do Estado, as sancións por infraccións moi graves serán impostas polo Consello de Ministros e polas graves, polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo. A imposición das sancións por infraccións leves corresponderá ao director xeral de Política Enerxética e Minas.

3. No ámbito das comunidades autónomas aplicarase o previsto na súa propia normativa.

4. A Comisión Nacional de Enerxía será competente para impor sancións nos seguintes casos:

a) Infraccións moi graves previstas no artigo 109.1. h), i), q, r) e ac).

Así mesmo, poderá impor sancións no caso das infraccións tipificadas nas alíneas d), g) e j) do artigo 109.1 sempre e cando a infracción se produza pola negativa ao cumprimento de decisións xuridicamente vinculantes, remisión de información ou realización de inspeccións e outros requirimentos da Comisión Nacional de Enerxía no ámbito das súas competencias.

b) Infraccións graves previstas no artigo 110. l), t), u) e w).

Así mesmo, poderá impor sancións no caso das infraccións tipificadas nas alíneas d) e f) do artigo 110, sempre e cando a infracción se produza pola negativa ao cumprimento de decisións xuridicamente vinculantes, remisión de información ou realización de inspeccións e outros requirimentos da Comisión Nacional de Enerxía no ámbito das súas competencias.

c) Infraccións leves en relación con incumprimentos de decisións xuridicamente vinculantes e requirimentos da Comisión Nacional de Enerxía no ámbito das súas competencias.»

Trinta e dous. Na disposición adicional décimo primeira.terceiro.1 engádense as seguintes funcións da Comisión Nacional de Enerxía, a continuación da función décimo oitava:

«Décimo novena: establecer mediante circulares, logo do trámite de audiencia e con criterios de eficiencia económica, transparencia, obxectividade e non discriminación:

i. A metodoloxía para o cálculo da parte das peaxes de acceso ás redes de electricidade correspondentes aos custos de transporte e distribución, que se establecen no artigo 17.1. da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, de acordo co marco tarifario e retributivo establecido na dita lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Para estes efectos, entenderase como metodoloxía de cálculo das peaxes a asignación eficiente dos custos de transporte e distribución aos consumidores e xeradores.

ii. A metodoloxía relativa ao acceso ás infraestruturas transfronteirizas, incluídos os procedementos para asignar capacidade e xestionar a conxestión, de acordo co marco normativo de acceso ás infraestruturas e de funcionamento do mercado de produción de enerxía eléctrica e aos criterios que se determinen regulamentariamente.

iii. As metodoloxías relativas á prestación de servizos de equilibrio entre sistemas xestionados por distintos operadores do sistema, que desde o punto de

vista de menor custo, de maneira xusta e non discriminatoria proporcionen incentivos adecuados para que os usuarios da rede equilibren a súa produción e consumo, de acordo co marco normativo para o correcto funcionamento do sistema eléctrico.

iv. A metodoloxía para o cálculo das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso ás instalacións gasistas: transporte e distribución, regasificación, almacenamento e carga de cisternas, dentro do marco tarifario e retributivo definido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na súa normativa de desenvolvemento.

v. A metodoloxía relativa á prestación de servizos de balance de forma que proporcionen incentivos adecuados para que os usuarios da rede equilibren as súas entradas e saídas do sistema gasista dentro do marco normativo de acceso e funcionamento do sistema definido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na súa normativa de desenvolvemento.

vi. A metodoloxía relativa ao acceso ás infraestruturas transfronteirizas, incluídos os procedementos para asignar capacidade e xestionar a conxestión, dentro do marco normativo de acceso e funcionamento do sistema definido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na súa normativa de desenvolvemento.

Vixésima: supervisar a xestión e asignación de capacidade de interconexión, o tempo utilizado polos transportistas e as empresas de distribución en efectuar conexións e reparacións, así como os mecanismos destinados a resolver a conxestión da capacidade nas redes.

Para estes efectos velará pola adecuada publicación da información necesaria por parte dos xestores de rede de transporte e, se é o caso, de distribución sobre as interconexións, a utilización da rede e a asignación de capacidades ás partes interesadas.

Vixésimo primeira: supervisar a separación de actividades de transporte, regasificación, distribución, almacenamento e subministración no sector do gas, e entre actividades de xeración, transporte, distribución e subministración no sector eléctrico e, en particular, a súa separación funcional e a separación efectiva de contas con obxecto de evitar subvencións cruzadas entre as ditas actividades.

Vixésimo segunda: velar polo cumprimento da normativa e procedementos que se establezan relacionados cos cambios de subministrador.

Vixésimo terceira: no sector do gas natural, supervisar as condicións de acceso ao almacenamento, incluíndo o almacenamento subterráneo, tanques de gas natural licuado (GNL) e gas almacenado nos gasodutos, así como outros servizos auxiliares. Así mesmo, supervisar o cumprimento por parte dos propietarios dos requisitos que se establezan para os almacenamentos non básicos de gas natural. No caso do sector eléctrico, supervisar as condicións e tarifas de conexión aplicables aos novos produtores de electricidade.

Vixésimo cuarta: supervisar os plans de investimento dos xestores de rede de transporte, en particular no que se refire á súa adecuación ao plan de desenvolvemento da rede no ámbito da Unión Europea, dos cales poderá realizar recomendacións de modificación.

Vixésimo quinta: velar polo respecto á liberdade contractual respecto dos contratos de subministración interrompible, e dos contratos a longo prazo sempre que sexan compatibles coa lexislación vixente e o dereito da Unión Europea.

Vixésimo sexta: velar polo cumprimento das normas de seguridade e fiabilidade das redes.

Vixésimo sétima: velar polo cumprimento por parte dos transportistas e distribuidores e, se é o caso, polos propietarios das redes e polos xestores de redes de transporte e distribución, das obrigas impostas na presente lei, na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e en calquera outra disposición aplicable incluíndo as cuestións transfronteirizas. Así mesmo, velará pola correcta

aplicación por parte dos suxeitos que actúen nos mercados de gas e electricidade do disposto nas disposicións normativas da Unión Europea.

Vixésimo oitava: supervisar a cooperación técnica entre o xestor da rede de transporte de enerxía eléctrica e os xestores de países terceiros.

Vixésimo novena: supervisar as medidas de protección dos consumidores de gas e electricidade, determinando os suxeitos a cuxa actuación sexan imputables deficiencias na subministración aos usuarios. Así mesmo, poderá realizar propostas normativas, en relación cos requisitos de calidade de servizo, subministración e medidas de protección aos consumidores, ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e ás administracións das comunidades autónomas.

Trixésima: supervisar a adecuación dos prezos e condicións de subministración aos consumidores finais ao disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e nas súas normativas de desenvolvemento.

Trixésimo primeira: supervisar nos sectores de gas e electricidade:

1.º O nivel de transparencia e competencia, incluíndo o dos prezos por xunto, e velará por que as empresas de gas e electricidade cumpran as obrigas de transparencia.

2.º O grao e a efectividade da apertura do mercado e de competencia, tanto no mercado grosista coma no retalista. Ademais, no caso do sector eléctrico, nas poxas reguladas de contratación a prazo.

3.º A aparición de prácticas contractuais restritivas, incluídas as cláusulas de exclusividade que poidan impedir ou limitar a decisión dos grandes clientes non domésticos de celebrar contratos simultaneamente con máis dun provedor, pónndo en coñecemento dos organismos competentes no seu caso.

Trixésimo segunda: informar, atender e tramitar, en coordinación coas administracións competentes, a través de protocolos de actuación, as reclamacións presentadas polos consumidores de enerxía eléctrica e do sector de hidrocarburos, e ter á disposición dos consumidores toda a información necesaria relativa aos seus dereitos, á lexislación en vigor e ás vías de solución de conflitos de que dispoñen en caso de litixios. No informe sectorial anual que a Comisión Nacional de Enerxía debe elaborar en virtude do artigo 20 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, incluírase información sobre o número de reclamacións sometidas a informe, atendidas e tramitadas, así como unha valoración sobre estas.

Así mesmo, informará anualmente ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo sobre as reclamacións presentadas e propondrá, se for o caso, as correspondentes melloras regulatorias.»

Trinta e tres. Na disposición adicional décimo primeira.terceiro modifícase o número 5 e engádense os números 6 e 7 coa seguinte redacción:

«5. A Comisión Nacional de Enerxía elaborará anualmente un informe en que detalle as actuacións levadas a cabo para o exercicio das funcións de supervisión encomendadas, así como o seu resultado. O contido deste informe incluírase no informe sectorial anual que a Comisión Nacional de Enerxía debe elaborar en virtude do artigo 20 da Lei 2/2001, do 4 de marzo, de economía sustentable. Así mesmo, propondrá, se é o caso, ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo as correspondentes melloras reguladoras.

Cando a Comisión Nacional de Enerxía detecte, no exercicio das súas funcións de supervisión, a existencia de indicios de incumprimento porao en coñecemento das autoridades competentes e achegará todos os elementos de feito ao seu alcance e, se for o caso, unha proposta de actuación.

6. Con obxecto de cumprir cos seus obxectivos e funcións, e dentro do seu ámbito de actuación, a Comisión Nacional de Enerxía poderá ditar disposicións en forma de circulares de desenvolvemento e execución das normas contidas nos

reais decretos e ordes do ministro de Industria, Enerxía e Turismo que se diten en desenvolvemento da presente lei, sempre que estas disposicións o habiliten de modo expreso para isto. Estas circulares requirirán informe preceptivo do Consello Consultivo de Hidrocarburos e do Consello Consultivo de Electricidade, segundo corresponda e, en caso de incidir significativamente sobre as condicións de competencia nos mercados, informe determinante da Comisión Nacional da Competencia, de conformidade co artigo 17.2. b) da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia. Estas circulares serán publicadas no "Boletín Oficial del Estado".

Os actos e resolucións adoptadas pola Comisión Nacional de Enerxía estarán plenamente motivadas para permitir o control xurisdiccional e estarán á disposición do público, ao mesmo tempo que se preservará a confidencialidade da información sensible para efectos comerciais, segundo o establecido no número 4.

Os actos e resolucións da Comisión Nacional de Enerxía ditados no exercicio das súas funcións públicas porán fin á vía administrativa, e contra eles poderase recorrer ante a xurisdición contencioso-administrativa nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Así mesmo, ante esa xurisdición poderase recorrer contra as disposicións que aprobe mediante circulares a Comisión Nacional de Enerxía, nos termos establecidos na citada Lei 29/1998, do 13 de xullo.

7. A Comisión Nacional de Enerxía terá acceso aos rexistros regulados pola lexislación estatal en materia enerxética. Así mesmo, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo terá acceso ás bases de datos que figuran en poder da Comisión Nacional de Enerxía.

Para estes efectos, realizaranse os desenvolvementos informáticos oportunos co fin de facilitar o acceso electrónico entre ambos os organismos de forma que se poidan realizar consultas sobre a información contidas nas bases de datos e rexistros en condicións que manteñan a seguridade, confidencialidade e integridade da información.»

Trinta e catro. Na disposición adicional décimo primeira engádesse un novo punto sexto coa seguinte redacción:

«Sexto. Obxectivos xerais e relación da Comisión Nacional de Enerxía coa Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía e cos organismos reguladores do resto dos Estados membros da Unión Europea.

1. No exercicio das funcións especificadas na presente lei, e en colaboración con outras autoridades reguladoras nacionais ou os órganos equivalentes das comunidades autónomas, e sen prexuízo das competencias destes, a Comisión Nacional de Enerxía tomará todas as medidas razoables para contribuír a lograr os seguintes obxectivos:

a) Promover o funcionamento competitivo do sector enerxético para garantir a efectiva dispoñibilidade e prestación duns servizos competitivos e de calidade, no que se refire á subministración da electricidade e dos hidrocarburos tanto líquidos como gasosos, en beneficio do conxunto do mercado e dos consumidores e usuarios.

b) Promover, en cooperación coa Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía, coas autoridades reguladoras dos demais Estados membros e coa Comisión Europea, un mercado interior de electricidade e do gas natural competitivo, seguro e sustentable ambientalmente, e abrir o mercado de maneira efectiva a todos os clientes e subministradores comunitarios, así como garantir as condicións adecuadas para que as redes de electricidade e gas funcionen de modo eficaz e fiable, tendo en conta obxectivos a longo prazo.

c) Desenvolver mercados rexionais competitivos e que funcionen adecuadamente no ámbito do mercado da Unión Europea, co fin de lograr o obxectivo mencionado na alínea b).

d) Eliminar as restricións ao comercio da electricidade e do gas natural entre Estados membros, incluíndo neste obxectivo o desenvolvemento da capacidade de transporte transfronteirizo adecuada para satisfacer a demanda e reforzar a integración dos mercados nacionais, que poida facilitar o fluxo da electricidade e do gas natural a través do mercado interior da Unión Europea.

e) Contribuír a lograr, da maneira máis rendible, o desenvolvemento de redes non discriminatorias seguras, eficientes e fiables, orientadas aos consumidores e fomentar a adecuación da rede e, en consonancia cos obxectivos xerais da política enerxética, a eficiencia enerxética, así como a integración da produción a grande escala e a pequena escala da electricidade e do gas a partir de fontes de enerxía renovables e a produción distribuída nas redes tanto de transporte como de distribución.

f) Facilitar o acceso á rede de novas capacidades de produción, en particular, suprimindo os atrancos que puideren impedir o acceso a novos axentes do mercado e de electricidade e gas procedentes de fontes de enerxía renovables.

g) Asegurar que se dan aos xestores e usuarios de redes os incentivos adecuados tanto a curto como a longo prazo para aumentar a eficiencia das prestacións da rede e fomentar a integración do mercado.

h) Contribuír a garantir un alto nivel de servizo, a protección dos consumidores de enerxía, especialmente dos clientes vulnerables, e a compatibilidade dos procesos de intercambio de datos necesarios para que os clientes cambien de subministrador.

2. A Comisión Nacional de Enerxía nomeará un representante entre os membros do Consello e un substituto entre o seu persoal directivo, para efectos de contacto e representación no seo do Consello de Reguladores da Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía, segundo o previsto no artigo 14, número 1, do Regulamento (CE) n.º 713/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, polo que se crea a Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía.

3. A Comisión Nacional de Enerxía fomentará o contacto, a colaboración en cuestións transfronteirizas, a coordinación regular e periódica coa Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía, coa Comisión Europea e cos organismos reguladores dos Estados membros da Unión Europea e doutros Estados.

4. Sen prexuízo das súas competencias específicas, a Comisión Nacional de Enerxía cooperará co resto de organismos reguladores dos Estados membros da Unión Europea co fin de:

a) Promover a aplicación de medidas operativas, co fin de permitir unha xestión óptima da rede, e fomentar os intercambios conxuntos de gas e electricidade e a asignación de capacidade transfronteiriza, así como para permitir un nivel adecuado de capacidade de interconexión, mesmo mediante novas interconexións, nunha rexión e entre rexións, de maneira que se poida dar unha competencia efectiva e mellorar a seguridade da subministración, sen que haxa discriminación entre empresas de subministración de diferentes Estados membros.

b) Coordinar o desenvolvemento de todos os códigos de rede para os xestores de rede de transporte pertinentes e outros axentes do mercado.

c) Coordinar o desenvolvemento das normas que rexen a xestión da conxestión.

5. A Comisión Nacional de Enerxía poderá establecer acordos de cooperación co resto de organismos reguladores dos Estados membros co fin de fomentar a cooperación no ámbito da regulación.

6. A Comisión Nacional de Enerxía comunicará ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo os nomeamentos a que se refire o número 2. Así mesmo, informará ao dito ministerio sobre o desenvolvemento das actuacións que se leven a cabo en aplicación dos números 3 e 4 de forma que se permita realizar un seguimento actualizado delas, e remitirá copia dos acordos a que se refire o número 5.

7. A Comisión Nacional de Enerxía deberá cumprir e pór en práctica as decisións pertinentes e xuridicamente vinculantes da Axencia e a Comisión Europea. A Comisión Nacional de Enerxía poderá solicitar un ditame da Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía sobre a compatibilidade de calquera decisión adoptada por un organismo regulador coas directrices mencionadas nas directivas 2009/72/CE e 2009/73/CE ou no Regulamento (CE) n.º 715/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre as condicións de acceso ás redes de transporte de gas natural e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1775/2005.

8. A Comisión Nacional de Enerxía remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a memoria anual de actividades que inclúa as contas anuais, a situación organizativa e a información relativa ao persoal e ás actividades realizadas pola Comisión, cos obxectivos perseguidos e os resultados alcanzados. Así mesmo, informará anualmente das súas actividades e do cumprimento das súas obrigas a Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía e a Comisión Europea.»

Trinta e cinco. Engádesse unha disposición adicional trixésimo segunda coa seguinte redacción:

«Disposición adicional trixésimo segunda. *Sociedades filiais de Enagas, S.A.*

ENAGAS, S.A. non poderá realizar a través das filiais a que se refire a disposición adicional trixésimo primeira actividades distintas da xestión técnica do sistema, o transporte e a xestión da rede de transporte. Do mesmo modo as ditas filiais reguladas non poderán adquirir participacións nas sociedades con obxecto social distinto.»

Trinta e seis. Engádesse unha disposición transitoria vixésimo cuarta coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria vixésimo cuarta. *Separación de actividades dos transportistas da rede troncal.*

As empresas transportistas titulares de instalacións da rede troncal deberán realizar as adaptacións necesarias para dar cumprimento ao disposto no artigo 63.3 antes do día 3 de outubro de 2012.»

## TÍTULO II

### **Modificacións relativas á transposición de directivas en materia de telecomunicacións e sociedade da información**

**Artigo 3.** *Modificación da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

A Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 3. *Obxectivos e principios da lei.*

Os obxectivos e principios desta lei son os seguintes:

a) Fomentar a competencia efectiva nos mercados de telecomunicacións e, en particular, na explotación das redes e na prestación dos servizos de comunicacións electrónicas e na subministración dos recursos asociados a eles, velando por que non exista falseamento nin restrición da competencia na explotación de redes ou na prestación de servizos de comunicacións electrónicas, incluída a transmisión de contidos.

b) Promover o investimento eficiente en materia de infraestruturas incluíndo, cando proceda, a competencia baseada en infraestruturas e fomentando a innovación.

c) Garantir o cumprimento das obrigas de servizo público na explotación de redes e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, en especial as de servizo universal.

d) Promover o desenvolvemento do sector das telecomunicacións, así como a utilización dos novos servizos e o despregamento de redes, fomentando a conectividade e a interoperabilidade extremo a extremo de redes e servizos de comunicacións electrónicas e o acceso a estes, en condicións de igualdade, e impulsar a cohesión territorial, económica e social.

e) Facer posible o uso eficaz dos recursos limitados de telecomunicacións, como a numeración e o espectro radioeléctrico, e a adecuada protección deste último, e o acceso aos dereitos de ocupación da propiedade pública e privada.

f) Defender os intereses dos usuarios, asegurando o seu dereito ao acceso aos servizos de comunicacións electrónicas en adecuadas condicións de elección, prezo e calidade, promovendo a capacidade dos usuarios finais para acceder e distribuír a información ou utilizar as aplicacións e os servizos da súa elección, e salvaguardar, na prestación destes, a vixencia dos imperativos constitucionais, en particular, o de non discriminación, o do respecto aos dereitos á honra, á intimidade, á protección dos datos persoais e ao segredo nas comunicacións, o da protección á xuventude e á infancia e a satisfacción das necesidades de grupos sociais específicos en igualdade de oportunidades e non discriminación das persoas con discapacidade, as persoas maiores, as persoas en situación de dependencia e usuarios con necesidades sociais especiais. Para estes efectos, poderán impoñerse obrigas aos prestadores dos servizos para a garantía dos ditos dereitos. No relativo ao acceso aos servizos de comunicacións electrónicas das persoas en situación de dependencia, fomentárase o cumprimento das normas ou as especificacións pertinentes relativas á normalización técnica publicadas de acordo coa normativa comunitaria.

g) Fomentar, na medida do posible, a neutralidade tecnolóxica na regulación.

h) Promover o desenvolvemento da industria de produtos e servizos de telecomunicacións.

i) Contribuír ao desenvolvemento do mercado interior de servizos de comunicacións electrónicas na Unión Europea.

j) Facilitar o acceso dos usuarios con discapacidade ao uso de equipamentos terminais.»

Dous. Engádesse un novo número 3 ao artigo 5 coa seguinte redacción:

«3. As medidas que se adopten en relación co acceso ou co uso por parte dos usuarios finais dos servizos e as aplicacións a través de redes de comunicacións electrónicas respectarán os dereitos e as liberdades fundamentais das persoas físicas, como queda garantido no Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e nos principios xerais do dereito comunitario.

Calquera desas medidas relativas ao acceso ou ao uso por parte dos usuarios finais dos servizos e das aplicacións a través de redes de comunicacións electrónicas, que sexa susceptible de restrinxir eses dereitos e liberdades fundamentais só se poderá impoñer se é adecuada, proporcionada e necesaria

nunha sociedade democrática, e a súa aplicación estará suxeita ás salvagardas de procedemento apropiadas de conformidade co Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e cos principios xerais do dereito comunitario. Por tanto, as ditas medidas só poderán ser adoptadas respectando debidamente o principio de presunción de inocencia e o dereito á vida privada, a través dun procedemento previo, xusto e imparcial, que incluíra o dereito dos interesados a seren oídos, sen prexuízo de que concorran as condicións e os arranxos procesuais adecuados nos casos de urxencia debidamente xustificadas, de conformidade co Convenio europeo para a protección dos dereitos humanos e liberdades fundamentais. Así mesmo, garantirase o dereito á tutela xudicial efectiva e en tempo oportuno.»

Tres. Modifícase a alínea a) e engádense cinco novas alíneas h), i), j), k) e l) ao número 1 do artigo 9, coa seguinte redacción:

«a) Comprobar o uso efectivo e eficiente de frecuencias e números e o cumprimento das obrigas que resulten dos dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, da numeración ou da ocupación do dominio público ou da propiedade privada.

(...)

h) Comprobar o cumprimento das obrigas que resulten necesarias para garantir un acceso equivalente para os usuarios finais con discapacidade e que estes se beneficien da posibilidade de elección de empresas e servizos dispoñibles para a maioría dos usuarios finais.

i) A adopción de medidas destinadas a facilitar a colocación ou o uso compartido de elementos de redes públicas de comunicacións electrónicas e recursos asociados.

j) Avaliar a integridade e a seguridade das redes e servizos de comunicacións electrónicas.

k) Coñecer o modo en que a futura evolución das redes ou os servizos pode repercutir nos servizos grosistas que as empresas poñen á disposición dos seus competidores. Así mesmo, poderá exixirse ás empresas cun peso significativo nos mercados grosistas que presenten datos contables sobre os mercados retalistas asociados cos ditos mercados grosistas.

l) Comprobar o cumprimento das condicións establecidas para a prestación de servizos ou a explotación de redes de comunicacións electrónicas.»

Catro. Modifícanse os números 2 e 3 do artigo 10, que quedan redactados do seguinte modo:

«2. Así mesmo, logo de informe da Comisión Nacional da Competencia, tendo en conta as directrices establecidas pola Comisión Europea e os ditames e posicións comúns pertinentes adoptados polo Organismo de Reguladores Europeos das Comunicacións Electrónicas (ORECE), a Comisión do Mercado das Telecomunicacións levará a cabo unha análise dos citados mercados:

a) Nun prazo de tres anos contado desde a adopción dunha medida anterior relativa a ese mercado. Non obstante, e de modo excepcional, este prazo poderá ampliarse a un máximo de tres anos suplementarios cando as autoridades nacionais de regulamentación notificasen unha proposta de ampliación razoada á Comisión e esta non fixese ningunha obxección no prazo dun mes respecto da ampliación notificada.

b) No prazo de dous anos desde a adopción dunha recomendación sobre mercados relevantes revisada, para os mercados non notificados previamente á Comisión.

Se a Comisión do Mercado das Telecomunicacións non conclúe a súa análise dun mercado relevante que figura na recomendación dentro dos prazos



establecidos, o ORECE prestaralle asistencia, por petición súa, para a conclusión da análise do mercado concreto e as obrigas específicas que se deban impor. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións, contando con esta colaboración, notificará o proxecto de medida á Comisión nun prazo de seis meses.

3. A análise a que se refire o punto anterior terá como finalidade determinar se os distintos mercados de referencia se desenvolven nun ámbito de competencia efectiva. En caso contrario, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións identificará e fará públicos o operador ou operadores que posúen un poder significativo en cada mercado considerado.

Cando un operador ou operadores teñan, individual ou conxuntamente, poder significativo nun mercado de referencia (mercado primario), a Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá declarar que o teñen tamén noutro mercado de referencia estreitamente relacionado co anterior (mercado secundario) cando os vínculos entre ambos sexan tales que resulte posible exercer no mercado secundario o peso que se ten no mercado primario, reforzando desta maneira o poder no mercado do operador.»

Cinco. Modifícanse os números 2, 3 e 4 do artigo 11, que quedan redactados da maneira seguinte:

«2. Os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas terán o dereito e, cando o soliciten outros operadores de redes e servizos de comunicacións electrónicas, a obriga de negociar a interconexión mutua co fin de prestar servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, co obxecto de garantir así a prestación de servizos e a súa interoperabilidade.

3. Sen prexuízo das medidas que se poidan adoptar en relación coas empresas que teñan un peso significativo no mercado pola Comisión do Mercado das Telecomunicacións de acordo co previsto no artigo 13 desta lei, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá impor, en casos xustificados e na medida en que sexa necesario, obrigas ás empresas que controlen o acceso aos usuarios para que os seus servizos sexan interoperables.

4. A Comisión do Mercado das Telecomunicacións poderá intervir nas relacións entre operadores ou entre operadores e outras entidades que, de conformidade co establecido no presente capítulo, se beneficien das obrigas de acceso e interconexión, de acordo coa definición que se dá aos conceptos de acceso e interconexión no anexo II da presente lei, por petición de calquera das partes implicadas, ou de oficio cando estea xustificado, con obxecto de fomentar e, se é o caso, garantir a adecuación do acceso, a interconexión e a interoperabilidade dos servizos, así como a consecución dos obxectivos establecidos no artigo 3. A decisión da Comisión do Mercado das Telecomunicacións será vinculante e adoptarse, salvo en circunstancias excepcionais, nun prazo máximo de catro meses. Así mesmo, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá actuar, no ámbito das súas competencias, para conseguir os citados obxectivos.»

Seis. Modifícanse as alíneas a), d) e e) do número 1 do artigo 13, que quedan redactadas do modo seguinte:

«a) Transparencia, en relación coa interconexión e o acceso, conforme as cales os operadores deberán facer público determinado tipo de información, como a relativa á contabilidade, especificacións técnicas, características das redes, condicións de subministración e utilización, incluídas, se é o caso, as condicións que puideren limitar o acceso ou a utilización de servizos ou aplicacións, así como os prezos. En particular, cando se impoñan a un operador obrigas en relación co acceso por xunto á infraestrutura da rede, exixiráselle que publique unha oferta de referencia.»

(...)

d) Acceso a elementos ou a recursos específicos das redes, así como a recursos e a servizos asociados tales como servizos de identidade, localización e presenza.

e) Control de prezos, tales como a orientación dos prezos en función dos custos, para evitar prezos excesivos ou a compresión dos prezos en detrimento dos usuarios finais. Para favorecer o investimento por parte do operador, en particular en redes de próxima xeración, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións terá en conta o investimento efectuado, permitindo unha taxa razoable de rendemento en relación co capital correspondente investido.»

Sete. Engádesse un novo número 3 ao artigo 13 coa seguinte redacción:

«3. Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións estude a conveniencia de impor as obrigas previstas no presente artigo, deberá ter en conta, en particular, os seguintes elementos:

a) a viabilidade técnica e económica de utilizar ou instalar recursos que compitan entre si, á vista do ritmo de desenvolvemento do mercado, tendo en conta a natureza e o tipo de interconexión ou acceso de que se trate, incluída a viabilidade doutros produtos de acceso previo, como o acceso a condutos,

b) a posibilidade de proporcionar o acceso proposto, en relación coa capacidade dispoñible,

c) o investimento inicial do propietario dos recursos, sen esquecer os investimentos públicos realizados nin os riscos inherentes aos investimentos,

d) a necesidade de salvagardar a competencia a longo prazo, prestando especial atención á competencia economicamente eficiente baseada nas infraestruturas,

e) cando proceda, os dereitos pertinentes en materia de propiedade intelectual, e

f) a subministración de servizos paneuropeos.»

Oito. Engádesse un novo artigo 13 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 13 bis. *Separación funcional.*

1. Cando a Comisión do Mercado das Telecomunicacións chegue á conclusión de que as obrigas impostas, en virtude do disposto no artigo anterior, non abondaron para conseguir unha competencia efectiva e que segue habendo problemas de competencia ou fallos do mercado importantes e persistentes en relación con mercados por xunto de produtos de acceso, informará o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Economía e Competitividade, os cales poderán propor ao Goberno, como medida excepcional, a imposición, aos operadores con poder significativo no mercado integrados verticalmente, da obriga de traspasar as actividades relacionadas coa subministración por xunto de produtos de acceso a unha unidade empresarial que actúe independentemente. Esa unidade empresarial subministrará produtos e servizos de acceso a todas as empresas, incluídas outras unidades empresariais da sociedade matriz, nos mesmos prazos, termos e condicións, en particular no que se refire a niveis de prezos e de servizo, e mediante os mesmos sistemas e procesos.

2. Cando o Goberno se propoña impor unha obriga de separación funcional, logo de informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e da Comisión Nacional da Competencia, presentará á Comisión Europea unha proposta que inclúa:

a) probas que xustifiquen as conclusións a que chegou,

b) probas de que hai poucas posibilidades, ou ningunha, de competencia baseada na infraestrutura nun prazo razoable,

c) unha análise do impacto previsto sobre a autoridade reguladora, sobre a empresa, particularmente no que se refire aos traballadores da empresa separada e ao sector das comunicacións electrónicas no seu conxunto, sobre os incentivos para investir no sector no seu conxunto, en especial polo que respecta á necesidade de garantir a cohesión social e territorial, así como sobre outras partes interesadas, incluído en particular o impacto previsto sobre a competencia en infraestruturas e calquera efecto negativo potencial sobre os consumidores, e

d) unha análise das razóns que xustifiquen que esta obriga é o medio máis adecuado para aplicar solucións aos problemas de competencia ou fallos do mercado que se identificasen.

3. O proxecto de medida incluirá os elementos seguintes:

a) a natureza e o grao precisos da separación, especificando en particular o estatuto xurídico da entidade empresarial separada,

b) unha indicación dos activos da entidade empresarial separada e dos produtos ou servizos que debe subministrar esta entidade,

c) os mecanismos de gobernanza para garantir a independencia do persoal empregado pola entidade empresarial separada e a estrutura de incentivos correspondente,

d) as normas para garantir o cumprimento das obrigas,

e) as normas para garantir a transparencia dos procedementos operativos, en particular de cara a outras partes interesadas, e

f) un programa de seguimento para garantir o cumprimento, incluída a publicación dun informe anual.

4. Tras a decisión da Comisión Europea, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións levará a cabo, de conformidade co procedemento previsto no artigo 10, unha análise coordinada dos distintos mercados relacionados coa rede de acceso. Sobre a base da súa avaliación, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e da Comisión Nacional da Competencia, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións imporá, manterá, modificará ou suprimirá as obrigas correspondentes.

5. No suposto de que unha empresa designada como posuidora de poder significativo nun ou varios mercados pertinentes se propoña transferir os seus activos de rede de acceso local, ou unha parte substancial destes, a unha persoa xurídica separada de distinta propiedade, ou establecer unha entidade empresarial separada para subministrar a todos os provedores retalistas, incluídas as súas propias divisións retalistas, produtos de acceso completamente equivalentes, deberá informar con anterioridade o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Ministerio de Economía e Competitividade e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións. As empresas informarán tamén o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, o Ministerio de Economía e Competitividade e a Comisión do Mercado das Telecomunicacións de calquera cambio do dito propósito, así como do resultado final do proceso de separación.

Neste caso, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións avaliará o efecto da transacción prevista sobre as obrigas regulamentarias impostas a esa entidade, levando a cabo, de conformidade co procedemento previsto no artigo 10, unha análise coordinada dos distintos mercados relacionados coa rede de acceso. Sobre a base da súa avaliación, logo de informe do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e da Comisión Nacional da Competencia, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións imporá, manterá, modificará ou suprimirá as obrigas correspondentes.

6. As empresas ás cales se impuxese ou que decidisen a separación funcional poderán estar suxeitas a calquera das obrigas enumeradas no artigo 13 en

calquera mercado de referencia en que fosen designadas como posuidoras de poder significativo no mercado.»

Nove. Modifícase o número 2 do artigo 14, que queda redactado da maneira seguinte:

«2. En caso de producirse un conflito transfronteirizo en que unha das partes estea radicada noutro Estado membro da Unión Europea, a Comisión do Mercado das Telecomunicacións, en caso de que calquera das partes así o solicite, coordinará, nos termos que se establezan mediante real decreto, os seus esforzos para encontrar unha solución ao conflito coa outra ou outras autoridades nacionais de regulamentación afectadas.

Calquera autoridade nacional de regulamentación que sexa competente en tal litixio poderá solicitar que o ORECE adopte un ditame sobre as medidas que deben tomarse para resolver o litixio.

Cando se transmitise ao ORECE tal solicitude, calquera autoridade nacional de regulamentación competente en calquera aspecto do litixio deberá esperar o ditame do ORECE antes de tomar medidas para resolver o litixio. Isto non constituirá un obstáculo para que as autoridades nacionais de regulamentación adopten medidas urxentes en caso necesario.

Calquera obriga imposta a unha empresa pola autoridade nacional de regulamentación na resolución dun litixio deberá ter en conta na maior medida posible o ditame adoptado polo ORECE.»

Dez. Modifícase o artigo 15, que queda redactado do modo seguinte:

«O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, na medida necesaria para garantir a interoperabilidade dos servizos e para potenciar a liberdade de elección dos usuarios, fomentará, especialmente nos ámbitos de acceso e interconexión, o uso das normas ou especificacións técnicas identificadas na relación que a Comisión Europea elabore como base para fomentar a harmonización da subministración de redes de comunicacións electrónicas, servizos de comunicacións electrónicas e recursos e servizos asociados.

En ausencia das ditas normas ou especificacións, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo promoverá a aplicación das normas ou recomendacións internacionais aprobadas pola Unión Internacional de Telecomunicacións (UIT), a Conferencia Europea de Administracións de Correos e Telecomunicacións (CEPT), a Comisión Internacional de Normalización (ISO) e a Comisión Electrotécnica Internacional (CEI).»

Once. Modifícanse os números 3 e 6 do artigo 16, que quedan redactados como segue:

«3. Corresponde ao Goberno a aprobación dos plans nacionais de numeración e, se é o caso, de direccionamento e nomes, tendo en conta as decisións aplicables que se adopten no seo das organizacións e dos foros internacionais. Os procedementos para a asignación de números, así como as condicións asociadas ao seu uso serán abertos, obxectivos, non discriminatorios, proporcionados e transparentes.

As decisións relativas aos outorgamentos adoptaranse, comunicaranse e faranse públicas no prazo máximo de tres semanas desde a recepción da solicitude completa, salvo cando se apliquen procedementos de selección comparativa ou competitiva, caso en que o prazo máximo será de seis semanas desde a fin do prazo de recepción de ofertas. Transcorrido o prazo máximo sen se ter notificado a resolución expresa, poderase entender desestimada a solicitude por silencio administrativo.

(...)

6. Os operadores que exploten redes públicas telefónicas ou presten servizos telefónicos dispoñibles ao público deberán cursar as chamadas que se efectúen aos rangos de numeración telefónica nacional e, cando permitan chamadas internacionais, ao espazo europeo de numeración telefónica e a outros rangos de numeración internacional, nos termos que se especifiquen nos plans nacionais de numeración ou nas súas disposicións de desenvolvemento.

Os operadores que exploten redes públicas telefónicas ou presten servizos telefónicos dispoñibles ao público que permitan as chamadas internacionais adoptarán as medidas oportunas para que sexan cursadas tantas chamadas se efectúen procedentes de e con destino ao espazo europeo de numeración telefónica a tarifas similares ás que se aplican ás chamadas con orixe ou destino noutros países comunitarios.»

Doce. Engádesse un novo parágrafo ao número 7 do artigo 16 coa seguinte redacción:

«Os operadores que exploten redes públicas telefónicas ou presten servizos telefónicos dispoñibles ao público, sempre que sexa técnica e economicamente posible, adoptarán as medidas que sexan necesarias para que os usuarios finais poidan ter acceso e recorrer aos servizos utilizando números non xeográficos na Unión Europea, e que poidan ter acceso, con independencia da tecnoloxía e os dispositivos utilizados polo operador, a todos os números proporcionados na Unión Europea, incluídos os dos plans nacionais de numeración dos Estados membros, os do espazo europeo de numeración telefónica e os números universais internacionais de chamada gratuíta.»

Trece. Engádesse un novo número 8 ao artigo 16 co teor seguinte:

«8. O Goberno apoiará a harmonización de determinados números ou series de números concretos dentro da Unión Europea cando isto promova ao mesmo tempo o funcionamento do mercado interior e o desenvolvemento de servizos paneuropeos.»

Catorce. Modifícase o número 1 do artigo 17, que queda redactado do seguinte modo:

«Os plans nacionais e as súas disposicións de desenvolvemento designarán os servizos para os cales se poidan utilizar os números e, de ser o caso, enderezos e nomes correspondentes, incluído calquera requisito relacionado coa prestación de tales servizos. Así mesmo, os plans nacionais e as súas disposicións de desenvolvemento poderán incluír os principios de fixación de prezos e os prezos máximos que se poidan aplicar para os efectos de garantir a protección dos consumidores.»

Quince. Modifícase o artigo 19, que queda redactado como segue:

«Artigo 19. *Números harmonizados para os servizos harmonizados europeos de valor social.*

1. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo promoverá os números específicos no rango de numeración que comeza por 116 e fomentará a prestación dos servizos para os cales están reservados tales números.

2. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo adoptará as iniciativas pertinentes para que os usuarios finais con discapacidade poidan ter acceso aos servizos prestados no rango de numeración que comeza por 116 na maior medida posible.

3. As autoridades responsables da prestación dos servizos prestados no rango de numeración que comeza por 116 velarán por que os cidadáns reciban unha información adecuada sobre a existencia e utilización destes servizos.»

Dezaseis. Modifícase o número 1 do artigo 22, que queda redactado do modo seguinte:

«1. Enténdese por servizo universal o conxunto definido de servizos cuxa prestación se garante para todos os usuarios finais con independencia da súa localización xeográfica, cunha calidade determinada e a un prezo alcanzable.

Baixo o mencionado concepto de servizo universal deberase garantir, nos termos e condicións que regulamentariamente determine o Goberno:

a) Que todos os usuarios finais poidan obter unha conexión á rede pública de comunicacións electrónicas desde unha localización fixa sempre que as súas solicitudes se consideren razoables nos termos que regulamentariamente se determinen. A conexión debe permitir realizar comunicacións de voz, fax e datos, a velocidade suficiente para acceder de forma funcional á internet. A conexión á rede pública de comunicacións con capacidade de acceso funcional á internet deberá permitir comunicacións de datos en banda larga a unha velocidade en sentido descendente de 1Mbit por segundo. O Goberno poderá actualizar esta velocidade de acordo coa evolución social, económica e tecnolóxica, tendo en conta os servizos utilizados pola maioría dos usuarios.

b) Que se satisfagan todas as solicitudes razoables de prestación dun servizo telefónico dispoñible ao público a través da conexión a que se refire o parágrafo anterior, que permitan efectuar e recibir chamadas nacionais e internacionais.

c) Que se poña á disposición dos abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público unha guía xeral de números de abonados, xa sexa impresa ou electrónica, ou ambas, que se actualice, como mínimo, unha vez ao ano. Así mesmo, que se poña á disposición de todos os usuarios finais do dito servizo, incluídos os usuarios de teléfonos públicos de pagamento, polo menos un servizo de información xeral sobre números de abonados. Todos os abonados ao servizo telefónico dispoñible ao público terán dereito a figurar na mencionada guía xeral, sen prexuízo, en todo caso, do respecto ás normas que regulen a protección dos datos persoais e o dereito á intimidade.

d) Que exista unha oferta suficiente de teléfonos públicos de pagamento ou outros puntos de acceso público á telefonía vocal en todo o territorio nacional, que satisfaga razoablemente as necesidades dos usuarios finais, en cobertura xeográfica, en número de aparellos ou outros puntos de acceso, accesibilidade destes teléfonos polos usuarios con discapacidades e calidade dos servizos, e que sexa posible efectuar gratuitamente chamadas de emerxencia desde os teléfonos públicos de pagamento sen ter que utilizar ningunha forma de pagamento, utilizando o número único de chamadas de emerxencia 112 e outros números de emerxencia españois.

e) Que os usuarios finais con discapacidade teñan acceso aos servizos incluídos nas alíneas b), c) e d) deste punto, a un nivel equivalente ao que desfrutan outros usuarios finais.

f) Que se ofrezan aos consumidores que sexan persoas físicas, de acordo con condicións transparentes, públicas e non discriminatorias, opcións ou paquetes de tarifas que difiran das aplicadas en condicións normais de explotación comercial con obxecto de garantir, en particular, que as persoas con necesidades sociais especiais poidan ter acceso á rede e aos servizos que compoñen o concepto de servizo universal. Co mesmo obxecto poderán aplicarse, cando proceda, limitacións de prezos, tarifas comúns, equiparación xeográfica ou outros réximes similares ás prestacións incluídas neste artigo.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo supervisará a evolución e o nivel da tarificación ao público dos conceptos que forman parte do servizo universal, ben sexan prestados polo operador designado, ben se encontren dispoñibles no mercado en caso de que non se designasen operadores en relación con estes servizos, en particular en relación cos niveis nacionais de prezos de consumo e de rendas.»

Dezasete. Engádense os novos números 3, 4 e 5 ao artigo 23 coa seguinte redacción:

«3. Cando o operador designado para a prestación do servizo universal se propoña entregar unha parte ou a totalidade dos seus activos de rede de acceso local a unha persoa xurídica separada distinta de distinta propiedade, informará coa debida antelación o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo co fin de avaliar as repercusións da operación prevista na subministración de acceso desde unha localización fixa e a prestación de servizos telefónicos, de conformidade co artigo 22. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, como consecuencia da avaliación realizada, poderá impor, modificar ou suprimir obrigas específicas ao operador designado.

4. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá establecer obxectivos de rendemento aplicables ao operador ou operadores designados para a prestación do servizo universal.

5. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo notificará á Comisión Europea as obrigas de servizo universal impostas ao operador ou operadores designados para o cumprimento de obrigas de servizo universal, así como os cambios relacionados coas ditas obrigas ou co operador ou operadores designados.»

Dezaioito. Modifícase o número 4 do artigo 25, que queda redactado do seguinte modo:

«4. En calquera caso, a obriga de encamiñar as chamadas aos servizos de emerxencia sen dereito a contraprestación económica de ningún tipo debe ser asumida tanto polos operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas ao público como polos que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas. Esta obriga impónse aos ditos operadores respecto das chamadas dirixidas ao número telefónico 112 de atención a emerxencias e a outros que se determinen mediante real decreto, incluídas aquelas que se efectúen desde teléfonos públicos de pagamento, sen que sexa necesario utilizar ningunha forma de pagamento nestes casos.

En todo caso, o servizo de chamadas de emerxencia será gratuíto para os usuarios, calquera que sexa a Administración pública responsable da súa prestación e con independencia do tipo de terminal que se utilice.

Así mesmo, estableceranse as condicións para que poña gratuitamente á disposición das autoridades receptoras das ditas chamadas a información relativa á localización da súa procedencia.

Regulamentariamente, estableceranse criterios para a precisión e a fiabilidade da información facilitada sobre a localización das persoas que efectúan chamadas aos servizos de emerxencia.

O acceso aos servizos de emerxencia para os usuarios finais con discapacidade será equivalente ao que desfrutaban outros usuarios finais.

As autoridades responsables da prestación dos servizos 112 velarán por que os cidadáns reciban unha información adecuada sobre a existencia e utilización deste número, en particular, mediante iniciativas especificamente dirixidas ás persoas que viaxen a outros países comunitarios.»

Dezanove. Modifícase o parágrafo segundo do número 1 do artigo 29, que queda redactado do seguinte modo:

«Estas condicións ou límites, que deberán ser transparentes e non discriminatorios, non poderán implicar restricións absolutas ao dereito de ocupación do dominio público e privado dos operadores. Neste sentido, cando unha condición poida implicar a imposibilidade de levar a cabo a ocupación do dominio público ou a propiedade privada, o establecemento da dita condición deberá ir acompañado das alternativas necesarias, entre elas o uso compartido de infraestruturas, para garantir o dereito de ocupación dos operadores e o seu exercicio en igualdade de condicións.»

Vinte. Modifícase a alínea b) do número 2 do artigo 29, que queda redactada da maneira seguinte:

«b) Prever un procedemento rápido, sinxelo, eficiente e non discriminatorio de resolución das solicitudes de ocupación, que non poderá exceder os seis meses contados a partir da presentación da solicitude, salvo en caso de expropiación.»

Vinte e un. Modifícase o número 3 do artigo 29, que queda redactado como segue:

«3. Se as administracións públicas reguladoras ou titulares do dominio público a que se refire este artigo teñen a propiedade ou exercen o control directo ou indirecto de operadores que explotan redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público, deberán manter unha separación estrutural entre os ditos operadores e os órganos encargados da regulación e xestión destes dereitos.»

Vinte e dous. Modifícase o número 1 do artigo 30, que queda redactado do seguinte modo:

«1. Cando os operadores teñan dereito á ocupación da propiedade pública ou privada, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, logo do trámite de audiencia pública e de maneira motivada, poderá impor a utilización compartida do dominio público ou a propiedade privada en que se van establecer as redes públicas de comunicacións electrónicas ou o uso compartido das infraestruturas e recursos asociados.»

Vinte e tres. Engádesse un novo número 5 ao artigo 30 coa seguinte redacción:

«5. As medidas adoptadas de conformidade co presente artigo deberán ser obxectivas, transparentes, non discriminatorias e proporcionadas. Cando proceda, estas medidas aplicaranse de forma coordinada coas autoridades locais.»

Vinte e catro. Modifícase o artigo 34, que queda redactado do modo seguinte:

«Artigo 34. *Protección dos datos de carácter persoal.*

1. Sen prexuízo do previsto no número 6 do artigo 4 e no segundo parágrafo do artigo anterior, así como na restante normativa específica aplicable, os operadores que exploten redes públicas de comunicacións electrónicas ou que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, incluídas as redes públicas de comunicacións que dean soporte a dispositivos de identificación e recompilación de datos deberán garantir, no exercicio da súa actividade, a protección dos datos de carácter persoal conforme a lexislación vixente.

2. Os operadores a que se refire o número anterior deberán adoptar as medidas técnicas e de xestión adecuadas para preservar a seguridade na explotación da súa rede ou na prestación dos seus servizos, co fin de garantir os niveis de protección dos datos de carácter persoal que sexan exixidos pola Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e a súa normativa de desenvolvemento e,



se for o caso, pola que se dite en desenvolvemento desta lei nesta materia. As ditas medidas incluírán, como mínimo:

- a) A garantía de que só o persoal autorizado teña acceso aos datos persoais para fins autorizados pola lei.
- b) A protección dos datos persoais almacenados ou transmitidos da destrución accidental ou ilícita, a perda ou alteración accidentais ou o almacenamento, tratamento, acceso ou revelación non autorizados ou ilícitos.
- c) A garantía da aplicación efectiva dunha política de seguridade con respecto ao tratamento de datos persoais.

3. En caso de que exista un risco particular de violación da seguridade da rede pública ou do servizo de comunicacións electrónicas, o operador que explote a dita rede ou preste o servizo de comunicacións electrónicas informará os abonados sobre o dito risco e sobre as medidas que se deben adoptar.

4. En caso de violación dos datos persoais, o operador de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público notificará sen dilacións indebidas a dita violación á Axencia Española de Protección de Datos. Se a violación dos datos puiden afectar negativamente á intimidade ou aos datos persoais dun abonado ou particular, o operador notificará tamén a violación ao abonado ou particular sen dilacións indebidas.

A notificación dunha violación dos datos persoais a un abonado ou particular afectado non será necesaria se o provedor probou a satisfacción da autoridade competente que aplicou as medidas de protección tecnolóxica convenientes e que estas medidas se aplicaron aos datos afectados pola violación de seguridade. Unhas medidas de protección destas características converten os datos en incomprendibles para toda persoa que non estea autorizada a acceder a eles.

Sen prexuízo da obriga do provedor de informar os abonados ou particulares afectados, se o provedor non notificou xa ao abonado ou ao particular a violación dos datos persoais, a Axencia Española de Protección de Datos poderá exixirle que o faga, unha vez avaliados os efectos adversos posibles da violación.

Na notificación ao abonado ou ao particular describíranse, polo menos, a natureza da violación dos datos persoais e os puntos de contacto onde se pode obter máis información e recomendaranse medidas para atenuar os posibles efectos adversos da dita violación. Na notificación á Axencia Española de Protección de Datos describíranse, ademais, as consecuencias da violación e as medidas propostas ou adoptadas polo provedor respecto á violación dos datos persoais.

Os operadores deberán levar un inventario das violacións dos datos persoais, incluídos os feitos relacionados con tales infraccións, os seus efectos e as medidas adoptadas ao respecto, que resulte suficiente para permitir á Axencia Española de Protección de Datos verificar o cumprimento das obrigas de notificación reguladas neste punto. Mediante real decreto poderase establecer o formato e contido do inventario.

Para os efectos establecidos neste artigo, entenderase como violación dos datos persoais a violación da seguridade que provoque a destrución, accidental ou ilícita, a perda, a alteración, a revelación ou o acceso non autorizados, de datos persoais transmitidos, almacenados ou tratados doutro modo en relación coa prestación dun servizo de comunicacións electrónicas de acceso público.

5. Os operadores instaurarán procedementos internos para responder ás solicitudes de acceso aos datos persoais dos usuarios por parte das autoridades legalmente autorizadas. Logo de solicitude, facilitarán ás autoridades competentes información sobre eses procedementos, o número de solicitudes recibidas, a motivación xurídica aducida e a resposta ofrecida.»

Vinte e cinco. Engádesse un novo artigo 36 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 36 bis. *Integridade e seguridade das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas.*

1. Os operadores de redes e de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, xestionarán adecuadamente os riscos de seguridade que poidan afectar as súas redes e servizos co fin de garantir un adecuado nivel de seguridade e evitar ou reducir ao mínimo o impacto dos incidentes de seguridade nos usuarios e nas redes interconectadas.

2. Así mesmo, os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas garantirán a súa integridade co fin de asegurar a continuidade na prestación dos servizos que utilizan as ditas redes.

3. Os operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público notificarán ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as violacións da seguridade ou perdas de integridade que tivesen un impacto significativo na explotación das redes ou os servizos. Cando proceda, o Ministerio informará as autoridades nacionais competentes doutros Estados membros e a Axencia Europea de Seguridade nas Redes e a Información (Enisa). Así mesmo, poderá informar o público ou exixir ás empresas que o fagan, en caso desestimar que a divulgación da violación reviste interese público. Unha vez ao ano, o Ministerio presentará á Comisión e á Enisa un informe resumido sobre as notificacións recibidas e as medidas adoptadas de conformidade con este punto.

4. Regulamentariamente o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo establecerá os mecanismos para supervisar o cumprimento das obrigas anteriores e, se é o caso, ditará as instrucións correspondentes, que serán vinculantes para os operadores, incluídas as relativas ás datas límite de aplicación, para que adopten determinadas medidas relativas á integridade e seguridade de redes e servizos de comunicacións electrónicas. Entre elas, poderá impor:

a) A obriga de facilitar a información necesaria para avaliar a seguridade e a integridade dos seus servizos e redes, incluídos os documentos sobre as políticas de seguridade.

b) A obriga de someterse a unha auditoría de seguridade realizada por un organismo independente ou por unha autoridade competente, e de pór o resultado á disposición do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. O custo da auditoría será sufragado polo operador.

5. En particular, os operadores garantirán a maior dispoñibilidade posible dos servizos telefónicos dispoñibles ao público a través das redes públicas de comunicacións en caso de fallo catastrófico da rede ou en casos de forza maior, e adoptarán todas as medidas necesarias para garantir o acceso sen interrupcións aos servizos de emerxencia.

6. O presente artigo enténdese sen prexuízo do establecido no número 4 do artigo 4 da presente lei.»

Vinte e seis. Engádesse un novo parágrafo ao número 1 do artigo 37 co teor seguinte:

«Nos supostos en que non sexa de aplicación a normativa en materia de infraestruturas comúns de comunicacións electrónicas, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá impor aos operadores e aos propietarios dos correspondentes recursos, logo do trámite de información pública, obrigas obxectivas, transparentes, proporcionadas, e non discriminatorias relativas á utilización compartida dos tramos finais das redes de acceso que discorran polo interior das edificacións ou ata o primeiro punto de concentración ou distribución se está situado no exterior do edificio, cando a duplicación desta infraestrutura sexa economicamente ineficiente ou fisicamente inviable.»

Vinte e sete. Modifícase o número 1 do artigo 38, que queda redactado do seguinte modo:

«Os operadores que exploten redes ou que presten servizos de comunicacións electrónicas e os consumidores que sexan persoas físicas e usuarios finais poderán someter as controversias que os enfronten ao coñecemento das xuntas arbitrais de consumo, de acordo coa lexislación vixente sobre defensa dos consumidores e usuarios.

Para o suposto de que non se sometan ás xuntas arbitrais de consumo ou que estas non resulten competentes para a resolución do conflito, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo establecerá regulamentariamente un procedemento conforme o cal os usuarios finais que sexan persoas físicas poderán someterlle as ditas controversias, cando tales controversias se refiran aos seus dereitos específicos como usuarios finais de servizos de comunicacións electrónicas. En calquera caso, o procedemento que se adopte deberá ser transparente, non discriminatorio, sinxelo, rápido e gratuíto e establecerá o prazo máximo en que se deberá notificar a resolución expresa, transcorrido o cal se poderá entender desestimada a reclamación por silencio administrativo. A resolución que se dite poderá impugnarse ante a xurisdición contencioso-administrativa.»

Vinte e oito. Modifícanse as alíneas b), f) e h) do número 2 do artigo 38, que quedan redactadas da maneira seguinte:

«b) Os dereitos de información dos usuarios finais, que deberá ser veraz, eficaz, suficiente, transparente, comparable e actualizada.

(...)

f) O dereito dos usuarios finais a celebrar contratos cos operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público.

(...)

h) O dereito a rescindir sen penalización os seus contratos cando as empresas provedoras de redes ou servizos de comunicacións electrónicas lles notifiquen propostas de modificación das condicións contractuais. Toda modificación de tales condicións deberá ser notificada adecuadamente, cun mes como mínimo de antelación, aos abonados, aos cales se informará ao mesmo tempo do seu dereito a rescindir sen penalización os seus contratos en caso de non aceptar as novas condicións. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá especificar o formato deste tipo de notificacións.»

Vinte e nove. Engádense dúas alíneas l) e m) ao número 2 do artigo 38 coa seguinte redacción:

«l) O dereito a acceder aos servizos de emerxencias de forma gratuíta sen ter que utilizar ningún medio de pagamento.

m) O dereito ao cambio de operador, con conservación dos números do plan nacional de numeración telefónica nos supostos en que así se estableza no prazo máximo dun día laborable. O atraso na conservación dos números e os abusos da conservación por parte dos operadores, ou no seu nome, dará dereito aos abonados a unha compensación nos termos que se establezan mediante real decreto. As condicións e os procedementos para a resolución dos contratos non deberán constituir un factor disuasorio para cambiar de operador.»

Trinta. Modifícanse as alíneas b) e h) do número 3 do artigo 38, que quedan redactadas do seguinte modo:

«b) A que os seus datos de tráfico sexan utilizados con fins comerciais ou para a prestación de servizos de valor engadido unicamente cando tivesen prestado o seu consentimento previo informado para isto.

(...)

h) A non recibir chamadas e comunicacións automáticas sen intervención humana, ou mensaxes de fax con fins de venda directa sen ter prestado o seu consentimento previo e informado para isto.»

Trinta e un. Engádense dous novos parágrafos ao final do número 6 do artigo 38 coa seguinte redacción:

«Garántese o acceso dos usuarios finais aos servizos de información sobre números de abonados, para cuxa consecución o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá impor obrigas e condicións ás empresas que controlan o acceso aos usuarios finais en materia de prestación de servizos de información sobre números de abonado.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo adoptará, sempre que sexa técnica e economicamente posible, medidas para garantir o acceso directo dos usuarios finais ao servizo de información sobre números de abonados doutro país comunitario mediante chamada vocal ou SMS.»

Trinta e dous. Engádense tres novos números 9, 10 e 11 ao artigo 38 co teor seguinte:

«9. Mediante real decreto poderanse establecer as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coas comunicacións electrónicas. Na citada norma estableceranse os requisitos que deberán cumprir os operadores para garantir que os usuarios con discapacidade:

a) Poidan ter un acceso a servizos de comunicacións electrónicas equivalente ao que disfrutan a maioría dos usuarios finais.

b) Se beneficien da posibilidade de elección de empresa e servizos dispoñible para a maioría de usuarios finais.

10. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderanse fixar requisitos mínimos de calidade de servizo que, de ser o caso, se exixan aos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas, con obxecto de evitar a degradación do servizo e a obstaculización ou ralentización do tráfico nas redes, de acordo cos procedementos que se establezan mediante real decreto.

O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo facilitará á Comisión Europea, ao seu debido tempo antes de establecer tales requisitos, un resumo dos motivos para a acción, os requisitos previstos e a liña de acción proposta. A dita información porase tamén á disposición do Organismo de Reguladores Europeos das Comunicacións Electrónicas.

Así mesmo, poderanse establecer os parámetros de calidade que se deberán cuantificar, así como os posibles mecanismos de certificación da calidade, co obxecto de garantir que os usuarios finais, incluídos os usuarios finais con discapacidade, teñan acceso a unha información completa, comparable, fiable e de fácil consulta.

11. Nas condicións que se establezan mediante real decreto, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá exixir aos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público que bloqueen, logo de exame específico de cada caso, o acceso a números ou servizos, sempre que estea xustificado por motivos de fraude ou uso indebido, e que en tales casos os prestadores de servizos de comunicacións electrónicas reteñan os correspondentes ingresos por interconexión ou outros

servizos. En ningún caso se poderá exixir ao abeiro deste punto o bloqueo a servizos non incluídos no ámbito de aplicación desta lei, como os servizos da sociedade da información regulados na Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.»

Trinta e tres. Engádesse un novo artigo 38 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 38 bis. *Contratos.*

Os contratos que se celebren entre os usuarios finais e os operadores que exploten redes ou presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público incluírán de forma clara, comprensible e facilmente accesible, polo menos, o seguinte contido específico:

1. Os servizos prestados, incluíndo, en particular:

a) Se se facilita ou non o acceso aos servizos de emerxencia e información sobre a localización das persoas que efectúan a chamada, así como calquera outra limitación para a prestación de servizos de emerxencia.

b) Información sobre calquera outra condición que limite o acceso ou a utilización dos servizos e as aplicacións.

c) Os niveis mínimos de calidade de servizo que se ofrecen, en particular, o prazo para a conexión inicial, así como, se é o caso, outros parámetros de calidade de servizo establecidos regulamentariamente.

d) Información sobre calquera procedemento establecido pola empresa para medir e xestionar o tráfico de forma que se evite esgotar ou saturar o enlace da rede, e información sobre a maneira en que eses procedementos poden afectar a calidade do servizo.

e) Os tipos de mantemento ofrecidos e os servizos de apoio facilitados ao cliente, así como os medios para entrar en contacto cos ditos servizos.

f) Calquera restrición imposta polo provedor en canto ás posibilidades de utilizar o equipamento terminal subministrado.

2. A decisión do abonado acerca da posibilidade de incluír ou non os seus datos persoais nunha guía determinada e os datos de que se trate.

3. A duración do contrato e as condicións para a súa renovación e para a terminación dos servizos e a resolución do contrato, incluídos:

a) Calquera uso ou duración mínimos requiridos para aproveitar as promocións.

b) Todos os gastos relacionados coa conservación do número e outros identificadores.

c) Todos os gastos relacionados coa resolución do contrato, incluída a recuperación de custos relacionada cos equipamentos terminais.

4. O modo de iniciar os procedementos de resolución de litixios, de conformidade co artigo 38.

5. Os tipos de medidas que podería tomar a empresa en caso de incidentes de seguridade ou integridade ou de ameazas e vulnerabilidade.

6. Mediante real decreto poderá establecerse a obrigatoriedade de que os contratos inclúan a información que facilite a autoridade competente, en relación co uso das redes e servizos de comunicacións electrónicas, para desenvolver actividades ilícitas ou para difundir contidos nocivos, así como sobre os medios de protección fronte a riscos para a seguridade persoal, a privacidade e os datos persoais, sempre que sexan pertinentes para o servizo prestado.»

Trinta e catro. Engádesse un novo artigo 38 ter, coa seguinte redacción:

«Artigo 38 ter. *Transparencia e publicación de información.*

1. Regulamentariamente, poderanse establecer as condicións para que os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público publiquen información transparente, comparable, adecuada e actualizada sobre os prezos e tarifas aplicables, sobre os gastos eventuais relacionados coa terminación do contrato, así como información sobre o acceso e a utilización dos servizos que prestan aos usuarios finais, que será publicada de forma clara, comprensible e facilmente accesible.

2. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo fomentará a divulgación de información comparable con obxecto de que os usuarios finais poidan facer unha avaliación independente do custo das modalidades de uso alternativas, por exemplo, mediante guías alternativas ou técnicas similares, e regulará as condicións para que a información publicada polos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público poida ser utilizada gratuitamente por terceiros, co fin de vender ou permitir a utilización destas guías interactivas ou técnicas similares.

3. Mediante real decreto poderanse regular as condicións para garantir que os operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público:

a) Ofrezan aos abonados información sobre as tarifas aplicables en relación con calquera número ou servizo suxeitos a condicións de prezos específicas, polo que se refire a cada unha das categorías de servizos; poderase exixir que esta información se facilite inmediatamente antes de efectuar as chamadas.

b) Informen os abonados sobre todo cambio de acceso aos servizos de emerxencia ou á información relativa á localización das persoas que efectúan as chamadas no servizo a que están abonados.

c) Informen os abonados dos cambios nas condicións que limiten o acceso ou a utilización dos servizos e as aplicacións.

d) Proporcionen información sobre calquera procedemento establecido polo provedor para medir e xestionar o tráfico de forma que se evite esgotar ou saturar o enlace da rede e sobre a maneira en que eses procedementos poden afectar a calidade do servizo.

e) Informen os abonados do seu dereito a decidir se inclúen os seus datos persoais nunha guía e os tipos de datos de que se trata.

f) Informen de forma periódica e detallada os abonados con discapacidade dos produtos e servizos dirixidos a eles.

4. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá exixir aos operadores de redes públicas de comunicacións electrónicas ou servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público que difundan de forma gratuíta, e nun determinado formato, información de interese público aos antigos e novos abonados, cando proceda, polas mesmas vías utilizadas normalmente por estes para comunicarse cos abonados, información que cubrirá os seguintes aspectos:

a) Os usos máis comúns dos servizos de comunicacións electrónicas para desenvolver actividades ilícitas ou para difundir contidos nocivos, en particular cando isto atente contra os dereitos e liberdades de terceiros, incluíndo as infraccións dos dereitos de autor e dereitos afíns, así como as súas consecuencias xurídicas.

b) Os medios de protección contra os riscos para a seguridade persoal, a privacidade e os datos de carácter persoal no uso dos servizos de comunicacións electrónicas.»

Trinta e cinco. Modifícase a alínea a) do número 4 do artigo 43, que queda redactada do seguinte modo:

«a) Cando sexa preciso para garantir un uso eficiente do espectro radioeléctrico, evitar interferencias prexudiciais, garantir a calidade técnica do servizo ou alcanzar outros obxectivos de interese xeral, establecidos de conformidade coa normativa comunitaria, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá outorgar dereitos de uso privativo do dominio público radioeléctrico. Estes dereitos outorgaranse por prazos que se fixarán regulamentariamente, renovables en función das dispoñibilidades e previsións da planificación do dito dominio público. Os dereitos de uso privativo sen limitación de número serán outorgados por un período que finalizará o 31 de decembro do ano natural en que cumpran o seu quinto ano de vixencia, prorrogable por períodos de cinco anos. Pola súa parte, os dereitos de uso privativo con limitación de número terán unha duración adecuada ao servizo de que se trate en relación co obxectivo perseguido, tendo debidamente en conta a necesaria amortización dos investimentos. En todo caso, a duración prevista nos correspondentes procedementos de licitación non será superior a un prazo de vinte anos renovables.»

Trinta e seis. Engádense cinco novos números 5, 6, 7, 8 e 9 ao artigo 43 coa seguinte redacción:

«5. A administración do dominio público radioeléctrico levarase a cabo tendo en conta o seu importante valor social, cultural e económico e a necesaria cooperación con outros Estados membros da Unión Europea e coa Comisión na planificación estratéxica, a coordinación e a harmonización do uso do espectro radioeléctrico na Unión Europea. No marco da dita cooperación fomentárase a coordinación dos enfoques políticos en materia de espectro radioeléctrico na Unión Europea e, cando proceda, a harmonización das condicións necesarias para a creación e o funcionamento do mercado interior das comunicacións electrónicas. Para isto, terán en conta, entre outros, os aspectos económicos, de seguridade, de saúde, de interese público, de liberdade de expresión, culturais, científicos, sociais e técnicos das políticas da Unión Europea, así como os diversos intereses das comunidades de usuarios do espectro, atendendo sempre á necesidade de garantir un uso eficiente e efectivo das radiofrecuencias e aos beneficios para os consumidores, como a realización de economías de escala e a interoperabilidade dos servizos.

6. Nas bandas de radiofrecuencias declaradas dispoñibles para os servizos de comunicacións electrónicas no Cadro nacional de atribución de frecuencias, de conformidade co dereito da Unión Europea, poderase utilizar todo tipo de tecnoloxía utilizada para os servizos de comunicacións electrónicas.

Poderán, non obstante, preverse restricións proporcionadas e non discriminatorias aos tipos de tecnoloxía de acceso sen fíos ou rede radioeléctrica utilizados para os servizos de comunicacións electrónicas cando sexa necesario para:

- a) Evitar interferencias prexudiciais.
- b) Protexer a saúde pública fronte aos campos electromagnéticos.
- c) Asegurar a calidade técnica do servizo.
- d) Garantir un uso compartido máximo das radiofrecuencias.
- e) Garantir un uso eficiente do espectro.
- f) Garantir o logro dun obxectivo de interese xeral.

7. Nas bandas de radiofrecuencias declaradas dispoñibles para os servizos de comunicacións electrónicas no Cadro nacional de atribución de frecuencias, de conformidade co dereito da Unión Europea, poderase prestar todo tipo de servizos de comunicacións electrónicas.

Poderán, non obstante, preverse restricións proporcionadas e non discriminatorias aos tipos de servizos de comunicacións electrónicas que se presten, incluído, cando proceda, o cumprimento dun requisito do Regulamento de radiocomunicacións da UIT.

As medidas que exixan que un servizo de comunicacións electrónicas se preste nunha banda específica dispoñible para os servizos de comunicacións electrónicas deberán estar xustificadas para garantir o logro de obxectivos de interese xeral definidos de acordo co dereito da Unión Europea, tales como:

- a) A seguridade da vida.
- b) A promoción da cohesión social, rexional ou territorial.
- c) A evitación do uso ineficiente das radiofrecuencias.
- d) A promoción da diversidade cultural e lingüística e do pluralismo dos medios de comunicación, mediante, por exemplo, a prestación de servizos de radiodifusión e televisión.

Unicamente se imporá a atribución específica dunha banda de frecuencias para a prestación dun determinado servizo de comunicacións electrónicas cando estea xustificado pola necesidade de protexer servizos relacionados coa seguridade da vida ou, excepcionalmente, cando sexa necesario para alcanzar obxectivos de interese xeral definidos de acordo co dereito da Unión Europea.

8. As restricións á utilización de bandas de frecuencias que, de ser o caso, se establezan de conformidade cos números 6 e 7 anteriores só se poderán adoptar tras ter dado ás partes interesadas a oportunidade de formular observacións sobre a medida proposta nun prazo razoable.

9. Periodicamente, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información revisará a pertinencia de manter as restricións á utilización de bandas de frecuencias que, se é o caso, se establezan de conformidade cos números 6 ou 7 anteriores, fará públicos os resultados destas revisións e elevará as propostas correspondentes ao órgano competente para a súa aprobación.»

Trinta e sete. Modifícase a alínea c) do número 1 do artigo 44, que queda redactado do seguinte modo:

«c) Procedementos abertos de outorgamento de dereitos de uso do dominio público radioeléctrico, que se basearán en criterios obxectivos, transparentes, non discriminatorios e proporcionados e terán en conta, entre outras circunstancias, a tecnoloxía utilizada, o interese dos servizos, as bandas e o seu grao de aproveitamento. Tamén terán en consideración a valoración económica para o interesado do uso do dominio público, dado que este é un recurso escaso e, se é o caso, as ofertas presentadas polos licitadores.»

Trinta e oito. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 44, que queda redactado da seguinte maneira:

«2. Cando sexa preciso para garantir o uso eficaz do espectro radioeléctrico, tendo debidamente en conta a necesidade de conseguir os máximos beneficios para os usuarios e facilitar o desenvolvemento da competencia, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá, logo de audiencia ás partes interesadas, incluídas as asociacións de consumidores e usuarios, limitar o número de concesións demaniais que se outorgarán sobre o dito dominio para a explotación de redes públicas e a prestación de servizos de comunicacións electrónicas ou prolongar a duración de dereitos xa existentes en condicións distintas das especificadas en tales dereitos. Toda decisión de limitar o outorgamento de dereitos de uso ou a renovación de dereitos de uso deberá ser publicada expondo os seus



motivos. A dita limitación será revisable polo propio ministerio, de oficio ou por instancia de parte, na medida en que desaparezan as causas que a motivaron.»

Trinta e nove. Engádesse un novo número 3 ao artigo 44 coa seguinte redacción:

«3. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, cando resulte necesario o outorgamento de dereitos individuais de utilización de radiofrecuencias a provedores de servizos de contidos radiofónicos ou televisivos para lograr un obxectivo de interese xeral establecido de conformidade co dereito da Unión Europea, poderán establecerse excepcións ao requisito de procedemento aberto.»

Corenta. Modifícase o número 5 do artigo 45, que queda redactado do modo seguinte:

«5. De acordo cos principios de obxectividade e de proporcionalidade, atendendo principalmente ás necesidades da planificación e do uso eficiente e á dispoñibilidade do espectro radioelétrico, nos termos establecidos regulamentariamente, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, logo do informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións e con audiencia dos interesados, do Consello de Consumidores e Usuarios e, se é o caso, das asociacións máis representativas dos restantes usuarios durante un prazo suficiente, que salvo en circunstancias excepcionais non poderá ser inferior a catro semanas, poderá modificar os títulos habilitantes para o uso do dominio público radioelétrico. A modificación realizarase mediante orde ministerial, que establecerá un prazo para que os titulares se adapten a ela.»

Corenta e un. Substitúese o último parágrafo do número 2 do artigo 45 por un novo número 6, coa redacción seguinte:

«6. Os títulos habilitantes de uso do dominio público radioelétrico poderán ser transferidos e os dereitos de uso do dominio público radioelétrico poderán ser cedidos, nas condicións de autorización que se establezan mediante real decreto. No dito real decreto identificaranse igualmente as bandas de frecuencia en que se poden efectuar operacións de transferencia de títulos ou cesión de dereitos de uso de dominio público radioelétrico, en particular, as bandas de frecuencias que, de ser o caso, se identifiquen no ámbito da Unión Europea. As ditas transmisións en ningún caso eximirán o titular do dereito de uso cedente das obrigas asumidas fronte á Administración, e deberán en todo caso respectar as condicións técnicas de uso establecidas no Cadro nacional de atribución de frecuencias ou nos plans técnicos ou as que, se é o caso, estean fixadas nas medidas técnicas de aplicación da Unión Europea. Mediante real decreto poderanse fixar os supostos en que sexan transferibles os títulos habilitantes de uso do dominio público radioelétrico nos casos en que se produza unha subrogación nos dereitos e obrigas do operador. Así mesmo, mediante real decreto poderanse establecer restricións á transferencia ou arrendamento de dereitos individuais de uso de radiofrecuencias cando os ditos dereitos se obtivesen inicialmente de forma gratuíta.»

Corenta e dous. Engádesse un novo número 7 ao artigo 45 co seguinte teor:

«7. Mediante real decreto poderanse establecer cautelas para evitar comportamentos especulativos ou acaparamento de dereitos de uso do dominio público radioelétrico, en particular mediante a fixación de prazos estritos para a explotación dos dereitos de uso por parte do seu titular. Para tal efecto, poderanse adoptar medidas tales como ordenar a venda ou a cesión de dereitos de uso de radiofrecuencias. Estas normas estableceranse e aplicaranse de maneira que sexan proporcionadas, non discriminatorias e transparentes.»

Corenta e tres. Engádense dous novos números 3 e 4 ao artigo 46 coa seguinte redacción:

«3. No desenvolvemento das competencias que teñan encomendadas, as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o número 1 cooperarán mutuamente, cos restantes órganos de control doutros Estados e cos organismos pertinentes da Unión Europea, co fin de fomentar a aplicación coherente da normativa comunitaria en materia de comunicacións electrónicas e contribuir ao desenvolvemento do mercado interior. Con tal fin, apoiarán activamente os obxectivos da Comisión e do ORECE de promover unha maior coordinación. Así mesmo, colaborarán con ambas as institucións, co fin de determinar que tipos de instrumentos e solucións son os máis apropiados para tratar situacións particulares de mercado.

4. No desenvolvemento das competencias que teñan encomendadas as autoridades nacionais de regulamentación a que se refire o número 1 aplicarán principios reguladores obxectivos, transparentes, non discriminatorios e proporcionados, por exemplo, a través do seguinte:

a) Promovendo un ámbito regulador previsible, garantindo un enfoque regulador coherente en períodos de revisión apropiados.

b) Garantindo que, en circunstancias similares, non se dispense un trato discriminatorio ás empresas subministradoras de redes e servizos de comunicacións electrónicas.

c) Salvagardando a competencia en beneficio dos consumidores e promovendo, cando sexa posible, a competencia baseada nas infraestruturas.

d) Fomentando o investimento eficiente orientado ao mercado e á innovación en infraestruturas novas e melloradas, mesmo asegurando que toda obriga relativa ao acceso teña debidamente en conta os riscos en que incorren as empresas investidoras e permitindo diferentes modalidades de cooperación entre os investidores e as partes que soliciten o acceso, co fin de diversificar o risco dos investimentos e velar por que se respecten a competencia no mercado e o principio de non discriminación.

e) Tendo debidamente en conta a variedade de condicións en canto á competencia e aos consumidores que existen nas distintas rexións xeográficas.

f) Impondo obrigas regulamentarias ex ante unicamente cando non exista unha competencia efectiva e sustentable, e suavizando ou suprimindo estas obrigas en canto se cumpra a dita condición.

g) Exercendo as súas responsabilidades de tal modo que se promova a eficiencia, a competencia sustentable e o máximo beneficio para os usuarios finais.»

Corenta e catro. Engádense un novo parágrafo ao número 3 do artigo 47 co teor seguinte:

«No exercicio das súas funcións, e nos termos que mediante real decreto se determinen, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, unha vez iniciado o procedemento correspondente, poderá en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, adoptar as medidas cautelares que coide oportunas para asegurar a eficacia do laudo ou da resolución que poida recaer, se existiren elementos de xuízo suficientes para isto.»

Corenta e cinco. Modifícanse as alíneas e) e f) do número 6 do artigo 47, que quedan redactadas do seguinte modo:

«e) A comprobación técnica de emisións radioeléctricas para a identificación, localización e eliminación de interferencias prexudiciais, infraccións, irregularidades e perturbacións dos sistemas de radiocomunicación, e a verificación do uso efectivo

e eficiente do dominio público radioeléctrico por parte dos titulares de dereitos de uso.

f) O control e a inspección das telecomunicacións, incluída a supervisión do cumprimento das condicións ligadas ao outorgamento de dereitos de uso do espectro, así como a proposta de incoación de expedientes sancionadores na materia, sen prexuízo das competencias establecidas neste ámbito por esta lei. En materias de competencia da Comisión do Mercado de Telecomunicacións e, por solicitude desta, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información realizará as funcións de inspección que lle sexan requiridas.»

Corenta e seis. Engádense novas alíneas e), f) e g) ao número 3 do artigo 56 coa seguinte redacción:

«e) Emitir ordes de pór fin á prestación dun servizo ou dunha serie de servizos, ou adiala cando esta prestación poida ter como resultado prexudicar seriamente a competencia, ata que se cumpran as obrigas de acceso impostas a raíz dunha análise de mercado de acordo co artigo 10. Esta medida, xunto coas razóns en que se basea, comunicáraselle ao operador afectado sen demora, e fixarase un prazo razoable para que a empresa cumpra con ela.

f) Impedir que un operador siga subministrando redes ou servizos de comunicacións electrónicas ou suspender ou retirarlle os seus dereitos de uso, en caso de incumprimento grave e reiterado das condicións establecidas para a prestación de servizos ou a explotación de redes ou para o outorgamento de dereitos de uso ou das obrigas específicas que se tivesen imposto, cando tivesen fracasado as medidas destinadas a exixir o cesamento da infracción.

g) Adoptar medidas provisionais de urxencia destinadas a remediar incumprimentos das condicións establecidas para a prestación de servizos ou a explotación de redes ou para o outorgamento de dereitos de uso ou das obrigas específicas que se tivesen imposto, cando estes representen unha ameaza inmediata e grave para a seguridade pública ou a saúde pública ou creen graves problemas económicos ou operativos a outros subministradores ou usuarios do espectro radioeléctrico. Posteriormente deberá ofrecerse ao operador interesado a posibilidade de propor posibles solucións. Se for o caso, a autoridade competente poderá confirmar as medidas provisionais, que serán válidas durante tres meses como máximo, prorrogables por outro período de ata tres meses en caso de que non conclúsen os procedementos de execución.»

Corenta e sete. Modifícase o número 4 da disposición adicional sétima, que queda redactado do modo seguinte:

«4. Mediante real decreto aprobado polo Consello de Ministros poderán impoñerse, como obrigas de servizo público, exixencias razoables de transmisión de determinadas canles de programas de radio e televisión, así como exixencias de transmisión de servizos complementarios para posibilitar o acceso adecuado dos usuarios con discapacidade, aos operadores que exploten redes de comunicacións electrónicas utilizadas para a distribución de programas de radio ou televisión ao público, se un número significativo de usuarios finais das ditas redes as utiliza como medio principal de recepción de programas de radio e televisión, cando resulte necesario para alcanzar obxectivos de interese xeral claramente definidos e de forma proporcionada, transparente e periodicamente revisable.

Así mesmo, poderán establecerse mediante real decreto condicións aos provedores de servizos e equipamentos de televisión dixital, para que cooperen na prestación de servizos de comunicación audiovisual televisiva interoperables para os usuarios finais con discapacidade.»

Corenta e oito. Modifícase a disposición adicional oitava, que queda redactada da maneira seguinte:

«Disposición adicional oitava. *Mecanismo de notificación.*

As medidas adoptadas por unha autoridade nacional de regulamentación de acordo cos artigos 10, 13 e 13 bis e coa disposición adicional sétima desta lei e coa súa normativa de desenvolvemento, así como todas aquelas medidas que puideren ter repercusións nos intercambios entre Estados membros, someteranse aos mecanismos de notificación a que se refiren os artigos 7, 7 bis e 7 ter da Directiva 2002/21/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de marzo de 2002, relativa a un marco regulador común das redes e dos servizos de comunicacións electrónicas (directiva marco) e as normas ditadas para o efecto en desenvolvemento deles pola Unión Europea.»

Corenta e nove. O número 2 do anexo II queda redactado do seguinte modo:

«2. Acceso: a posta á disposición doutro operador, en condicións definidas e sobre unha base exclusiva ou non exclusiva, de recursos ou servizos con fins de prestación de servizos de comunicacións electrónicas, incluíndo cando se utilicen para a subministración de servizos da sociedade de información ou de servizos de contidos de radiodifusión. Este termo abrangue, entre outros aspectos, os seguintes: o acceso a elementos de redes e recursos asociados que poden requirir a conexión de equipamentos por medios fixos e non fixos (en particular, isto inclúe o acceso ao bucle local e a recursos e servizos necesarios para facilitar servizos a través do bucle local); o acceso a infraestruturas físicas, como edificios, condutos e mastros; o acceso a sistemas informáticos pertinentes, incluídos os sistemas de apoio operativos; o acceso a sistemas de información ou bases de datos para prepedidos, subministracións, pedidos, solicitudes de mantemento e reparación, e facturación; o acceso á conversión do número de chamada ou a sistemas cunha funcionalidade equivalente; o acceso a redes fixas e móbiles, en particular con fins de itinerancia; o acceso a sistemas de acceso condicional para servizos de televisión dixital, así como o acceso a servizos de rede privada virtual.»

Cincuenta. Engádesse un novo número 2 bis ao anexo II coa seguinte redacción:

«2 bis. Atribución de frecuencias: a designación dunha banda de frecuencias para o seu uso por un ou máis tipos de servizos de radiocomunicación, cando proceda, nas condicións que se especifiquen.»

Cincuenta e un. O número 3 do anexo II queda redactado do seguinte modo:

«3. Bucle local ou bucle de abonado da rede pública de comunicacións electrónicas fixa: o circuito físico que conecta o punto de terminación da rede a un dispositivo de distribución ou instalación equivalente da rede pública de comunicacións electrónicas fixa.»

Cincuenta e dous. O número 16 do anexo II queda redactado da seguinte maneira:

«16. Interferencia prexudicial: toda interferencia que supoña un risco para o funcionamento dun servizo de radionavegación ou doutros servizos de seguridade ou que degrade ou obstrúa gravemente ou interrompa de forma repetida un servizo de radiocomunicación que funcione de conformidade coa regulamentación internacional, comunitaria ou nacional aplicable.»

Cincuenta e tres. Engádesse un novo número 16 bis ao anexo II coa seguinte redacción:

«16 bis. Chamada: unha conexión establecida por medio dun servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público que permita a comunicación bidireccional de voz.»

Cincuenta e catro. O número 19 do anexo II queda redactado do modo seguinte:

«19. Número xeográfico: o número identificado no plan nacional de numeración telefónica que contén en parte da súa estrutura un significado xeográfico utilizado para o encamiñamento das chamadas cara á localización física do punto de terminación da rede.»

Cincuenta e cinco. O número 20 do anexo II queda redactado da maneira seguinte:

«20. Números non xeográficos: os números identificados no plan nacional de numeración telefónica que non son números xeográficos. Incluirán, entre outros, os números de teléfonos móbiles, os de chamada gratuíta e os de tarificación adicional.»

Cincuenta e seis. O número 24 do anexo II queda redactado do seguinte modo:

«24. Recursos asociados: as infraestruturas físicas, os sistemas, dispositivos, os servizos asociados ou outros recursos ou elementos asociados cunha rede de comunicacións electrónicas ou cun servizo de comunicacións electrónicas que permitan ou apoiem a prestación de servizos a través da dita rede ou servizo ou teñan potencial para isto. Incluirán, entre outros, edificios ou entradas de edificios, o cableado de edificios, antenas, torres e outras construcións de soporte, condutos, mastros, bocas de acceso e distribuidores.»

Cincuenta e sete. O número 25 do anexo II queda redactado como segue:

«25. Rede de comunicacións electrónicas: os sistemas de transmisión e, cando proceda, os equipamentos de conmutación ou encamiñamento e demais recursos, incluídos os elementos que non son activos que permitan o transporte de sinais mediante cables, ondas hertzianas, medios ópticos ou outros medios electromagnéticos con inclusión das redes de satélites, redes terrestres fixas (de conmutación de circuítos e de paquetes, incluída a internet) e móbiles, sistemas de tendido eléctrico, na medida en que se utilicen para a transmisión de sinais, redes utilizadas para a radiodifusión sonora e televisiva e redes de televisión por cable, con independencia do tipo de información transportada.»

Cincuenta e oito. O número 26 do anexo II queda redactado do seguinte modo:

«26. Rede pública de comunicacións: unha rede de comunicacións electrónicas que se utiliza, na súa totalidade ou principalmente, para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles para o público e que soporta a transferencia de sinais entre puntos de terminación da rede.»

Cincuenta e nove. O número 27 do anexo II queda redactado da maneira seguinte:

«27. Servizos asociados: aqueles servizos asociados cunha rede de comunicacións electrónicas ou cun servizo de comunicacións electrónicas que permitan ou apoiem a subministración de servizos a través da dita rede ou servizo ou teñan potencial para isto e que inclúen, entre outros, a tradución de números ou sistemas cunha funcionalidade equivalente, os sistemas de acceso condicional e as guías electrónicas de programas, así como outros servizos tales como o servizo de identidade, localización e presenza.»

Sesenta. O número 30 do anexo II queda redactado do modo seguinte:

«30. Servizo telefónico dispoñible ao público: o servizo dispoñible ao público para efectuar e recibir, directa ou indirectamente, chamadas nacionais ou nacionais e internacionais a través dun ou máis números dun plan nacional ou internacional de numeración telefónica.»

Sesenta e un. Engádesse un novo número 37 ao anexo II coa seguinte redacción:

«37. Datos de localización: calquera dato tratado nunha rede de comunicacións electrónicas ou por un servizo de comunicacións electrónicas que indique a posición xeográfica do equipamento terminal dun usuario dun servizo de comunicacións electrónicas dispoñible para o público.»

**Artigo 4.** *Modificación da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.*

Modifícase a Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico, nos seguintes termos:

Un. Engádesse un novo número 4 ao artigo 20, co teor seguinte:

«4. En todo caso, queda prohibido o envío de comunicacións comerciais en que se disimule ou se oculte a identidade do remitente por conta de quen se efectúa a comunicación ou que contraveñan o disposto neste artigo, así como aquelas en que se inciten os destinatarios para visitaren páxinas da internet que contraveñan o disposto neste artigo.»

Dous. Engádesse un novo parágrafo ao número 2 do artigo 21, coa seguinte redacción:

«Cando as comunicacións tivesen sido remitidas por correo electrónico, o dito medio deberá consistir necesariamente na inclusión dun enderezo electrónico válido onde se poida exercer este dereito; queda prohibido o envío de comunicacións que non inclúan o dito enderezo.»

Tres. Modifícase o artigo 22, que queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 22. *Dereitos dos destinatarios de servizos.*

1. O destinatario poderá revogar en calquera momento o consentimento prestado á recepción de comunicacións comerciais coa simple notificación da súa vontade ao remitente.

Para tal efecto, os prestadores de servizos deberán habilitar procedementos sinxelos e gratuítos para que os destinatarios de servizos poidan revogar o consentimento que tivesen prestado. Cando as comunicacións fosen remitidas por correo electrónico, o dito medio deberá consistir necesariamente na inclusión dun enderezo electrónico válido onde se poida exercer este dereito; queda prohibido o envío de comunicacións que non inclúan o dito enderezo.

Así mesmo, deberán facilitar información accesible por medios electrónicos sobre os ditos procedementos.

2. Os prestadores de servizos poderán utilizar dispositivos de almacenamento e recuperación de datos en equipamentos terminais dos destinatarios, coa condición de que estes desen o seu consentimento despois de que se lles facilite información clara e completa sobre a súa utilización, en particular, sobre os fins do tratamento dos datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Cando sexa tecnicamente posible e eficaz, o consentimento do destinatario para aceptar o tratamento dos datos poderá facilitarse mediante o uso dos parámetros adecuados do navegador ou doutras aplicacións, sempre que aquel

deba proceder á súa configuración durante a súa instalación ou actualización mediante unha acción expresa para tal efecto.

O anterior non impedirá o posible almacenamento ou acceso de índole técnica para o único fin de efectuar a transmisión dunha comunicación por unha rede de comunicacións electrónicas ou, na medida en que resulte estritamente necesario, para a prestación dun servizo da sociedade da información expresamente solicitado polo destinatario.»

Catro. A alínea a) do artigo 31 queda redactada da maneira seguinte:

«a) As persoas físicas ou xurídicas titulares dun dereito ou interese lexítimo, incluídas aquelas que se poidan ver prexudicadas por infraccións das disposicións contidas nos artigos 21 e 22, entre elas, os provedores de servizos de comunicacións electrónicas que desexen protexer os seus intereses comerciais lexítimos ou os intereses dos seus clientes.»

### TÍTULO III

#### Medidas dirixidas a corrixir as desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos nos sectores eléctrico e gasista

**Artigo 5.** *Modificación da retribución da actividade de distribución de enerxía eléctrica.*

1. Establécense como criterios para a retribución da actividade de distribución, con efectos sobre a retribución que se percibirá desde o 1 de xaneiro de 2012, os seguintes:

- a) Retribuiranse en concepto de investimento aqueles activos en servizo non amortizados tomando como base para a súa retribución financeira o valor neto destes.
- b) A devindicación da retribución xerada por instalacións de distribución postas en servizo o ano n iniciarase desde o 1 de xaneiro do ano n+2.

2. En aplicación do recollido no número anterior, modifícase a retribución correspondente ao ano 2012 para as empresas distribuidoras con máis de 100.000 clientes, así como a Fevasa e Solanar, deducidos os outros ingresos derivados dos dereitos de acometida, enganches, verificación e alugamento de aparellos de medida, que figura con carácter de provisional na Orde IET/3586/2011, do 30 de decembro, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2012 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial, que pasará a ser 4.606.000 miles de euros de acordo co recollido na seguinte táboa:

Empresa ou grupo empresarial	Miles de euros
Iberdrola Distribución Eléctrica, S.A.U. . . . . .	1.568.992
Unión Fenosa Distribución, S.A. . . . . .	742.744
Hidrocantábrico Distribución Eléctrica, S.A. . . . . .	147.897
E.ON Distribución, S.L. . . . . .	142.883
Endesa (peninsular) . . . . .	1.704.211
Endesa (extrapeninsular) . . . . .	297.925
FEVASA . . . . .	1.029
SOLANAR . . . . .	318
<b>Total . . . . .</b>	<b>4.606.000</b>

3. Revisanse os custos recoñecidos para 2012 destinados á retribución da xestión comercial realizada polas empresas distribuidoras con máis de 100.000 clientes, así como por Fevasa e Solanar, que ascenderán en 2012 a 56.648 miles de euros, desagregados por empresas distribuidoras segundo establece o cadro adxunto:

Empresa ou grupo empresarial	Miles de euros
Iberdrola Distribución Eléctrica, S.A.U. ....	22.202
Unión Fenosa Distribución, S.A.....	7.680
Hidrocantábrico Distribución Eléctrica, S.A.....	1.443
E.ON Distribución, S.L.....	1.243
Endesa (peninsular).....	20.475
Endesa (extrapeninsular).....	3.595
FEVASA.....	8
SOLANAR.....	2
Total.....	56.648

4. Modifícase a retribución correspondente a empresas distribuidoras con menos de 100.000 clientes, que figura con carácter de provisional na Orde IET/3586/2011, do 30 de decembro, que pasa a ser para o ano 2012 a cantidade de 340.811,777 miles de euros, segundo a desagregación que figura no anexo I.

5. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo elevará ao Goberno para a súa aprobación unha proposta de real decreto que vincule a retribución por investimento percibida polas empresas distribuidoras de enerxía eléctrica aos activos en servizo non amortizados.

#### **Artigo 6.** *Retribución da actividade de transporte de enerxía eléctrica.*

1. Con efectos na retribución que se percibirá desde o 1 de xaneiro do ano 2012, a devindicación e o cobramento da retribución xerada por instalacións de transporte postas en servizo o ano n iniciarase desde o 1 de xaneiro do ano n+2.

2. En aplicación do disposto no número 1, modifícase a retribución correspondente ao ano 2012 para a actividade de transporte que percibirán as empresas que figuran na Orde IET/3586/2011, do 30 de decembro, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2012 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial, de acordo co recollido na seguinte táboa:

Retribución transporte	Miles de euros
Red Eléctrica de España, S.A.....	1.339.044
Unión Fenosa Distribución, S.A.....	40.094
Total peninsular.....	1.379.138
Red Eléctrica de España, S.A. (extrapeninsular)...	146.314
Total extrapeninsular.....	146.314
Total.....	1.525.452

3. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo elevará ao Goberno para a súa aprobación unha proposta de real decreto que vincule a retribución por investimento das instalacións de transporte aos activos en servizo non amortizados.

#### **Artigo 7.** *Establecemento de medidas nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

1. Establécense como criterios para a retribución das instalacións de xeración de réxime ordinario nos sistemas insulares e extrapeninsulares, ademais dos recollidos na normativa vixente, os seguintes:

a) A retribución por combustible deberá ter en conta a eficiencia na xestión de adquisición destes, recoñecendo uns custos de loxística razoables que consideren as particularidades dos sistemas insulares e extrapeninsulares e en función do combustible realmente consumido.



b) A retribución por garantía de potencia deberá ter en conta a dispoñibilidade real de cada central.

c) A retribución por amortización do investimento de cada grupo deberá ter en conta conceptos susceptibles de seren amortizables.

d) A retribución fixa das centrais amortizadas deberá buscar a súa efectiva renovación, polo que a dita retribución se calculará de maneira individualizada para cada central segundo o procedemento que se estableza.

e) Na determinación dos custos variables de produción para o despacho de xeración teranse en conta as previsións de custos ou ingresos por dereitos de emisión.

2. Habílitase o Goberno para modificar mediante real decreto o disposto no número 1 deste artigo.

3. No prazo de dous meses desde a aprobación deste real decreto lei o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo propondrá unha revisión do modelo retributivo de custos fixos e variables das centrais de xeración nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares que terá en conta os novos criterios establecidos no punto 1.

A dita revisión recollerá polo menos os seguintes conceptos:

a) Revisión dos parámetros técnicos e económicos.

b) Revisión do cálculo do prezo do combustible.

c) Revisión da retribución por garantía de potencia.

d) Establecemento do modo de actualización dos diferentes parámetros económicos.

e) Revisión da taxa de retribución.

f) Establecemento da periodicidade das revisións de parámetros.

4. Con carácter transitorio e ata que non se aprobe a orde que estableza os custos variables das centrais resultantes da aplicación das revisións indicadas no punto primeiro do presente artigo, serán de aplicación no despacho de xeración os parámetros aprobados mediante Resolución do 7 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se actualizan os parámetros dos diferentes compoñentes do custo variable de xeración das instalacións de xeración en réxime ordinario dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares para o ano 2011.

#### **Artigo 8.** *Comisión Nacional de Enerxía.*

O saldo en 31 de decembro de 2011 dos resultados de exercicios anteriores da partida de fondos propios do balance da Comisión Nacional de Enerxía terá a consideración de ingresos liquidables dos sistemas eléctrico e gasista para efectos do disposto no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento, e na Orde ECO/2692/2002, do 28 de outubro, pola que se regulan os procedementos de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector de gas natural e das cotas con destinos específicos e se establece o sistema de información que deben presentar as empresas. A Comisión habilitará os mecanismos necesarios para proceder a reintegrar as cantidades correspondentes a estes fondos antes do 31 de decembro de 2012, atendendo á natureza dos activos en que se investisen os ditos remanentes.

Esta contía será descontada da partida de fondos propios do balance e das contas anuais da Comisión Nacional da Enerxía nos exercicios correspondentes.

A repartición entre a contía destinada ao sistema eléctrico e ao sector gasista farase proporcionalmente á facturación total derivada da aplicación das peaxes de acceso a que se refire o artigo 18 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e a facturación total derivada da aplicación de peaxes e canons a que se refire o artigo 92 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

**Artigo 9.** *Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía.*

O saldo en 31 de decembro de 2011 da partida de «Efectivo e outros activos líquidos equivalentes» das contas anuais do Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía terá a consideración de ingresos liquidables dos sistemas eléctrico e gasista para efectos do disposto no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización a tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguridade de abastecemento, e na Orde ECO/2692/2002, do 28 de outubro, pola que se regulan os procedementos de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector de gas natural e das cotas con destinos específicos e se establece o sistema de información que deben presentar as empresas. O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía habilitará os mecanismos necesarios para proceder a reintegrar as cantidades correspondentes a estes fondos antes do 31 de decembro de 2012, atendendo á natureza dos activos en que se investisen os ditos remanentes, na conta en réxime de depósito que a Comisión Nacional de Enerxía designe para o efecto.

Esta contía será descontada da partida «Efectivo e outros activos líquidos equivalentes» correspondente ás contas anuais do dito organismo nos exercicios correspondentes.

A repartición entre a contía destinada ao sistema eléctrico e ao sector gasista farase proporcionalmente á facturación total derivada da aplicación das peaxes de acceso a que se refire o artigo 18 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e a facturación total derivada da aplicación de peaxes e canons a que se refire o artigo 92 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

**Artigo 10.** *Planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica.*

1. O operador do sistema remitirá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, antes do 30 de xuño de 2012, unha proposta de planificación da rede de transporte tomando como base o escenario macroeconómico actual e previsto máis probable e a evolución prevista da demanda e a xeración tanto en réxime ordinario como en réxime especial. A proposta remitida terá entre os seus obxectivos a minimización dos custos da actividade de transporte e do conxunto do sistema eléctrico.

2. Ata a aprobación por parte do Consello de Ministros dunha nova planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica queda suspendido o outorgamento de novas autorizacións administrativas para instalacións de transporte competencia da Administración xeral do Estado.

3. A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas non poderá emitir o informe a que fai referencia o artigo 36.3 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, en sentido favorable ata a aprobación por parte do Consello de Ministros da nova planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica.

4. O disposto nos números 2 e 3 non será de aplicación ás instalacións necesarias para as interconexións internacionais.

5. Con carácter excepcional e mediante acordo do Consello de Ministros poderase habilitar a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para a emisión da autorización administrativa daquelas instalacións da súa competencia ou para a emisión de informes favorables no caso de instalacións de transporte autorizadas polas comunidades autónomas. O carácter excepcional estará xustificado se a non construción da instalación supón un risco inminente na seguridade da subministración ou un impacto económico negativo no sistema eléctrico, así como se a súa construción resulta estratéxica para o conxunto do Estado.

**Artigo 11.** *Aplicación do mecanismo de restricións por garantía de subministración.*

Con carácter excepcional para o ano 2012, o volume máximo previsto para o dito ano na Resolución do 30 de decembro de 2011, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que

se fixan as cantidades de carbón, o volume máximo de produción e os prezos de retribución da enerxía para o ano 2012, que se aplicará no proceso de resolución de restricións por garantía de subministración, regulado no Real decreto 134/2010, do 12 de febreiro, polo que se establece o procedemento de resolución de restricións por garantía de subministración e se modifica o Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica, reducirase nun 10 por cento.

### **Artigo 12.** *Pagamentos por capacidade.*

1. Con carácter excepcional para o ano 2012, redúcese a 23.400 €/MW/ano a contía correspondente ao incentivo ao investimento en capacidade a longo prazo para as instalacións de xeración ás cales é de aplicación a retribución do dito incentivo de acordo co establecido no anexo III da Orde ITC/2794/2007, do 27 setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007.

2. Así mesmo, redúcese con carácter excepcional para o ano 2012 a 7.875 €/MW/ano a contía do incentivo ao investimento ambiental a que fai referencia a disposición adicional segunda da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008.

3. O disposto no presente artigo será de aplicación ás instalacións de xeración que estean recibindo as retribucións asociadas aos servizos citados nos números 1 e 2 no momento da entrada en vigor do presente real decreto lei.

### **Artigo 13.** *Retribución do servizo de interrompibilidade.*

1. Habilítase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo do informe do operador do sistema, para establecer a contía máxima anual que percibirán os provedores que presten o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, así como para ditar as disposicións que permitan desenvolver os mecanismos necesarios para non superar a dita contía.

2. Para o ano 2012, a retribución total do servizo de xestión da demanda de interrompibilidade, calculada como suma da retribución que terá dereito a percibir individualmente cada un dos provedores que presten de maneira efectiva o servizo neste período, en aplicación da fórmula definida no artigo 6 da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, pola que se regula o servizo de xestión da demanda de interrompibilidade para os consumidores que adquiren a súa enerxía no mercado de produción, ascenderá a un máximo de 505 millóns de euros.

3. Para efectos do disposto no punto anterior, a retribución que terá dereito a percibir cada provedor pola efectiva prestación do servizo será a cantidade que resulte de aplicar para o dito período a citada fórmula definida no artigo 6 da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, diminuída proporcionalmente á porcentaxe que supoña a súa retribución individual así calculada sobre a retribución total do conxunto de provedores do servizo durante o ano 2012.

O operador do sistema recalculará as contías correspondentes aos meses do ano 2012 que fosen comunicadas á Comisión Nacional de Enerxía ata a entrada en vigor deste real decreto lei conforme o disposto no artigo 15 da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, tanto da retribución provisional do servizo de interrompibilidade como das penalizacións que, se é o caso se aplicasen, e porá en coñecemento desa comisión as novas contías obtidas seguindo o procedemento e os prazos previstos no citado artigo 15.

En caso de que o operador do sistema tivese procedido a liquidar provisionalmente no momento da entrada en vigor deste real decreto lei, conforme o establecido no artigo 16 da Orde ITC/2370/2007, do 26 de xullo, a retribución correspondente a algún dos meses do ano 2012, a regularización da liquidación para os efectos de dar cumprimento ao disposto no presente artigo efectuarase na seguinte liquidación provisional que se realice.

**Artigo 14.** *Retribución de almacenamentos subterráneos básicos de gas natural.*

1. No caso dos almacenamentos subterráneos, a retribución por custos de investimento devindicase desde o día seguinte ao da posta en servizo comercial da instalación de que se trate. Con carácter xeral, a retribución devindicada en cada ano «n» será aboada ao longo do ano «n+1», de conformidade co establecido na Orde ECO/2692/2002, do 28 de outubro, pola que se regulan os procedementos de liquidación da retribución das actividades reguladas do sector de gas natural e das cotas con destinos específicos e se establece o sistema de información que deben presentar as empresas.

Así mesmo, nun mesmo ano natural non se aboarán retribucións devindicadas en máis dun ano natural. En caso de que a inclusión definitiva no réxime retributivo a que fai referencia o artigo 6.1 da Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, pola que se establece a retribución dos almacenamentos subterráneos de gas natural incluídos na rede básica, non se realice dentro do mesmo ano natural da súa posta en servizo, o ano «j» en que se realice a dita inclusión definitiva no réxime retributivo aboarase a retribución devindicada o ano da posta en marcha da instalación; o ano «j+1» aboarase a retribución devindicada o ano seguinte da posta en marcha, e así sucesivamente.

Aplicarase este mesmo sistema aos custos de operación e mantemento, que tamén se devindicará desde o día seguinte ao de posta en servizo comercial da instalación de que se trate.

Para o ano de posta en servizo, estes custos calcularanse rateando o número de meses completos durante os cales o elemento de inmovilizado «i» estivese en servizo.

2. Sen prexuízo daqueles importes devindicados e solicitados de conformidade coas súas disposicións regulamentarias específicas na data de entrada en vigor deste real decreto lei, suspéndese o recoñecemento de importes adicionais en concepto de retribución provisional a favor dos titulares de almacenamentos subterráneos de gas natural que teñan establecidos tales esquemas.

3. Sen prexuízo do disposto no artigo 3.5 da Orde ITC/3995/2006, do 29 de decembro, todos os contratos destinados á realización de traballos de operación e mantemento que non sexan asumidos directamente polo concesionario deberán ser notificados á Secretaría de Estado de Enerxía, que poderá rexeitalos ou condicionalos. En calquera caso, todos eles serán adxudicados de acordo cos principios de concorrencia, transparencia e mínimo custo, salvo naqueles casos en que se xustifique a súa imposibilidade.

4. As direccións das áreas ou, se é o caso, dependencias das áreas de Industria e Enerxía redactarán a correspondente acta de posta en servizo definitiva no prazo máximo dun mes desde que o titular acredite que a instalación funcionou polo menos 48 horas seguidas no ámbito dos parámetros nominais, tanto en modo inxección como en modo extracción.

Non obstante, aquelas poderán redactar unha acta de posta en servizo provisional para o conxunto do almacenamento unha vez que se verifiquen as condicións establecidas nas súas respectivas autorizacións administrativas con carácter xeral para a posta en marcha e poderá comezarse a inxección do gas colchón. A partir do día seguinte ao da eficacia da dita acta provisional e logo de solicitude dos promotores, poderá aboarse á conta a retribución definitiva. Esta retribución definitiva será aprobada nos termos, prazos e condicións establecidos na lexislación vixente, e terá consideración de transitoria ata a emisión da acta de posta en servizo definitiva, de forma que os importes aboados non se considerarán firmes ata a emisión da dita acta.

Desde a solicitude da dita retribución transitoria e ata a emisión da acta de posta en servizo definitiva, os titulares constituirán garantías a favor da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas por importe do 10 por cento da retribución aboada para responder do cumprimento dos parámetros nominais de funcionamento. Esta garantía constituirase progresivamente de tal forma que non máis tarde do 31 de xaneiro do ano «n» se constituirá polo importe realmente aboado no ano natural «n-1» e se formalizará de acordo cos termos previstos no artigo 3 do Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos aprobado polo Real decreto 161/1997, do 7 de febreiro.

**Disposición adicional primeira.** *Atención aos consumidores vulnerables de enerxía eléctrica.*

No prazo de tres meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei as empresas comercializadoras deberán pór á disposición dos consumidores o servizo de atención telefónica e o número de teléfono a que fai referencia a disposición transitoria vixésima da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

**Disposición adicional segunda.** *Obriga dos comercializadores en relación co servizo de atención ás reclamacións.*

As empresas comercializadoras deberán realizar as adaptacións necesarias para dar cumprimento ao disposto no artigo 81.2.n) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, antes de que transcorran tres meses desde a entrada en vigor do presente real decreto lei.

**Disposición adicional terceira.** *Validez e eficacia das habilitacións existentes.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única, todas as habilitacións e títulos habilitantes existentes en 31 de decembro de 2009, outorgados ao abeiro do réxime xurídico instaurado pola Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e a súa normativa de desenvolvemento, seguirán sendo válidos e eficaces, aínda que o réxime xurídico aplicable a eles será o que resulte das normas introducidas no presente real decreto lei.

**Disposición adicional cuarta.** *Facturación de consumos de enerxía eléctrica.*

Habílitase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para adoptar as disposicións necesarias para que as cantidades correspondentes a refacturacións complementarias que se deban realizar aos consumidores de enerxía eléctrica en cumprimento de resolucións xudiciais, sempre que o saldo para efectos de pagamento sexa para aboar polo consumidor, poidan ser fraccionadas en tantas facturas como se determine, que deberán emitirse antes do 31 de decembro de 2012.

**Disposición adicional quinta.** *Limitacións ao sobrecusto por cambio de combustible nos sistemas insulares e extrapeninsulares.*

Habílitase o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para establecer limitacións ao sobrecusto que pode ser asumido con cargo ás peaxes de acceso derivado dos cambios de combustible que non se xustifiquen por razóns técnicas, nas centrais de xeración dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

**Disposición transitoria primeira.** *Establecemento de peaxes de acceso ás redes de enerxía eléctrica e ao sistema gasista.*

1. Ata que a Comisión Nacional de Enerxía estableza a metodoloxía para o cálculo da parte das peaxes de acceso ás redes de electricidade correspondentes aos custos de transporte e distribución de enerxía eléctrica, de acordo co disposto na disposición adicional décimo primeira.terceiro.1.décimo novena.i da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, a aprobación das peaxes de acceso realizarase de acordo co disposto no artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.

2. Ata que a Comisión Nacional de Enerxía estableza a metodoloxía para o cálculo das peaxes e canons dos servizos básicos de acceso ás instalacións gasistas, de acordo co disposto na disposición adicional décimo terceira.terceiro.1.décimo novena.iv da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, serán de aplicación os criterios recollidos na citada lei así como o disposto no Real decreto 949/2002, do 3 de agosto,

polo que se regula o acceso de terceiros ás instalacións gasistas e se establece un sistema económico integrado do sector de gas natural e as ordes de desenvolvemento.

**Disposición transitoria segunda.** *Instalacións pertencentes á rede troncal de gasodutos.*

1. No prazo máximo de dous meses desde a entrada en vigor do presente real decreto lei, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo determinaranse as instalacións da rede básica de gas natural que teñan a consideración de instalacións pertencentes á rede troncal de gas natural.

Así mesmo, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo determinará aquelas instalacións que, como consecuencia do desenvolvemento da rede básica, pasen a formar parte da rede troncal.

2. As empresas propietarias dalgunha instalación da rede troncal de gas natural deberán solicitar á Comisión Nacional de Enerxía, antes de que transcorran dous meses desde que se dite a orde ministerial referida no parágrafo primeiro do punto anterior, a correspondente certificación de separación de actividades, ou presentar ante esta contrato previo de cesión da xestión das citadas instalacións con algunha das empresas solicitantes de certificación como xestor de rede independente.

**Disposición transitoria terceira.** *Suspensión da tramitación dos procedementos relativos a novas plantas de regasificación en territorio peninsular.*

1. Queda suspendida a tramitación de todos os procedementos de adxudicación e outorgamento de novas plantas de regasificación en territorio peninsular, incluíndo a autorización administrativa, a autorización do proxecto de execución ou a acta de posta en servizo deste tipo de instalacións.

2. Isto non obstante, aquelas plantas de regasificación en territorio peninsular que tivesen aprobado o proxecto de execución, poderán continuar a construción da infraestrutura e solicitar logo o outorgamento da acta de posta en servizo, para os únicos efectos indicados no parágrafo seguinte.

Tanto no suposto recollido no parágrafo anterior, como para aquelas plantas de regasificación en territorio peninsular que, no momento da entrada en vigor deste decreto lei, tivesen solicitado e visen suspendido na súa virtude o outorgamento da acta de posta en servizo, os seus titulares terán dereito, unha vez que transcorrese o prazo dun mes desde a presentación da correspondente solicitude de acta de posta en servizo nas condicións establecidas polo artigo 85 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, ao cobramento dunha retribución transitoria. A dita retribución transitoria será igual á retribución financeira do inmovilizado e calcularase cada ano «n» aplicando a taxa de retribución en vigor para o dito tipo de instalación (TRi) ao valor neto do investimento. Así mesmo, e con obxecto de que a instalación estea preparada para iniciar a súa posta en servizo cando así se determine, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo determinará a retribución por custos de operación e mantemento que se van percibir.

O Goberno poderá restablecer regulamentariamente a tramitación destas instalacións.

3. Esta disposición non será de aplicación á ampliación de plantas de regasificación que xa estean en funcionamento.

**Disposición transitoria cuarta.** *Suspensión da autorización administrativa de novos gasodutos de transporte e estacións de regulación e medida.*

1. Ata a aprobación por acordo do Consello de Ministros dunha nova planificación da rede de transporte de gas natural, queda suspendida a tramitación de gasodutos de transporte e estacións de regulación e medida, pendentes de obter ou solicitar a autorización administrativa, incluídas no documento de planificación dos sectores de

electricidade e gas 2008-2016, aprobado por acordo do Consello de Ministros o 30 de maio de 2008 e modificado pola Orde ITC/2906/2010, do 8 de novembro, pola que se aproba o programa anual de instalacións e actuacións de carácter excepcional das redes de transporte de enerxía eléctrica e gas natural, que non se consideren compromisos internacionais ou economicamente rendibles para o sistema polo incremento da demanda asociada.

Mediante acordo do Consello de Ministros poderase restablecer a tramitación individualizada e con carácter excepcional destas instalacións. O carácter excepcional estará xustificado se a non construción da instalación no prazo de tres anos supón un risco inminente na seguridade da subministración ou un impacto económico negativo no sistema gasista, así como se a súa construción resulta estratéxica para o conxunto do Estado.

2. O disposto no punto primeiro desta disposición non será de aplicación aos gasodutos dedicados á subministración da súa zona de influencia. Neste caso, con obxecto de xustificar a rendibilidade económica das infraestruturas, xunto coa solicitude da autorización da instalación, os promotores deberán presentar á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e á autoridade competente para autorizar a instalación un compromiso dos potenciais consumidores e, se for o caso, dos correspondentes distribuidores, onde se acredite convenientemente para cada consumidor relevante (maior de 1 GWh/ano) a cantidade estimada de gas natural que se consumirá anualmente durante os próximos seis anos, a data prevista de inicio do consumo de gas de cada consumidor e a presión de subministración. A partir da dita información, a autoridade competente para autorizar a dita instalación analizará a viabilidade económica do investimento que hai que realizar no proxecto. De non se alcanzaren os ingresos por peaxes necesarios, non quedaría suficientemente xustificada a necesidade para construír a dita infraestrutura e a autorización será denegada. En caso de que, unha vez posta en servizo a infraestrutura, non se alcancen os niveis de consumo necesarios que xustificaron a súa construción, a retribución do transportista verase minorada de forma que o sistema gasista non sufra desaxuste ningún derivado da construción da dita infraestrutura. O ministro de Industria, Enerxía e Turismo establecerá a forma en que a retribución das ditas instalacións se verá minorada.

3. Para os efectos do establecido no punto primeiro desta disposición, quedan excluídas as seguintes infraestruturas vinculadas a compromisos internacionais previamente adquiridos:

- a) Gasoduto Zarza de Tajo-Yela. Infraestrutura asociada á conexión internacional de Larrau.
- b) Estación de compresión de Euskadour. Infraestrutura asociada á conexión internacional de Irún/Biriatou.

**Disposición transitoria quinta.** *Financiamento do operador do sistema.*

Ata o desenvolvemento da metodoloxía prevista no número 10 ao artigo 16 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, o financiamento do operador do sistema establecerase por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

**Disposición transitoria sexta.** *Prórroga da vixencia das resolucións da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas polas que se establecen as tarifas de último recurso de enerxía eléctrica e a tarifa de último recurso de gas natural que se aplicará no primeiro trimestre de 2012.*

1. Con carácter excepcional, prorrógase a vixencia dos prezos da tarifa de último recurso contidos na Resolución do 30 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se establecen o custo de produción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso que se aplicarán no período comprendido entre o 23 e o 31 de decembro de 2011, e no primeiro trimestre de 2012, obxecto de corrección

de erros por Resolución do 2 de febreiro de 2012, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Non obstante o anterior, os prezos da tarifa de último recurso da dita resolución serán revisados para incorporar, de maneira aditiva segundo o previsto no artigo 18 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, as actualizacións que se realicen dos prezos das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución. Esta revisión producirá efectos desde o 1 de abril de 2012 e, se é o caso, dará lugar ás correspondentes refacturacións complementarias, segundo o disposto na disposición adicional cuarta do presente real decreto lei.

2. Con carácter excepcional, prorrógase a tarifa de último recurso de gas natural aprobada pola Resolución do 30 de decembro de 2011, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se publica a tarifa de último recurso de gas natural.

Non obstante o anterior, a tarifa de último recurso será revisada para incorporar as actualizacións que se realicen dos termos fixos e variables das peaxes e canons de acceso ao sistema. Así mesmo, o termo variable actualizarase co custo da materia prima, Cn, de acordo co valor obtido da aplicación da fórmula do artigo 8 da Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, pola que se establece a metodoloxía de cálculo da tarifa de último recurso de gas natural. Con carácter excepcional, e sen prexuízo do disposto no artigo 10 da Orde ITC/1660/2009, do 22 de xuño, a dita revisión producirá efectos desde a data indicada na resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas que estableza a nova tarifa.

**Disposición transitoria sétima.** *Restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos nos títulos habilitantes para o uso do espectro radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas.*

1. As condicións establecidas nos títulos habilitantes para o uso do espectro radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas outorgados con anterioridade ao 25 de maio de 2011 e que impliquen restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos nos termos establecidos nos números 6 a 8 do artigo 43 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, seguirán sendo válidas ata o 25 de maio de 2016.

2. Non obstante o anterior, os titulares de títulos habilitantes para o uso do espectro radioeléctrico para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas cuxo período de vixencia se estenda máis alá do 25 de maio de 2016, poderán solicitar á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información, antes do 25 de maio de 2016, unha avaliación das restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos nos termos establecidos nos números 6 a 9 do artigo 43 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, que teñan impostas nos seus títulos habilitantes.

Antes de ditar resolución, a Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información notificará ao titular do título habilitante a súa nova avaliación das restricións, indicando o alcance do seu título a raíz dela, e concederlle un prazo de 15 días para retirar a súa solicitude.

Se o titular do título desistir da súa solicitude, as restricións aos principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos establecidas no título habilitante permanecerían sen modificar ata o 25 de maio de 2016, salvo que o título se extinga con anterioridade.

3. A partir do 25 de maio de 2016, os principios de neutralidade tecnolóxica e de servizos aplicaranse a todos os títulos habilitantes para o uso do espectro para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas outorgados con anterioridade ao 25 de maio de 2011, sen prexuízo das restricións que se poidan establecer nos termos establecidos nos números 6 a 8 do artigo 43 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

4. Na aplicación desta disposición tomaranse as medidas apropiadas para fomentar a competencia leal.

5. As medidas que se adopten en execución desta disposición non terán en ningún caso a consideración de outorgamento dun novo título habilitante.



**Disposición derogatoria única.** *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto lei, e en particular:

- a) As alíneas e) e i) do artigo 49.2 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.
- b) A disposición adicional terceira da Lei 17/2007, do 4 de xullo, pola que se modifica a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para adaptala ao disposto na Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade.
- c) A disposición adicional primeira da Lei 7/2010, do 31 de marzo, xeral da comunicación audiovisual.
- d) O último parágrafo do número 1 (taxa xeral de operadores) do anexo I da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

**Disposición derradeira primeira.** *Incorporación de dereito comunitario.*

1. Mediante o artigo 1 deste real decreto lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE e a Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE.

2. Mediante o artigo 2 deste real decreto lei incorpórase parcialmente ao dereito español a Directiva 2009/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior do gas natural e pola que se derroga a Directiva 2003/55/CE.

3. Mediante os artigos 3 e 4 do presente real decreto lei incorpóranse ao ordenamento xurídico español a Directiva 2009/136/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, pola que se modifican a Directiva 2002/22/CE, relativa ao servizo universal e aos dereitos dos usuarios en relación coas redes e cos servizos de comunicacións electrónicas; a Directiva 2002/58/CE, relativa ao tratamento dos datos persoais e á protección da intimidade no sector das comunicacións electrónicas, e o Regulamento (CE) n.º 2006/2004 sobre a cooperación en materia de protección dos consumidores; así como a Directiva 2009/140/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, pola que se modifican a Directiva 2002/21/CE, relativa a un marco regulador común das redes e os servizos de comunicacións electrónicas; a Directiva 2002/19/CE, do 7 de marzo de 2002, do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao acceso ás redes de comunicacións electrónicas e recursos asociados, e á súa interconexión; e a Directiva 2002/20/CE, relativa á autorización de redes e servizos de comunicacións electrónicas, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Engádese un novo número 10 ao artigo 16 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, coa seguinte redacción:

«10. A retribución do operador do sistema establecerase de acordo coa metodoloxía que determine o Goberno en función dos servizos que efectivamente preste.

A retribución do operador do sistema será fixada anualmente polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo cando se revisen as peaxes.

A súa contía será financiada de acordo cos prezos que este cobre aos suxeitos. Estes prezos serán fixados polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.»

**Disposición derradeira terceira.** *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

A Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, queda modificada como segue:

Un. Modifícase o punto segundo.f) do número 2 da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, que queda redactado como segue:

«f) Tipos de gravame e cota. O tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria que hai que ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,150 por cento para as peaxes a que se refire o artigo 17 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.»

Dous. Modifícase a alínea terceira e) do número 2 da disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do sector de hidrocarburos, que queda redactada como segue:

«e) Tipos de gravame e cota. O tipo polo que se multiplicará a base imponible para determinar a cota tributaria que hai que ingresar na Comisión Nacional de Enerxía é de 0,140 por cento.»

**Disposición derradeira cuarta.** *Modificación do Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

O Real decreto 1747/2003, do 19 de decembro, polo que se regulan os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o segundo parágrafo do artigo 6.4 nos seguintes termos:

«A potencia total que se debe considerar na garantía de potencia que se vaia retribuír para cada SEIE será a definida como potencia necesaria no artigo 2.3. A potencia instalada de novas instalacións de xeración nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares que supere a potencia necesaria definida no artigo 2.3 poderá considerarse para o cálculo da garantía de potencia da dita instalación sempre que substitúa a potencia de instalacións xa amortizadas en funcionamento por razóns de seguridade de subministración ou eficiencia técnica e económica do sistema.»

Dous. Suprímese o último parágrafo do número 4 do artigo 6, relativo á retribución das centrais xa amortizadas.

**Disposición derradeira quinta.** *Títulos competenciais.*

1. Os títulos I e III e as disposicións adicionais primeira e segunda e transitorias primeira a sexta, e derradeiras segunda a cuarta dítanse ao abeiro das competencias que corresponden ao Estado de acordo coas regras 13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución española, que lle atribúen a competencia exclusiva para determinar as bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

2. O artigo 3 do título II e as disposicións adicional terceira e transitoria sétima, así como a disposición derradeira sexta dítanse ao abeiro da competencia exclusiva estatal en materia de telecomunicacións, prevista no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución.

3. O artigo 4 do mesmo título II dítase ao abeiro das competencias que ao Estado se lle atribúen en materia de lexislación mercantil e procesual, de lexislación civil e de telecomunicacións, polas regras 6.<sup>a</sup>, 8.<sup>a</sup> e 21.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas.

**Disposición derradeira sexta.** *Supresión da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

1. Suprímese a Axencia Estatal de Radiocomunicacións creada polo artigo 47 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

2. As funcións e potestades que a Axencia Estatal de Radiocomunicacións tiña asignadas entenderanse atribuídas á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

3. Toda referencia que a Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, e demais normativa vixente teña efectuada en relación coa Axencia Estatal de Radiocomunicacións entenderase realizada en favor da Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información.

**Disposición derradeira sétima.** *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste real decreto lei.

**Disposición derradeira oitava.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», con excepción da modificación do artigo 63 ter da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, que entrará en vigor o día 3 de marzo de 2013, e do previsto na disposición derradeira segunda, que será de aplicación a partir da data en que sexa eficaz o acordo do Consello de Ministros que estableza a metodoloxía a que esa disposición fai referencia.

Dado en Madrid o 30 de marzo de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO I

## Retribución correspondente ao ano 2012 de empresas distribuidoras con menos de 100.000 clientes conectados ás súas redes

N.º rexistro	Empresa distribuidora	Euros
R1-014	AGRI-ENERGÍA ELÉCTRICA, S.A. ....	6.864.117
R1-015	BASSOLS ENERGÍA S.A. ....	11.734.726
R1-016	ELECTRA CALDENSE, S.A. ....	4.520.826
R1-017	ELECTRA DEL MAESTRAZGO, S.A. ....	5.258.995
R1-018	ESTABANELL Y PAHISA ENERGÍA, S.A. ....	19.008.567
R1-019	ELÉCTRICA DEL EBRO, S.A. ....	3.614.050
R1-020	PRODUCTORA ELÉCTRICA URGELENSE, S.A. (PEUSA) ....	4.025.700
R1-021	SUMINISTRADORA ELÉCTRICA DE CÁDIZ, S.A. ....	21.079.935
R1-022	CENTRAL ELÉCTRICA SESTELO Y CÍA, S.A. ....	5.038.831
R1-023	HIDROELÉCTRICA DEL GUADIELA I, S.A. ....	3.905.868
R1-024	COOPERATIVA ELÉCTRICA ALBORENSE, S.A. ....	124.808
R1-025	INDUSTRIAS PECUARIAS DE LOS PEDROCHES, S.A. ....	5.528.073
R1-026	ENERGÍAS DE ARAGÓN I, S. L. U. ....	4.085.467
R1-027	COMPAÑÍA MELILLENSE DE GAS Y ELECTRICIDAD, S.A. ....	9.236.762
R1-028	MEDINA GARVEY ELECTRICIDAD, S.L.U. ....	7.167.053
R1-029	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DEL SIL, S.L. ....	2.679.857
R1-030	EMPRESA DE ALUMBRADO ELÉCTRICO DE CEUTA DISTRIBUCIÓN, S.A.U. ....	9.410.708
R1-031	DISTRIBUIDORA DE ENERGÍA ELÉCTRICA ENRIQUE GARCÍA SERRANO. S. L. ....	242.479
R1-032	REPSOL ELÉCTRICA DE DISTRIBUCIÓN, S.L. ....	2.923.263
R1-033	SDAD. COOP. VALENCIANA LTDA. BENÉFICA DE CONS. DE ELECT. «SAN FRANCISCO DE ASÍS» DE CREV. ....	4.501.972
R1-034	ELECTRICIDAD DE PUERTO REAL, S.A. (EPRESA) ....	3.282.291
R1-035	ELÉCTRICA DEL OESTE DISTRIBUCIÓN, S.L.U. ....	8.247.985
R1-036	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA BERMEJALES, S.A. ....	4.132.588
R1-037	ELECTRA DEL CARDENER, S.A. ....	2.544.246
R1-038	ELÉCTRICA SEROSENSE DISTRIBUIDORA, S.L. ....	3.236.419
R1-039	HIDROELÉCTRICA DE LARACHA, S.L. ....	2.176.644
R1-040	SOCIEDAD ELECTRICISTA DE TUY, S.A. ....	2.808.734
R1-041	ELECTRA ALTO MIÑO, S.A. ....	2.657.545
R1-042	UNIÓN DE DISTRIBUIDORES DE ELECTRICIDAD, S.A. (UDESА) ....	3.739.114
R1-043	ANSELMO LEÓN DISTRIBUCIÓN, S.L. ....	4.508.206
R1-044	COMPAÑÍA DE ELECTRICIDAD DEL CONDADO, S.A. ....	3.878.238
R1-045	ELECTRA AUTOL, S.A. ....	1.337.392
R1-046	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA TENTUDIA. S.L.U. ....	1.906.798
R1-047	FÉLIX GONZÁLEZ, S.A. ....	3.565.642
R1-048	LA PROHIDA DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA, S.L. ....	1.256.577
R1-049	ELÉCTRICAS PITARCH DISTRIBUCIÓN, S.L.U. ....	7.507.171
R1-050	HIJOS DE JACINTO GUILLÉN DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA, S.L.U. ....	2.754.606
R1-051	JUAN DE FRUTOS GARCÍA, S.L. ....	1.239.803
R1-052	LESA ELECTRICITAT, S.L. ....	1.588.474
R1-053	DIELESUR, S.L. ....	2.550.330
R1-054	ENERGÍA DE MIAJADAS, S.A. ....	2.412.368
R1-055	AGUAS DE BARBASTRO ELECTRICIDAD, S.A. ....	2.108.776
R1-056	VALL DE SOLLER ENERGÍA S.L.U (EL GAS, S.A.) ....	2.856.951
R1-057	ROMERO CANDAU, S.L. ....	1.880.663
R1-058	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA, S.L. ....	2.037.066
R1-059	GRUPO DE ELECTRIFICACIÓN RURAL S. COOP R. L. ....	2.325.863
R1-060	SUMINISTROS ESPECIALES ALGINETENSES, S. COOP. V. ....	2.067.006

N.º rexistro	Empresa distribuidora	Euros
R1-061	OÑARGI, S.L.	1.225.286
R1-062	SUMINISTRO DE LUZ Y FUERZA, S.L.	3.216.816
R1-063	COOPERATIVA ELÉCTRICA BENÉFICA CATRALENSE, COOP. V.	854.825
R1-064	ELECTRA DE CARBAYIN, S.A.	1.052.207
R1-065	ELÉCTRICA DE GUIXÉS, S.L.	588.622
R1-066	ELÉCTRICA VAQUER, S.A.	795.253
R1-067	HERMANOS CABALLERO REBOLLO, S.L.	157.318
R1-068	COMPAÑÍA DE ELECTRIFICACIÓN, S.L.	644.370
R1-069	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE MELÓN, S.L.	294.161
R1-070	ELECTRA DE CABALAR, S.L.	356.592
R1-071	ELECTRA DEL GAYOSO, S.L.	538.000
R1-072	ELECTRA DEL NARAHIO, S.A.	1.113.582
R1-073	ELÉCTRICA DE BARCIADEMERA, S.L.	44.110
R1-074	ELÉCTRICA DE CABAÑAS, S.L.	228.457
R1-075	ELÉCTRICA DE GRES, S.L.	173.838
R1-076	ELÉCTRICA DE MOSCOSO, S.L.	1.607.877
R1-077	ELÉCTRICA CORVERA, S.L.	1.008.090
R1-078	ELÉCTRICA FUCIÑOS RIVAS, S.L.	802.877
R1-079	ELÉCTRICA LOS MOLINOS, S.L.	1.354.303
R1-080	HIDROELÉCTRICA DEL ARNEGO, S.L.	364.699
R1-081	SAN MIGUEL 2000 DISTRIBUCIÓN, S.L.U.	576.000
R1-082	SUCESORES DE MANUEL LEIRA, S.L.	354.134
R1-083	BERRUEZA, S.A.	1.024.755
R1-084	BLÁZQUEZ, S.L.	487.479
R1-085	CENTRAL ELÉCTRICA MITJANS, S.L.	175.898
R1-086	CENTRAL ELÉCTRICA SAN FRANCISCO, S.L.	635.277
R1-087	DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA LAS MERCEDES, S.L.	687.104
R1-088	ELÉCTRICA DE CANILES, S.L.	395.829
R1-089	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE RELLEU, S.L.	469.402
R1-090	ELECTRA ADURIZ, S.A.	3.195.525
R1-091	ELECTRA AVELLANA, S.L.	815.736
R1-092	ELECTRA CASTILLEJENSE, S.A.	562.940
R1-093	DISTRIBUIDORA DE ELECTRICIDAD LARRAÑAGA, S.L.	33.194
R1-094	ELECTRA SAN CRISTÓBAL, S.L.	448.310
R1-095	ELÉCTRICA BELMEZANA, S.A.	470.534
R1-096	ELÉCTRICA LA VICTORIA DE FUENCALIENTE, S.A.	255.129
R1-097	ELÉCTRICA LOS PELAYOS, S.A.	505.505
R1-098	ELÉCTRICA NTRA. SRA. DE LOS REMEDIOS, S.L.	1.143.846
R1-099	ELECTRICITAT LA AURORA, S.L.	549.100
R1-100	ELECTRO DISTRIBUCIÓN DE ALMODÓVAR DEL CAMPO, S.A.	990.181
R1-101	ELECTRO MOLINERA DE VALMADRIGAL, S.L.	1.460.473
R1-102	EMPRESA DE ELECTRICIDAD SAN JOSÉ, S.A.	492.545
R1-103	HIDROELÉCTRICA DE SAN CIPRIANO DE RUEDA, S.L.	347.538
R1-104	HIDROELÉCTRICA VIRGEN DE CHILLA, S.L.	1.262.847
R1-105	LA ERNESTINA, S.A.	715.811
R1-106	DIELENOR, S.L.	1.417.899
R1-107	DISTRIBUIDORA DE ENERGÍA ELÉCTRICA DEL BAGES, S.A.	1.389.261
R1-108	ENERGÉTICA DE ALCOCER, S.L.U.	878.396
R1-109	ELÉCTRICA MAFERGA, S.L.	200.403
R1-110	GRACIA UNZUETA HIDALGO E HIJOS, S.L.	217.242
R1-111	AURORA GINER REIG, S.L.	75.210
R1-112	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE ARDALES, S.L.	419.266

N.º rexistro	Empresa distribuidora	Euros
R1-113	ELECTRA SIERRA MAGINA, S.L. ....	432.503
R1-114	ELÉCTRICA HERMANOS CASTRO RODRÍGUEZ, S.L. ....	333.913
R1-115	HIDROELÉCTRICA VEGA, S.A. ....	1.677.080
R1-116	HIJO DE JORGE MARTÍN, S.A. ....	241.354
R1-117	JOSÉ RIPOLL ALBANELL, S.L. ....	285.971
R1-118	JOSEFA GIL COSTA, S.L. ....	32.111
R1-119	LEANDRO PÉREZ ALFONSO, S.L. ....	641.628
R1-120	SOCIEDAD DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE ELORRIO, S.A. ....	210.847
R1-121	SOCIEDAD ELÉCTRICA NTRA. SRA. DE LOS DESAMPARADOS, S. L. ....	1.029.933
R1-122	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE GAUCIN, S.L. ....	571.296
R1-123	ELECTRA ÁLVARO BENITO, S.L. ....	139.023
R1-124	ELÉCTRICA CAMPOSUR, S.L. ....	221.032
R1-125	ELÉCTRICA DE ERISTE, S.L. ....	107.012
R1-126	ELECTRICIDAD HIJATE, S.L. ....	198.142
R1-127	JUAN N. DÍAZ GALVEZ Y HERMANOS, S.L. ....	840.351
R1-128	ELÉCTRICA DE CHERA, S.C.V. ....	109.961
R1-129	HIDROELÉCTRICA GÓMEZ, S.L.U. ....	187.453
R1-130	HIDROELÉCTRICA DE ALARAZ, S.L. ....	150.471
R1-131	ISMAEL BIOSCA, S.L. ....	663.621
R1-132	ELÉCTRICA SAN SERVAN, S.L. ....	465.872
R1-133	HIDROELÉCTRICA EL CARMEN, S.L. ....	2.014.135
R1-134	ELECTRA LA LOMA, S.L. ....	536.678
R1-135	ELECTRA LA ROSA, S.L. ....	169.268
R1-136	ELÉCTRICA SAN GREGORIO, S.L. ....	101.115
R1-137	HEREDEROS DE GARCÍA BAZ, S.L. ....	110.584
R1-138	SIERRO DE ELECTRICIDAD, S.L. ....	52.979
R1-139	DISTRIBUIDORA DE ELECTRICIDAD MARTOS MARÍN, S.L. ....	236.601
R1-140	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA CARRIÓN, S.L. ....	424.182
R1-141	HELIODORA GÓMEZ, S.A. ....	207.787
R1-142	LUIS RANGEL Y HNOS, S.A. ....	651.028
R1-143	SERVILIANO GARCÍA, S.A. ....	1.305.760
R1-145	ELÉCTRICA DE CALLOSA DE SEGURA, S.V. L. ....	1.567.073
R1-146	JOSÉ FERRÉ SEGURA E HIJOS, S.R.L. ....	1.318.805
R1-147	ELECTRA JOSÉ ANTONIO MARTÍNEZ, S.L. ....	117.588
R1-148	ELECTRICIDAD PASTOR, S.L. ....	610.366
R1-149	HIJOS DE FELIPE GARCÍA ÁLVAREZ, S.L. ....	111.233
R1-150	COOPERATIVA ELÉCTRICA DE CASTELLAR, S.C.V. ....	574.103
R1-151	COOPERATIVA ELÉCTRICA BENÉFICA ALBATERENSE, COOP.V. ....	1.096.476
R1-152	ELÉCTRICA DE MELIANA, SOCIEDAD COOPERATIVA VALENCIANA ....	403.478
R1-153	COOPERATIVA POPULAR DE FLUIDO ELÉCTRICO DE CAMPRODON S.C.C.L. ....	308.361
R1-154	ELÉCTRICA ALGIMIA DE ALFARA, S.C.V. ....	131.547
R1-155	ELÉCTRICA DE VINALES, S.C.V. ....	332.957
R1-156	ELÉCTRICA DE DURRO, S.L.U. ....	53.518
R1-157	ELÉCTRICA DE GUADASUAR, SDAD. COOP. V. ....	1.031.171
R1-158	ELÉCTRICA DE SOT DE CHERA S.C.V. ....	121.637
R1-159	ELÉCTRICA NTRA. SRA. DE GRACIA, SDAD. COOP VALENCIANA ....	1.207.790
R1-160	ELECTRODISTRIBUIDORA DE FUERZA Y ALUB. CASABLANCA S.C.V. ....	176.124
R1-161	FLUIDO ELÉCTRICO DE MUSEROS, S. C. V. ....	275.695
R1-162	DELGICHI, S.L. ....	43.000
R1-163	DIELEC GUERRERO LORENTE, S.L. ....	82.470
R1-164	DISTRIBUCIÓN DE ELECTRICIDAD VALLE DE SANTA ANA, S.L. ....	110.066
R1-165	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA GRANJA DE TORREHERMOSA, S.L. ....	358.110

N.º rexistro	Empresa distribuidora	Euros
R1-166	ELÉCTRICA SANTA CLARA, S.L. ....	374.239
R1-167	EMPRESA ELÉCTRICA MARTÍN SILVA POZO, S.L. ....	505.544
R1-168	HIDROELÉCTRICA SAN BUENAVENTURA, S.L. ....	259.418
R1-169	HIDROELÉCTRICA SANTA TERESA, S.L. ....	62.957
R1-170	HIJOS DE CASIANO SÁNCHEZ, S.L. ....	58.296
R1-171	SOCIEDAD ELÉCTRICA JÉREZ DEL MARQUESADO S.A. ....	167.070
R1-172	SUMINISTROS ELÉCTRICOS DE AMIEVA, S.L. ....	106.697
R1-173	HIDROELÉCTRICA DOMÍNGUEZ, S.L. ....	60.541
R1-174	ELECTRA CONILENSE, S.L.U. ....	2.877.434
R1-175	DISTRIBUCIONES ELÉCTRICAS PORTILLO, S.L. ....	1.191.610
R1-176	ELÉCTRICA DE JAFRE, S.A. ....	707.273
R1-177	ELÉCTRICA LOS LAURELES, S.L. ....	301.935
R1-178	ELÉCTRICA SAN JOSÉ OBRERO, S.L. ....	166.609
R1-179	ARAGONESA DE ACTIVIDADES ENERGÉTICAS, S.A. ....	516.662
R1-180	C. MARCIAL CHACÓN E HIJOS, S.L. ....	1.600.333
R1-181	ELECTRICA MORO BENITO, S.L. ....	120.313
R1-182	FUENTES Y COMPAÑÍA, S.L. ....	943.476
R1-183	LA ELÉCTRICA DE VALL DE EBO, S.L. ....	50.574
R1-184	ANTOLINA RUIZ RUIZ, S.L.U. ....	31.199
R1-185	DISTRIBUCIÓN DE ENERGÍA ELÉCTRICA DEL NOROESTE, S.L. ....	44.391
R1-186	ELECTRA DE ZAS, S.L. ....	249.439
R1-187	HIDROELÉCTRICA DEL CABRERA, S.L. ....	255.342
R1-188	ELECTRICIDAD LA ASUNCION, S.L. ....	65.280
R1-190	SOCIEDAD ELÉCTRICA DE RIBERA DEL FRESNO, S.A. ....	371.562
R1-191	ALSET ELÉCTRICA, S.L. ....	981.202
R1-192	ELECTRO DISTRIBUIDORA CASTELLANO LEONESA, S.A. ....	195.079
R1-193	ELECTRA VALDIVIELSO, S.A. ....	67.526
R1-194	EMPRESA ELÉCTRICA DE SAN PEDRO, S.L. ....	685.831
R1-195	ELÉCTRICA ABENGIBRENSE DISTRIBUCIÓN, S.L. ....	172.841
R1-196	ELÉCTRICA DE LA SERRANÍA DE RONDA, S.L. ....	1.149.265
R1-197	EBROFANAS, S.L. ....	152.547
R1-198	ELÉCTRICA SAGRADO CORAZON DE JESÚS, S.L. ....	190.169
R1-199	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA MONESTERIO, S.L.U. ....	1.793.276
R1-200	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA BRAVO SAEZ, S.L. ....	255.063
R1-201	ELÉCTRICA NUESTRA SEÑORA DE LOS SANTOS, S.L. ....	658.471
R1-202	MOLINO VIEJO DE VILALLER, S.A. ....	109.849
R1-203	VARGAS Y COMPAÑÍA ELECTRO HARINERA SAN RAMÓN, S.A. ....	470.678
R1-204	ELECTRA DE SANTA COMBA, S.L. ....	1.584.391
R1-205	ICASA DISTRIBUCIÓN ENERGÍA, S.L. ....	36.591
R1-206	DISTRIBUCIONES ELÉCTRICAS DEL ERIA, S.L. ....	78.146
R1-207	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA ISABA, S.L.U. ....	94.636
R1-208	ENERFRÍAS, S.L. ....	138.175
R1-210	CENTRAL ELÉCTRICA SAN ANTONIO, S.L. ....	664.282
R1-211	ELECTRA CUNTIENSE, S.L. ....	535.382
R1-213	ELÉCTRICAS DE BENUZA, S.L. ....	214.370
R1-214	RODALEC, S.L. ....	136.964
R1-215	ELÉCTRICA DEL HUEBRA, S.L. ....	90.753
R1-216	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE NAVASFRÍAS S.L. ....	200.454
R1-217	ELÉCTRICA MESTANZA R.V., S.L. ....	87.242
R1-218	HIDROELÉCTRICA DE CATALUNYA, S.L. ....	1.206.485
R1-219	ELECTRA DE ABUSEJO, S.L. ....	1.090.544
R1-220	ELÉCTRICA DE CANTOÑA S.L. ....	88.967

N.º rexistro	Empresa distribuidora	Euros
R1-221	ELÉCTRICA GILENA, S.L.U. ....	375.624
R1-222	ENERGÍAS DE PANTICOSA S.L. ....	314.525
R1-223	HEREDEROS DE EMILIO GAMERO, S.L. ....	789.255
R1-224	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE MONTOLIU, S.L.U.. ....	87.422
R1-225	ELÉCTRICA BAÑESA, S.L. ....	76.700
R1-226	GLORIA MARISCAL, S.L. ....	116.377
R1-227	RUIZ DE LA TORRE, S.L. ....	1.051.154
R1-228	LUZ DE CELA, S.L. ....	130.032
R1-229	ELÉCTRICA SAN MARCOS, S.L. ....	48.835
R1-231	ELÉCTRICA CURÓS, S.L. ....	584.899
R1-232	ELECTRA VALDIZARBE, S.A. ....	1.207.382
R1-233	ELÉCTRICA LATORRE, S.L. ....	515.731
R1-234	ELÉCTRICA DE CASTRO CALDELAS, S.L. ....	206.467
R1-236	EL PROGRESO DEL PIRINEO- HEREDEROS DE FRANCISCO BOLLÓ QUELLA, S.L. . .	473.650
R1-237	MONTESLUZ DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA, S.L. ....	370.682
R1-238	EMILIO PADILLA E HIJOS, S.L. ....	127.172
R1-239	SALTOS DEL CABRERA, S.L. ....	281.653
R1-240	DISTRIBUCION ENERGIA ELÉCTRICA DE PARCENT, S.L. ....	173.967
R1-241	DISTRIBUIDORA DE ENERGIA ELÉCTRICA TORRECILLAS VIDAL, S.L. ....	156.938
R1-242	CENTRAL ELÉCTRICA INDUSTRIAL, S.L.U. ....	188.736
R1-243	HIDROELÉCTRICA EL CERRAJÓN, S.L. ....	114.032
R1-244	HIDROELÉCTRICA JOSÉ MATANZA GARCIA, S.L. ....	221.785
R1-245	DISTRIBUCIÓN Y ELÉCTRICA CARIDAD E ILDEFONSO, S.L. ....	131.189
R1-246	FELIPE BLÁZQUEZ, S.L. ....	196.181
R1-247	INPECUARIAS TORRECAMPO, S.L. ....	161.505
R1-248	E. SAAVEDRA, S.A. ....	365.241
R1-249	JUAN Y FRANCISCO ESTEVE MAS S.L. ....	68.710
R1-250	LUZ ELÉCTRICA LOS MOLARES S.L. ....	344.795
R1-251	SERVICIOS URBANOS DE CERLER, S.A. (SUCSA). ....	339.625
R1-252	HEREDEROS DE CARLOS OLTRA, S.L. ....	44.713
R1-253	COMPAÑÍA ELÉCTRICA DE FÉREZ, S.L. ....	368.697
R1-254	ELECTRA SALTEA, S.L. ....	536.489
R1-255	ELÉCTRICAS SANTA LEONOR S.L. ....	123.930
R1-256	EMDECORIA, S.L. ....	1.303.214
R1-257	HIJOS DE FRANCISCO ESCASO S.L. ....	1.232.773
R1-258	MILLARENSE DE ELECTRICIDAD, S.A.U. ....	125.393
R1-259	MUNICIPAL ELÉCTRICA VILORIA, S.L. ....	117.233
R1-260	ELECTRA LA HONORINA, S.L. ....	195.727
R1-261	ELECTRA SAN BARTOLOMÉ, S.L. ....	262.726
R1-262	ELÉCTRICA DEL GUADALFEO, S.L. ....	453.224
R1-264	ELÉCTRICA SANTA MARTA Y VILLALBA, S.L. ....	1.129.810
R1-265	HEREDEROS DE MARÍA ALONSO CALZADA. VENTA DE BAÑOS S.L. ....	85.763
R1-266	HIJOS DE MANUEL PERLES VICENS, S.L. ....	96.392
R1-267	ELÉCTRICA DE VER, S.L. ....	34.029
R1-268	ELECTRADISTRIBUCIÓN CENTELLES, S.L. ....	1.510.919
R1-269	MANUEL ROBRES CELADES, S.L.U. ....	55.293
R1-270	ELECTRA DEL FOXO, S.L. ....	345.344
R1-271	DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA DE ALCOLECHA, S.L. ....	34.599
R1-272	LUS ELÉCTRICA DE ALGAR, S.L.U. ....	459.992
R1-273	EMPRESA MUNICIPAL D'ENERGIA ELÉCTRICA TORRES DEL SEGRE, S.L. ....	405.430
R1-274	ELEC VALL DE BOI, S.L. ....	77.940
R1-275	ELÉCTRICA DE VALDRIZ, S.L. ....	171.376



N.º rexistro	Empresa distribuidora	Euros
R1-276	IGNALUZ JIMÉNEZ DE TORRES, S.L.	55.469
R1-277	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA NIEBLA, S.L.	522.666
R1-278	TOLARGI, S.L.	1.490.258
R1-279	ELÉCTRICA DEL MONTSEC SL	361.406
R1-281	ELECTRO SALLEN DE GALLEGO, S.L.	232.061
R1-282	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE CATOIRA, S.A.	206.197
R1-283	ELÉCTRICA DEL POZO S.COOP.MADRILEÑA.	393.373
R1-284	AFRODISIO PASCUAL ALONSO, S.L.	171.269
R1-285	ENERGÍAS DE BENASQUE, S.L.	777.229
R1-286	DISTRIBUCIONES ELÉCTRICAS DE POZUELO, S.A.	95.691
R1-287	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE CASAS DE LÁZARO, S.A.	192.221
R1-288	DISTRIBUCIONES ALNEGA, S.L.	58.997
R1-289	ELECTRO ESCARRILLA, S.L.	68.390
R1-290	ELÉCTRICA DE ALBERGUERÍA, S.A.	379.677
R1-291	EMPRESA ELÉCTRICA DE JORQUERA, S.L.	50.162
R1-292	ELECTRA LA MOLINA, S.L.	194.058
R1-293	HIDROELÉCTRICA COTO MINERO DISTRIBUCIÓN, S.L.U.	209.421
R1-294	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DEL PUERTO DE LA CRUZ, S.A.	6.947.457
R1-295	INDUSTRIAL BARCALESA, S.L.	343.065
R1-296	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA D'ALBATARREC, S.L.	281.242
R1-297	ELECTRA ORBAICETA, S.L.	38.258
R1-298	DISTRIBUIDORA DE ENERGÍA ELÉCTRICA ENERQUINTA SL	89.512
R1-300	ELÉCTRICAS DE VILLAHERMOSA S.A.	80.915
R1-301	ALARCÓN NAVARRO EMPRESA ELÉCTRICA, S.L.	314.878
R1-302	ARAMAIOKO ARGINDAR BANATZAILEA, S.A.	152.728
R1-304	HIDROFLAMICELL, S.L.	702.703
R1-305	SDAD. MUNICIPAL DE DISTRIB. ELÉCTRICA DE LLAVORSÍ S.L.	118.153
R1-306	HELIODORO CHAFER, S.L.	343.384
R1-307	CENTRAL ELÉCTRICA DE POZO LORENTE, S. L.	99.132
R1-309	PEDRO SÁNCHEZ IBÁÑEZ, S.L.	274.529
R1-310	AGRUPACIÓN DISTRIBUIDORA DE ESCUER S.L.	17.183
R1-312	ELECTRA EL VENDUL S.L.	34.781
R1-313	LEINTZARGI, S.L.	30.614
R1-314	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA DE PONTS S.L. (D.E.P. S.L.).	112.000
R1-317	ELÉCTRICA POPULAR, S.COOP.MAD.	322.641
R1-319	LA SINARQUENSE, S.L.U.	187.983
R1-320	SERVICIOS Y SUMINISTROS MUNICIPALES ARAS, S.L.U.	135.211
R1-323	FUERZAS ELÉCTRICAS DE BOGARRA S.A. (FOBOSA).	462.070
R1-325	EMPRESA MUNICIPAL DE DISTRIBUCIÓ D'ENERGIA ELÈCTRICA D'ALMENAR, S.L.U.	668.274
R1-326	ELECTRA TUDANCA, S.L.	69.353
R1-327	ELÉCTRICA ANTONIO MADRID SL	225.341
R1-328	INSTALACIONES ELÉCTRICAS RÍO ISÁBENA S.L.	550.805
R1-329	DISTRIBUCIONES ELÉCTRICAS TALAYUELAS, S.L.	253.034
R1-330	EMPRESA ELÉCTRICA DEL CABRIEL, S.L.	121.574
R1-335	SERVICIOS Y SUMINISTROS MUNICIPALES DE CHULILLA, S.L.	143.001
R1-336	CATENERIBAS S.L.U.	40.118
R1-337	SOCIETAT MUNICIPAL DE DISTRIBUCIÓ ELECTRICA DE TIRVIA, S.L.	29.361
R1-338	SUMINISTROS ELÉCTRICOS ISABENA, S.L.	131.330
R1-339	ELECTRA URDAZUBI S.L.	263.723
R1-340	ELÉCTRICA COSTUR, S.L.	78.675
R1-341	TALARN DISTRIBUCIÓ MUNICIPAL ELÉCTRICA S.L.	69.610
R1-342	ELÉCTRICA DE LÍJAR, S.L.	703.027

N.º rexistro	Empresa distribuidora	Euros
R1-343	ENERGÍAS DE LA VILLA DE CAMPO, S.L.U. ....	118.995
R1-344	GESTIÓN DEL SERVICIO ELÉCTRICO HECHO S.L. ....	184.063
R1-345	ALCONERA DE ELECTRICIDAD, S.L. ....	113.528
R1-346	ELÉCTRICAS TUEJAR, S.L. ....	251.740
R1-347	ELÉCTRICA SALAS DE PALLARS, S.L. ....	76.300
R1-348	ELECTRO-HARINERA BELSETANA, S. COOP. ....	25.526
R1-349	LA CONSTANCIA-ARÉN, S.L. ....	71.347
R1-350	DISTRIBUIDORA ELÉCTRICA VALLE DE ANSO S.L. ....	93.380
R1-351	ELÉCTRICA SUDANELL S.L. ....	140.194
R1-352	ELÉCTRICAS HIDROBESORA, S.L. ....	83.943
R1-353	ELÉCTRICAS COLLADO BLANCO, S.L. ....	168.651
R1-354	LLUM D'AIN, S.L. ....	45.962
R1-355	ELÉCTRICAS LA ENGUERINA, S.L. ....	237.624
R1-356	COOPERATIVA V.E.F.A. «SERRALLO» ....	39.153
R1-357	ELÉCTRICA DE MALCOCINADO S.L.U. ....	103.103
R1-358	ELÉCTRICAS DE VALLANCA, S.L. ....	52.369
R1-359	ELECTRO MANZANEDA, S.L. ....	136.598
R1-360	ELÉCTRICA MUNICIPAL DE SANTA COLOMA DE QUERALT S.L. ....	421.876
R1-361	DISTRIBUCIONES ELÉCTRICAS DE GISTAIN, S.L. ....	24.122
R1-362	ENERGÍAS DEL ZINQUETA, S.L. ....	61.701
R1-363	ELECTRA DEL LLOBREGAT ENERGÍA, S.L. ....	165.978
R1-364	SAMPOL ENERGÍA, S.L. ....	46.084
R1-365	ELECTRA REDENERGÍA, S.L. ....	631.825
	TOTAL .....	340.811.777